



INDICE - SUMARIO

Nº 161

Volume XXXIII

xaneiro - febreiro 2009

Guieiro	3
Estudos	
Do pasado ao futuro	
por Agustín Fernández Paz	5
O compromiso do cristián coa lingua	
por Andrés García Vilarriño	23
Achegas	
Remol. Unha proposta para orar e celebrar a fe na nosa terra	
por Santiago González Avión	31
O Concilio Pastoral de Galicia e o Galego	
por Pedro Castelao	39
Amencer, máis que unha revista escolar	
por Félix Villares Mouteira	45
Da linguaxe das mulleres e da linguaxe liberada	
por Tareixa Ledo Regal e Maite Cabanas	54
A declaración de dereitos humanos. 60 anos de boas intencións	
por Xosé Manuel Caamaño	65
E se Obama fose africano?	
por Mia Couto	78
Primeiro Foro social galego, estivemos alí	
por Lupe Ces Rioboo	82
In memoriam	
Euloxio Sanxil Beltrán	
por Xosé Antón Miguélez Díaz	84
Agustín Bueno. Lembranzas dun tempo	
por Antón Martínez Aneiros	87

Carta aberta	
Carta a Agustín Bueno	
por Maricha Tabernero Rey e Francisco Díaz-Fierros Viqueira	90
Crónicas	
Novos tempos para a democracia	
por Xosé Luís Barreiro Rivas	92
As excitantes achegas de Darwin	
por Xoán Bernárdez Vilar	100
O mísil de Belén	
por Rubén Aramburu Molet	107
Recensións	
Filosofía de la India. Del Veda al Vedānta	
por Pedro Castelao	116
Pasárselo bien	
por Marisa Vidal Collazo	118
Ilustracións	
por Soedade Pite	15, 71



Encrucillada comeza o ano 2009 ocupándose da lingua galega. E faino ofrecendo ao lector dous amplos estudos e catro achegas máis concentradas. A que se debe tal atención? A que nos parece que se trata dun tema de actualidade que merece unha reflexión fonda e repousada. Cousa tanto máis necesaria canto menos tempo nos separa da próxima cita electoral do 1 de marzo. En época de eleccións a lingua tamén é unha arma poderosa. O seu uso, o seu regulamento, o seu lugar no ensino, son todos eles temas que se debaten de xeito cotián en periódicos e radios. Mesmo non pode deixar de sorprenden o último ruxeruxe que se repite, con crecente insistencia, nos altofalantes dalgunha emisora: o castelán está sendo perseguido no noso país!

Faría graza se a cousa non fose ben seria. A clarificar esta problemática, cunha sinxeleza e unha lucidez dignas do maior encomio, contribúe o traballo de Agustín Fernández Paz. Non só se trata dun estudo serio e fondo dun gran coñecedor do tema, senón que aborda de xeito directo as polémicas máis actuais ao respecto: Imposición do galego? Asociación *Galicia Bilingüe*? Plan Xeral de Normalización Lingüística? Constitución e Estatuto de Autonomía? Manifesto pola lingua común? O futuro do galego? Pasen e vexan.

Da vertente eclesial da problemática da lingua ocúpase o estudo de Andrés García Vilariño. A súa perspectiva é agora máis persoal, vivencial, cáseque confesante. Trátase, xa que logo, dun estudo autocrítico, realista e honesto que conxuga a descrición analítica da realidade eclesial cun enxuízamento fraterno, mais enxuízamento, do divorcio maioritario que de feito se dá entre a Igrexa oficial e a nosa lingua. Tamén se apuntan experiencias minoritarias, pero verdadeiramente positivas.

E despois: as catro achegas. Quen isto asina ofrece unha sinxela escolma de textos do Concilio Pastoral de Galicia sobre o galego. Santiago González Avión descúbrenos o trasfondo de *Remol*, esa suxestiva iniciativa litúrxica que visita as nosas contas de correo electrónico agasallándonos con acertados comentarios ás lecturas e diversas ideas para as celebracións. Felix Villares Mouteira comparte con nós a xé-



nese, a historia e a actual permanencia de *Amencer*, revista do Seminario Menor de Mondoñedo-Ferrol que xa case está achegando ás “mil primaveras” de Cunqueiro. Tareixa Ledo Regal e Maite Cabanas comparten un mini-estudo no que, con seria fundamentación teórica, falan da linguaxe das mulleres, da liberación feminina e, tamén, da súa experiencia na *Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria*. E ata aquí o referido directamente á cuestión da lingua.

Pero hai máis. Cumpridos xa os corenta anos da Declaración dos Dereitos Humanos, Xosé Manuel Caamaño, expón os seus antecedentes e o seu contido nun estudo que nos recorda a permanente actualidade deste importante documento. O escritor mozambicano, Mia Couto, reflexiona nunha orixinal achega sobre a elección do novo presidente dos EEUU. Se Obama fose un presidente dun país africano, en lugar de selo de Norteamérica, as cousas haberían de ser ben outras. Coa ollada dilatada por esta perspectiva global aterramos novamente en Galicia ao ler a achega de Lupe Ces. Nela infórmase nos, coa paixón de quen participou nel, sobre o Foro Social Galego. As iniciativas altermundistas tamén agroman no noso país.

A morte de Agustín Bueno e de Euloxio Sanxil non podían non deixar pegada nas páxinas de *Encrucillada*. A lembrar a importancia do primeiro axúdanos o *In memoriam* de Antón Aneiros, xunto cunha carta de Díaz-Fierros. Xosé Antón Miguélez evoca a rica personalidade de Euloxio Sanxil nun escrito tan intenso como fermoso.

As obrigadas roldas de política, cultura e Igrexa completan o contido principal deste novo número, xunto coas recensións e as ilustracións de Soedade Pite, que acompañan, como sempre, momentos particulares de estudos e achegas.

Grazas pola confianza e a desfrutar do traballo compartido.

Pedro Castelao
Director



Do pasado e do futuro

Agustín Fernández Paz

UNHAS PRECISIÓNS INICIAIS

De verdade precisamos unha achega máis á situación social da lingua galega? Comprendo ben o escepticismo da persoa que comece a ler este texto, pois durante estes últimos anos foron moitos os traballos publicados, tanto xerais como sectoriais, arredor da realidade sociolingüística de Galicia, dos problemas que suscita e das vías emprendidas para solucionarlos¹. Neste sentido, o galego debe de ser unha das linguas máis radiografadas e analizadas.

E, non obstante, velaquí outra ollada sobre a lingua, necesariamente breve. Unha lingua cunha historia inzada de problemas e que, malia todos os atrancos (os históricos e os actuais), aínda segue a ser a empregada maioritariamente polas persoas que habitamos este país. Pretendo que sexa unha ollada distinta (e subxectiva, xaora, iso é inevitable), que fale do presente e tamén do que deron de si os anos transcorridos desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística en 1983. Deses vinte e cinco anos dos que son testemuña, pois a miña actividade como docente desenvolveuse ao longo de todo este período.

Como creo que a realidade sociolingüística da Galicia do 2009 é moi complexa, con facetas abertamente positivas e con outras que xulgo

¹ Entre outros, citarei como imprescindibles os seguintes:

AA. VV.: *Grial*, 179. Monográfico sobre *O idioma cara ao futuro. Lingua, sociedade e política*. Galaxia. Vigo, 2008.

Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais: *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I: Política lingüística: análise e perspectivas*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, 2002.

Xunta de Galicia: *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2005.

AA. VV.: *A normalización lingüística a debate*. Xerais. Vigo, 2002.

negativas, tentarei reflectir só algunhas desas múltiples facetas, coma se fosen pezas dun *puzzle* incompleto. Faltarán outras, xaora, pois unha análise completa precisaría de ben máis espazo. Aínda así, ensaio este xeito fragmentario coa confianza de que a unión destas poucas pezas permita albiscar a fotografía do conxunto e sexa unha achega axeitada do que ocorreu nestes últimos vinte e cinco anos, así como das liñas de futuro que se debuxan na actualidade.

A LINGUA DE TODAS

De todas as persoas, xaora. Pode parecer paradoxal referírmonos a este carácter colectivo da lingua, sobre todo se temos en conta que hai sectores da sociedade que a rexeitan, mais convén lembrar o evidente: a lingua que naceu hai máis de mil anos neste país non é propiedade de ningún grupo político ou social, senón que é de todas as persoas que vivimos e soñamos nel, nacésemos en Vilalba, como é o meu caso, na Coruña, en Vigo ou en calquera outro concello. Tamén é de todas as persoas que chegan a Galicia desde calquera lugar do mundo, empu-rradas case sempre polo desexo dunha vida mellor, e deciden quedar aquí. Finalmente, a lingua é así mesmo de tanta xente que deixou aquí as súas raíces e anda espallada polo mundo adiante, pois nós fomos –e aínda somos– un país de emigración. Unha emigración que agora, grazas á comunicación que propicia Internet, se sente parte dunha comunidade cultural unida por fíos invisibles.

Fíos Invisibles é, precisamente, o nome dun blog² extraordinario que leva Débora Campos desde Arxentina. Débora é descendente de galegos, profesora da Universidade de Bos Aires, e un bo expoñente desa comunidade espallada polo mundo que se sente unida cos que estamos aquí, pois comparte con nós unha lingua e unha cultura que veñen de moi atrás. E que teñen, convén lembralo ante tantos empeñados en prognosticarnos un futuro sombrío, un longo camiño de esperanza e de vida por diante.

² www.fiosinvisibles.blogspot.com

A ecoloxía das linguas é un texto brillantísimo³ que Manuel Rivas leu en Barcelona no 2006, na inauguración da Casa de les Llingües. Nel dicía que “Entrado o século XXI, hai dous eixos nos que basear a civilización: o cultivo dos dereitos humanos e o da bio-diversidade no mapa da natureza e das culturas. Estes dous cultivos están entrenzados e son hoxe a primeira proba de civilización, de calidade democrática”. Palabras de futuro, pois a esperanza dunha sociedade máis libre, democrática e plural está asentada firmemente en moitas persoas. E máis en Europa, unha Europa que, xa se ten dito moitas veces, abraza e fai súa a riqueza plurilingüe.

Convén ter presente a historia desta nosa lingua, que é tamén a dos seus falantes, porque nela están as raíces de moitos dos problemas aos que nos enfrontamos hoxe. Velaí o paradoxo de que o galego fose durante centos de anos a lingua absolutamente maioritaria deste país e, ao tempo, estivese rebaixada, desprezada, prohibida nos usos sociais prestixiados, estigmatizada como lingua de pobres e de incultos. O herdo de todo iso aínda pesa sobre nós neste século XXI. É, por exemplo, o que explica os prexuízos existentes arredor do galego (rural, atrasado, pailán, inútil...), a verdadeira nai do año de moitos dos nosos problemas.

Os avatares da historia fixeron que a lingua propia de Galicia fose considerada “estranxeira na súa patria”, por usar a frase de Rosalía de Castro, unha muller que se rebelou contra a marxinação que sufrían as mulleres, as “viúvas de vivos e mortos”, e se rebelou tamén contra o muro invisible que coutaba e marxinaba a lingua que falaba a xente do pobo. Rosalía, e todas as persoas que viñeron tras dela na reivindicación da lingua e da cultura deste país son o ADN no que nos debemos reconecer. Un ADN que ten algúns tramos da dobre hélice especialmente brillantes, coma o da Xeración Nós, o fermento das ideas que hoxe tantas persoas seguimos a facer nosas: Galicia, célula de universalidade. Porque eles son os que dixeron, cando aínda non se podía nin soñar na Rede mundial que hoxe nos enlaza, que o porvir da nosa lin-

³ <http://vello.vieiros.com/gterra/nova.php?Ed=14&id=52334>

gua e da nosa cultura estaba na vontade de facermos de Galicia unha peza máis no mosaico mundial das culturas, nun constante exercicio de recoñecemento e diálogo.

LINGUA E SOCIEDADE

En Galicia fálanse dúas linguas. Trátase, como tantos outros do mundo, dun país con dúas linguas en contacto. As dúas teñen carácter oficial desde a aprobación da Constitución (1978) e o Estatuto de Autonomía (1981), mais a historia é a dimensión social de cada unha delas son moi diferentes.

O galego é a lingua propia de Galicia, a que nace a partir do latín falado na Gallaecia romana. A que coñeceu a época de esplendor da lírica medieval, a que posteriormente foi quedando reservada aos usos orais, dado que, por motivos políticos, quedoulle vedado (ou moi restrinxido) o seu acceso á dimensión escrita. A que ignoraron durante séculos os poderes políticos, educativos, administrativos e relixiosos. A que tamén reprimiron de diversos xeitos, unha represión agudizada nos corenta anos da ditadura de Franco. A que ata hai tres décadas non puido ter presenza nas aulas. A lingua que, xeración tras xeración, seguiu a utilizar a case totalidade dos seus habitantes. A que aínda hoxe fala habitualmente unha maioría (aínda que este emprego varíe en función, sobre todo, da idade e dos ámbitos sociais). É oficial só desde 1981, data que marca o final dunha marxinación lingüística e cultural que se estendeu durante máis de catrocentos anos. Unha marxinación extensa e teimuda, que explica unha gran parte dos problemas sociais que o galego ten na actualidade.

Cunha historia tan dura, resultan case milagrosos os datos que as enquisas nos amosan sobre a competencia comunicativa da poboación verbo da lingua galega. Segundo os datos máis recentes dos que dispoñemos, os do Instituto Galego de Estatística correspondentes ao ano 2003⁴, un 97,3% da poboación declara entender o galego; é dicir, en

⁴ Instituto Galego de Estatística: *Enquisa da condición de vida das familias: coñecemento e uso do galego. Ano 2003*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2004.

Galicia non existe o problema de que unha persoa fale en galego e non sexa comprendida polas outras. Un 90,1% declara saber falalo, do que un 44,4% afirma utilízalo sempre e un 19%, maioritariamente. As porcentaxes baixan na lectoescritura: un 85,3% afirma que o pode ler e un 49,8% que o pode escribir. Son lóxicas estas porcentaxes máis baixas, se reparamos en que unha parte da poboación adulta nunca foi alfabetizada en galego, por estar proscrito no ámbito escolar ata a década dos oitenta (un ámbito que ata hai ben pouco tivo obxectivos desgaleguizadores explícitos: “niño, te voy a lavar la boca con jabón”).

Estas porcentaxes, referidas ao conxunto da poboación, varían de modo ostensible se se analizan por idades: conforme se baixa na idade, as porcentaxes de uso do galego diminúen. O contorno, segundo sexa rural ou urbano, tamén condiciona de modo claro a utilización (menor en ámbitos urbanos, maior nos rurais).

Calquera observador reparará axiña en que os datos sobre a competencia e o emprego da lingua non son suficientes para explicar o uso social que se fai dela, variable en función dun complexo conxunto de factores. Para entender o seu uso público, ben máis escaso do que sinalan as porcentaxes, debemos analizar o que quizais sexa o fenómeno máis relevante: a invisibilidade social da lingua galega.

A lingua na que estou a escribir enténdea a práctica totalidade da poboación e é a habitual dunha maioría, mais ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e mesmo parece estar proscrita en certos ámbitos e funcións. O galego é, en certo sentido, unha lingua oculta. Esta invisibilidade social da lingua (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por todo o territorio de Galicia, aínda que acada proporcións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos. En Vigo ou na Coruña, se nos puxesen diante un plano da cidade poderíamos trazar sobre el unha liña invisible que delimita a zona onde falar galego se vive como unha transgresión social, a fronteira que sinala o espazo onde máis domina esa invisibilidade imposta (hoxe rota parcialmente, qué paradoxo, polo emprego dos teléfonos móbiles). A causa? Uns prexuízos e unhas actitudes negativas que asentan as súas raíces na

interiorización do esquema diglósico e que, como unhas “leis invisibles”, seguen orientando os comportamentos lingüísticos da maior parte da poboación.

Algúns deles afectan ao conxunto da sociedade (a norma de cambiar de lingua cando o interlocutor fala en castelán, cando ao revés non ocorre; a asociación do galego co atraso e a pobreza; a idea de que é unha lingua que non ten ningunha utilidade práctica; a identificación entre o uso do galego e determinadas opcións políticas; a crenza de que a súa utilización é un síntoma de localismo, etc.) e outros inscríbense no ámbito do ensino (a crenza de que a introdución do galego nas aulas é a responsable do fracaso escolar; o temor a que o uso do galego impida a aprendizaxe doutras linguas; etc.).

O exemplo máis rechamante da ocultación dáse nos medios de comunicación escritos, o espello onde nos miramos a diario, nos que, na maioría dos casos, a invisibilidade do galego é clamorosa, mesmo reproducindo en castelán a intensa actividade pública que se desenvolve en galego. Os lectores deberan indignarse ante esa imaxe distorsionada; se non o fan é porque quizais xa nin reparan no feito, acostumados como están a que a maior parte dos xornais permanezan alleos á lingua e a cultura propias do país.

Esta presión sobre o idioma xa ten dado os seus froitos, pois obsérvase, sobre todo nas cidades, unha tendencia á diminución do número de persoas galego falantes, moito máis acusada na infancia e na adolescencia. Velaí o ámbito familiar, onde unha significativa porcentaxe de pais e nais que teñen o galego como lingua habitual non o empregan para falaren cos seus fillos, movidos pola crenza de que estes terán máis oportunidades de progresar socialmente se se desenvolven en castelán, e descoñecedoras de que o doado é precisamente a adquisición da competencia bilingüe. Ou velaí os pais que o intentan, pero que, coma novos Sísifos, teñen que loitar cada día contra un ámbito social que ve como “raro” e “anormal” que un neno se exprese en galego.

Nisto tamén leva botado unha boa man o sistema educativo, un dos ámbitos onde se traballa pola normalización ou polo abandono da lingua, segundo as forzas que predominen. Non entrarei agora a fondo

nese tema, tan analizado xa⁵, mais si darei algunhas breves pinceladas: Un sector do profesorado que ignora a lingua ou é belixerante contra o seu uso. Unhas leis lingüísticas que propoñen uns obxectivos acertados (lembremos: conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais), mais que se incumpren nunha significativa porcentaxe de centros. Uns ataques externos que falan de “la imposición del gallego” cando, no noso ordenamento legal, de falarmos de imposicións, a única relevante é a do artigo 3 da Constitución, que sinala o deber de coñecer o castelán. Non é estraño que o presidente Pérez Touriño declarase que “as políticas para o galego no ensino foran un fracaso insólito”⁶.

O MARCO LEGISLATIVO

Xa dixemos que a lingua galega non tivo carácter oficial ata o remate da ditadura de Franco. O marco legal aséntase nos dous textos fundacionais da etapa democrática que estamos a vivir: a Constitución e o Estatuto de Autonomía. As referencias á lingua son breves nos dous textos e fixan as liñas que rexerían a lexislación posterior⁷.

O desenvolvemento destas liñas, no caso galego, fíxose no que, aínda hoxe segue a ser o texto central da lexislación referida ao galego: a Lei de Normalización Lingüística (LNL), aprobada polo Parlamento Galego en 1983. Esta lei é de obrigada lectura⁸ para calquera persoa interesada e “debe ser examinada no seu contexto histórico para apreciar o alto valor simbólico e político da súa aprobación”⁹. A LNL contén un substancioso preámbulo e desenvólvese logo en seis capítulos (1. Dos dereitos lingüísticos de Galicia / 2. Do uso oficial do galego / 3. Do uso

⁵ Como tal, véxase: Fernández Paz, A.; Lorenzo Suárez, A.M.; Ramallo, F.: *A planificación lingüística nos centros educativos*. SXPL-Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2007.

⁶ <http://www.vieiros.com>; 14-5-2007

⁷ Para unha descrición e análise polo miúdo dos dous textos, véxase: AA. VV.: *Estatuto xurídico da lingua galega*. Xerais. Vigo, 2005.

⁸ <http://www.galego.org/lexislacion/xbasica/lei3-83.html>

⁹ Ob. cit., páx. 55

do galego no ensino / 4. Do uso do galego nos medios de comunicación / 5. Do galego exterior / 6. Da Administración Autonómica e a función normalizadora) que, polos seus enunciados, nos permiten adiviñar cales son os ámbitos que se abordan nela.

Houbo que agardar ata 1988 para que se elaborasen dúas leis máis: a Lei da Función Pública de Galicia e a Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais. Se a estas dúas lles engadimos a Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias, aprobada en 1992 polos estados membros do Consello de Europa e ratificada polo Estado español no 2000, teremos a nómina das leis referidas ao galego. Houbo, xaora, sucesivos decretos que as desenvolveron, sobre todo nos ámbitos do ensino e da Administración. Mais, como sinalan os autores do *Estatuto xurídico da lingua galega*¹⁰:

“En Galicia, os escasos avances experimentados son a consecuencia evidente do desinterese por realizar ese labor de desenvolvemento normativo que precisaba a Lei de Normalización Lingüística. Se exceptuamos o ámbito do ensino e a toponimia, e máis relativamente o da función pública, as normas con contido lingüístico son anecdóticas. E aínda neses ámbitos evidénciase a ausencia dunha verdadeira planificación lingüística que, progresivamente, vaia fixando obxectivos de mellora e avaliando os resultados”.

As causas desta escaseza lexislativa explícaa moi ben Anxo Lorenzo nun artigo imprescindible¹¹:

(...) “O goberno da Xunta de Galicia perseguiu en todo momento a finalidade de non xerar ningún tipo de conflictividade social por cuestións lingüísticas. Enfocouse a promoción do galego como un asunto individual e non colectivo, e como un asunto de convencemento e persuasión. (...) Foi, en definitiva, unha política lingüística

¹⁰ Ob. cit., pp. 56-57

¹¹ Lorenzo Suárez, Anxo: *Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego. Cadernos de Lingua*, 27. Real Academia Galega. A Coruña, 2005.

reactiva e pouco práctica, unha actuación á defensiva ou, utilizando un símil deportivo, *ao ralenti*".

Comezado o século XXI, a evidencia de que as cousas non marchaban ben e o devalo social da lingua comezaba a resultar rechamante levou a que, durante o último goberno do PP, se impulsase a elaboración do que logo se chamaría o Plan Xeral de Normalización da Lingua (PXNL). Foi elaborado por un amplo número de representantes dos diferentes ámbitos profesionais e, tras a discusión e revisión por parte das forzas políticas, aprobado por unanimidade do Parlamento Galego en setembro do 2004.

Este Plan Xeral, que me parece de lectura obrigada¹², ten un interesante estudo introdutorio que, malia recoñecer os puntos febles da situación social do galego, propón liñas de futuro que invitan ao optimismo. O PXNL propiamente dito estruturase en sete apartados (1. Administración / 2. Educación, familia e mocidade / 3. Medios de comunicación e industrias culturais / 4. Economía / 5. Sanidade / 6. Sociedade / 7. Proxección exterior da lingua). En cada un deles analízanse os puntos fortes e débiles para, partindo desa radiografía, propoñer despois os obxectivos e un amplo conxunto de medidas que se considera necesario levar á práctica. Vén sendo, en realidade, unha moi completa folla de ruta para as actuacións que os Gobernos autonómicos deben levar a cabo nesta primeira xeira do século XXI.

O PXNL, como xa dixen, foi promovido polo goberno do PP e aprobado durante o seu último mandato. Correspondeulle ao goberno saído das eleccións do 2005, o formado polo PsdeG e o BNG, iniciar o seu desenvolvemento. Os pasos que se deron foron tímidos e escasos. O de maior relevancia, ademais da creación das galescolas, foi a posta en marcha do novo decreto para o ensino non universitario, elaborado seguindo as pautas do Plan, que motivou o ataque case inmediato dos sectores opostos á normalización social do galego. Isto serviu tamén para comprobar como o PP, o mesmo partido que promovera o PXNL, opoñíase

¹² Xunta de Galicia: *Plan Xeral de Normalización da Lingua*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2005.

agora á súa posta en práctica, nun evidente cambio de postura que se está a intensificar nos últimos meses. Marcos Valcárcel, no seu blog *As uvas na solaina*¹³ resumía de xeito magnífico esta cuestión:


“En Galicia chegouse a un pacto razoable, hai poucos anos, plasmado no Plan Xeral de Normalización da Lingua aprobado polo Parlamento. Cando ese plan comeza a levarse a cabo con iniciativas como as galescolas e outras, un sector político do país recúa e ponse á contra. Saben que terán ó seu favor moitas voces ultraconservadoras, sobre todo nas portadas dalgúns xornais de Madrid. Pero non explicaron aínda por qué non serve agora o que si se vía como válido, cando menos no papel, en tempos do goberno Fraga”.

E nesas estamos. De termos que facer unha avaliación sintética da política lingüística desenvolvida ao longo dos vinte e cinco anos que van da LNL ata hoxe, sinalariamos estas características (máis intensas durante os gobernos de Fraga Iribarne, máis matizadas co goberno actual):

- a) apoucada no desenvolvemento lexislativo da Lei de Normalización.
- b) desleixada ou cómplice no incumprimento da lexislación.
- c) incapaz de favorecer a planificación lingüística necesaria para conseguir os obxectivos marcados.
- d) pasiva (ou mesmo negativa) na función de liderado do proceso.
- e) excesivamente cautelosa ante os hipotéticos avances do galego.

Unha avaliación insuficiente, xa que logo. Seguiremos a agardar por unha planificación lingüística que poña remedio aos feitos máis preocupantes, como poden ser a ruptura da cadea interxeracional, que é a transmisión básica da lingua, ou a significativa diminución da porcentaxe de poboación que ten o galego como lingua inicial, por citar dous dos principais.

¹³ *A escola desgaleguiza. As uvas na solaina* (www.asuvasnasolaina.blogspot.com), 24-9-2007



LA IMPOSICIÓN DEL GALLEGO

– Cando eu emprego unha palabra –dixo Humpty Dumpty co mesmo ton despectivo, esa palabra significa exactamente o que eu quero que signifique, nin máis nin menos.

– A cuestión é saber –dixo Alicia–se se pode facer que as palabras signifiquen tantas cousas diferentes.

– A cuestión –respondeu Humpty Dumpty–é saber quen é o que manda... e punto!

(Lewis Carroll: *Alicia do outro lado do espello*)

Ten moita razón o vello Carroll: o importante é saber quen manda, porque de nada vale a existencia de normas legais se non hai vontade de trasladalas á práctica. Disto sabemos moito no sistema educativo, e penso que tamén noutros sectores da sociedade, pois ás veces dá a sensación de que hai leis para cumprir e leis para adornar, ás que non se lles precisa facer moito caso: as referidas á lingua serían o paradigma desta concepción ornamental.

E ocorre que, cando se producen intentos, por moi tímidos que sexan, de levalas á práctica, xorden alporizadas reaccións en contra por parte de sectores minoritarios, pero de poderosa influencia mediática. Desde hai dous ou tres anos, non hai día en que nos xornais non aparecen noticias ou comentarios sobre a lingua, a maioría para falar de hipotéticas “imposicións” do galego no ensino ou na Administración, e mesmo da suposta “discriminación” á que se verían sometidas as persoas castelán falantes na Galicia de hoxe.

Isto non se debe a que a realidade sexa sensiblemente diferente á de anos anteriores, senón a outras razóns. Entre elas, a belixerancia dun nacionalismo centralista nostálgico da uniformidade, que ten no *Manifiesto por la lengua común*¹⁴ (2008) a súa concreción máis evidente; as mudanzas políticas producidas tras os dezaseis anos de gobernos do presidente Fraga Iribarne; e, sobre todo, a aparición dun conxunto de movementos sociais e políticos (desde Galicia Bilingüe ata UPyD, o

¹⁴ <http://www.libertaddigital.com/sociedad/manifiesto-por-la-lengua-comun/>

partido liderado por Rosa Díez, pasando por un significativo sector do PP) que propugnan abertamente un estatus subordinado para o galego, cando non a súa marxinação social.

Que o galego sufra ataques deste tipo non é unha novidade, sempre estiveron aí. O que resulta novidoso é unha parte da argumentación empregada desta xeira, como a que denuncia unha pretendida marxinação do castelán e da cidadanía que o ten como lingua habitual, que, segundo esas teses, estaría a ser discriminada e sufriría “la imposición del gallego”.

Darían risa estas afirmacións se non fose polos serios ataques que encerran, pois chega con ollar a realidade para decatarse da súa falsidade. En Galicia, coma no resto de España, todas as persoas posuímos unha boa competencia en castelán, tanto as que o teñen como lingua de instalación como as que o temos como segunda lingua. O problema é o contrario, e afecta ás persoas que temos o galego como lingua habitual. Vivir en galego a diario convértese moitas veces nun exercicio case heroico, dadas as dificultades e atrancos que se derivan da situación sociolingüística. Ademais, a desigualdade xurídica –todas as persoas temos o deber de coñecer o castelán (Constitución Española) e o dereito de usalo; todas as persoas temos só o dereito de usar o galego (Estatuto de Autonomía)– fai que, en calquera momento, unha persoa poida alegar que non entende o galego e coutar a súa utilización por parte do interlocutor.

A estratexia destes grupos responde ao que Josep Ramoneda escribía hai pouco nun artigo¹⁵ onde daba conta da aparición do libro de Sheldon S. Wolin, *Democracia S.A. La democracia dirigida y el fantasma del totalitarismo invertido*: “O obxectivo é impoñer unha determinada idea da realidade, establecer como verdadeiro o que de feito non o é. Por iso a mentira se fai dona do escenario. No fondo, mentir é a expresión dunha vontade de poder. O meu poder aumenta se unha descrición do mundo que é produto da miña vontade é aceptada como real.” Palabras que ben se lle poden aplicar ao discurso reiterado que este abano

¹⁵ *Democracia amenazada*. Xornal *El País*, 10-1-2009.

de voces están tentando impoñer nestes tres últimos anos. Con certo éxito, todo hai que dicilo, pois, a forza de repetilo unha e outra vez, xa conseguiron que un sector da cidadanía¹⁶ acredite na pretendida “imposición del gallego”.

Malia ter a Constitución xa trinta anos e malia a realidade autonómica consolidada en España nesta etapa, o certo é que a visión que segue a existir nunha parte da poboación que vive en comunidades monolingües e tamén, sobre todo pola influencia dos medios de comunicación que teñen a súa cabeceira en Madrid, en significativos sectores da sociedade galega, é a mesma ca no franquismo: “un Estado, una lengua”. Unha visión que tolera a existencia das linguas “regionales” sempre que se manteñan nun estatus subordinado, limitadas a cuestións culturais, folclóricas ou informais.

Dado que o Tribunal Constitucional vén avalando favorablemente a maioría das medidas de política lingüística que se desenvolveron nestes trinta anos, desde as organizacións segregacionistas demándase unha reforma da Constitución que permita desfacer o camiño andado. E como pedir a desaparición social das linguas diferentes do castelán (ou a súa reclusión en guetos sociais) non é politicamente correcto, os partidarios desa desaparición utilizan sen rubor todo tipo de eufemismos para enmascarar o seu programa: a subordinación social do galego, con radicais medidas segregacionistas no ámbito escolar.

Ante isto, só cabe reiterar unha realidade evidente: a lingua galega, a propia deste país, ten carácter oficial en Galicia e é a lingua de instalación dunha ampla porcentaxe da cidadanía. Se non se quere que haxa cidadáns de primeira e de segunda, teñen que crearse as condicións para que se poida vivir en galego coa mesma normalidade que o pode facer unha persoa castelán falante.

Para iso, entre outras moitas medidas, é imprescindible que a poboación sexa competente nas dúas lingua oficiais, para que logo cadaquén poida decidir libremente se usa unha ou outra nos diferentes ámbitos e situacións. É dicir, a dobre competencia é imprescindible

¹⁶ Un 11%, segundo a enquisa publicada por *Xornal de Galicia*, 22-1-2009.

para garantir a liberdade lingüística. Unha dobre competencia que xa cumprimos todos os cidadáns que temos como lingua de instalación o galego. Pois non se debe esquecer que a oposición entre castelán falantes e galego falantes é, en boa medida, unha falsidade. En todo caso, a oposición será entre os que temos competencia bilingüe e os que se encastelan no mantemento da competencia monolingüe vivindo nun país con dúas linguas oficiais.

Desta evidencia nace a necesidade de actuacións que creen as condicións axeitadas para a convivencia lingüística. Por exemplo, as referidas ao ámbito educativo, motivo principal de agravio para Galicia Bilingüe ou para a actual dirección do PP, teñen como obxectivo conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar. O que se pretende é sumar, como moi ben expresa un recente documento de Universidade de Vigo: *Europa é plurilingüe. Quen sabe galego, sabe máis. + linguas = + coñecemento + cultura + civilización + liberdade*¹⁷.

Para acadar ese obxectivo é preciso deseñar unha planificación lingüística que garanta a súa consecución, que pasa pola utilización maioritaria como vehicular da lingua máis desfavorecida socialmente. Cómpre lembrar que o propio Tribunal Constitucional avalou como lexítimo “un trato desigual, que non discriminatorio, para as dúas linguas oficiais en función do carácter propio dunha delas que fai preciso unha acción normalizadora que debe, necesariamente, implicar accións de apoio singularizado”¹⁸. E isto, en vez de ir contra a liberdade lingüística, é, precisamente, unha actuación imprescindible para garantir esa liberdade. Como non lembrar aquí as palabras do ex-presidente Lyndon B. Jhonsson para defender as leis antisegregacionistas?: “Pensem nun home que permanece encadeado durante moitos anos. Liberámolo e conducímolo á saída dunha carreira dicíndolle: es libre de participar cos outros. Podemos considerar que estamos sendo perfectamente equitativos?”.

¹⁷ <http://webs.uvigo.es/plurilinguismo/>

¹⁸ AA. VV.: *Estatuto xurídico da lingua galega*. Xerais. Vigo, 2005.

Por iso é amargo oír falar de “imposición” ante o que non é máis que unha aspiración de igualdade. Para que non haxa cidadáns de primeira e de segunda en función da lingua que falen, son precisas as políticas lingüísticas que tenten corrixir as desigualdades existentes e garantan o dereito constitucional a empregar con normalidade a lingua habitual (sexa o galego ou o castelán) en calquera ámbito da vida diaria. E para isto, malia recoñecermos o camiño andado, queda aínda un bo treito por percorrer.

EPPUR SI MUOVE!

“A substitución dunha lingua non é un proceso evolutivo natural. Alí onde a xente está determinada a manter viva unha lingua, parece imposible destruíla”.

Colin Baker: *Fundamentos de educación bilingüe y bilingüismo*

Xa expliquei ao comezo que só abordaría unhas poucas das múltiples facetas da situación real da lingua nesta Galicia do 2009. Se cadra, ao elixir as máis ligadas ás actuacións gobernamentais e políticas, pode dar a sensación de que o panorama de conxunto é sombrío, e que teñen razón as persoas que nos anuncian o inevitable devalo do galego. O profesor Alonso Montero, en declaracións recentes¹⁹, afirmaba: “Hai moito tempo que a sociedade galega ditou a sentenza de morte para o galego porque non hai un compromiso coa lingua.” Eu prefiro achegar outra ollada complementaria: posiblemente unha boa parte dos poderes económicos, mediáticos e políticos ditaron hai tempo esa sentenza, mais é innegable que sempre houbo tamén un sector minoritario deses poderes que se situou a prol da lingua e a cultura de noso, e teño a impresión de que non fará máis que medrar no futuro.

Ao longo destes anos, un sector significativo da sociedade civil non deixou nunca de moverse en favor da lingua, en todos os sectores. Vénme á cabeza a vitalidade dos movementos sociais dentro do ensino (desde Nova Escola Galega e a AS-PG ata os múltiples grupos de base,

¹⁹ *La Voz de Galicia*, 19-1-2009.

nos centros e nas comarcas). Se houbo avances significativos na educación, malia o contexto hostil, débese en boa parte ás enormes doses de vontade e ilusión que estes movementos achegaron. E, en maior ou menor medida, isto vén ocorrendo nos outros sectores da sociedade (coma tal, a Mesa pola Normalización Lingüística).

Non podemos obviar os graves problemas aos que hoxe se enfrenta a lingua (a parcial ruptura da transmisión familiar; a oposición ou desinterese dunha parte dos poderes fácticos; a persistencia dos prexuízos; a actitude dun sector dos medios de comunicación...), mais debemos ollar tamén as facetas que invitan ao optimismo.

Neste cuarto de século, o galego conquistou ámbitos e funcións que antes lle estaban vedados. E non me refiro só ao mundo da Administración e o do ensino, nin ao papel decisivo que xogan a Radio Galega e a Televisión de Galicia, senón tamén á práctica de empresas punteiras como R, á apreciable fortaleza das industrias culturais ou á presenza significativa en case todos os ámbitos profesionais. O que para min é o paradigma da vitalidade actual do galego é a súa presenza na Rede. En canto apareceu unha vía como Internet, non controlada polos poderes económicos e mediáticos, a explosión da lingua foi espectacular. De súpeto, o intenso traballo de base que ninguén nos mostraba despregou na Rede o abano amplísimo co que hoxe contamos. Xornais electrónicos, redes sociais, webs de todo tipo, blogs... O mundo dos blogs, especialmente, é hoxe unha canle de información e opinión imprescindible, que nos ofrece unha visión plural de Galicia e do mundo, sen os ríxidos e interesados xustillos dos medios de comunicación tradicionais. *Eppur si muove!* Xaora que si!

Este panorama pode verse moi reforzado se na futura reforma do Estatuto se aproba o deber de coñecer o galego, de xeito que se igualem dereitos e deberes verbo das dúas linguas oficiais. Ao tempo, deberanse desenvolver nos anos vindeiros as medidas deseñadas no PXNL, que son imprescindibles. Sono porque un ambiente favorable ao emprego do galego non se produce espontaneamente, cando menos nas actuais circunstancias. Do mesmo xeito que unha planta precisa dunhas condicións ambientais determinadas para desenvolverse, tamén así unha

lingua que se encontre nunha situación minorizada, como lle ocorre ao galego. Por iso hai que adoptar as medidas precisas para potenciar a creación dese “nicho ecolóxico” favorable á lingua. Unhas medidas nas que nunca deben faltar dúas constantes: o exemplo práctico de que o galego se pode usar para calquera función e a vontade de crear actitudes positivas cara á lingua.

Porque, como se ten dito tantas veces, a nosa sociedade aínda está moi asentada nas súas raíces. Chegaría con temperar as forzas negativas (políticas, económicos, mediáticas) que reforzan día a día o actual estado das cousas. Con amosarlle á sociedade o seu rostro verdadeiro, tan múltiple e tan rico, e descubrir todas as potencialidades que ten. Semella unha utopía, mais non o é. E, aínda que o fose, sabemos ben que as utopías hai que soñalas antes se queremos que algún día cheguen a facerse realidade.

Agustín Fernández Paz
Mestre, pedagogo e escritor



O compromiso do cristián coa lingua

Andrés García Vilarriño

Pídeseme unha reflexión sobre o estado actual do compromiso da Igrexa galega coa cultura e especialmente coa lingua do país. Este compromiso mídesse sintomaticamente polo emprego do galego na liturxia sobre todo e tamén nos documentos e publicacións institucionais.

O que aquí escribo é a miña posición persoal ante este asunto. Non represento a ninguén nin son voceiro de institución algunha. Teño a representatividade que o lector me queira conceder. Non obstante asumo que o simple feito de ser crego e cunha presenza frecuente nos medios de comunicación me reviste de connotacións eclesiais claramente institucionais. Pero quero salientar expresamente que non me sitúo ante o compromiso da Igrexa como tal, senón do meu. E fágoo así polas razóns que xa se verán.

Tentarei explicarme a min mesmo como crente, cristián, crego e cidadán desta terra nesta revista que –sabémolo todos– naceu, creceu e vive explicitamente para compartir cos lectores o pensamento cristián desde un resolto compromiso coa cultura galega e, así, estimular e mover aos crentes cristiáns e mesmo á Igrexa cara a este compromiso.

Explicar a posición persoal sobre estes e outros temas sempre obriga a facer unha paradiña. Cales son os criterios que moven a vida dun e, polo tanto, derivan en determinados comportamentos respecto da lingua, da cultura, etc? Dalgunha maneira responder a isto forma parte do que é dar razón da miña fe e da miña esperanza. Cando falamos de fe e de esperanza inevitablemente lembramos aquel versículo neotestamentario que nos require:

... Para os vossos adentros adorade a Cristo como Señor, e estade sempre dispostos a responder a todo aquel que vos pida razón da esperanza que levades dentro. (1Pe 3, 15).

Entramos, logo, en materia.

AS CLAVES DE FONDO

Para resumir e simplificar, aínda que son conceptos distintos, empezarei por dicir que na miña experiencia vital o concepto de cristián engloba o de crente e desde hai máis de trinta anos ser crego é a miña maneira persoal de ser cristián.

As claves desde onde comprendo a miña fe son estas:

- a) Unha relación persoal con Cristo resucitado, absolutamente fiel polo que a El toca. Moito máis relativa aínda que tamén conscientemente fiel no que a min respecta. Esta relación eríxeme en fillo de Deus –vívoa así– e en morada ou templo humano da súa presenza e do seu amor.
- b) Vivo a percepción, que non é sensible, pero que teño constatado vitalmente, de que Deus está presente en cada un dos seres humanos, tamén nos que o ignoran ou negan ou renegan. Convicción, logo, de que a vida, en singular, de cada unha das persoas é unha revelación de Deus para min; unha chamada tamén a servilo e, polo tanto, convocado para axudar a construír o que Cristo denominaba Reinado de Deus.
- c) Esta relación persoal con Cristo resucitado é inseparable da miña inserción na familia eclesial dos cristiáns. Inserción primeiramente dada e despois xa agradecida por min e plenamente asumida. Realidade eclesial que presenta visiblemente todas as sombras das nosas/ miñas incoherencias e tamén, aínda que máis discretamente como debe ser, a ministerialidade samaritana do amor efectivo a todos e cada un dos seres humanos, que son para nós/min o próximo.
- d) Estou convencido ademais de que a fe dos cristiáns, e mais a Igrexa na que somos convocados e conformados por Deus mesmo, responden realmente á súa razón de ser (facer visible o reinado de Deus polo amor e polo anuncio de Cristo) só cando enraízan no tempo e no espazo, pois tanto cada cristián persoalmente, coma os cristiáns eclesialmente, somos entidades históricas ubicadas. Os

cristiáns e a Igrexa do século XXI temos que vivir a nosa fe en Cristo resucitado e dar razón da nosa esperanza nun mundo ameazado de des-humanidade. Polo tanto, debemos desafiar os modos menos humanos de vivir, pero tamén ofrecer resposta, ou propoñer as preguntas pertinentes, aos desafíos e cuestións que nos afectan a nós e aos nosos contemporáneos concretos. Dito doutro modo, a fe e maila construción do reinado de Deus requiren dos cristiáns e das igrexas a implicación na súa cultura e no seu contexto social, no senso máis amplo destas expresións.

AS CLAVES DO COMPROMISO COA CULTURA E A LINGUA

Ata aquí, o que podemos chamar como as claves de fondo. Aludín á miña identificación e inserción nunha comunidade de fe concreta, que é a Igrexa desta terra, así en xeral, pero que ten as mediacións reais da miña diocese e as parroquias, grupos e asociacións de fieis cos que me encontro cada día. Por iso, atendendo á incidencia pastoral e social da miña condición de cristián teño que engadir:

a) Entendo a miña contribución á construción do reinado de Deus non como unha actitude mesiánica de quen se sente posuidor de verdades incontestables, senón coma un humilde e torpe servidor dunha gran verdade que me sobrepasa: a verdade que está diante de min en cada ser humano. Non podo entender o meu servizo aos demais sen unha gran admiración e respecto por eles. Esta admiración e respecto pasa polo filtro paradóxico das benaventuras de Cristo e así resulta que os que menos contan, os máis distantes, os máis distintos, os menos atraentes, son os que teño que admirar coma os máis interesantes (aínda que aparentemente non poidan nin saiban cousa que ofrecerme ou eu non sexa consciente da súa aportación), valorar coma os máis nobres (aunque vivan no máis abisal dos deterioros), e servir coma os máis dignos (aunque malvivan na dor dunha dignidade esmagada).

b) Por formación e por convición fago na vida de cada día exercicio de desconfianza das grandes palabras e conceptos. É esta unha actitude tomada da espiritualidade do Oriente ou corroborada nela. Procuo fuxir dos grandes conceptos como motivación da miña conduta. Non quero que me movan as ideas senón as persoas. Isto non quere dicir que deixe a un lado os conceptos cos que comprendo e

me explico a min e o meu vivir. É necesario recoñecer –e revisar– as propias motivacións. Na práctica cotiá da miña fe, prefiro falar dos cristiáns e non da igrexa; prefiro referirme aos pastores polo seu nome e non tanto a unha anónima xerarquía; prefiro mencionar a Cristo ou en todo caso os seus seguidores e non o cristianismo; prefiro situarme na fe persoal máis que na relixión socializada; prefiro ser fiel, e establecer vínculos de diálogo e fraternidade, con este galego ou esta galega cos que me encontro, máis que pregoar fidelidades a “Galicia”. Tento vivir esta tradución personalizada e singular dos grandes principios e desconfío dos grandes discursos porque teño constatado –*Marx et Freud dixerunt*– que as palabras máis nobres adoitan ser eficientes pero feroces instrumentos para as máis innobres coartadas. Ou, se se trata de asuntos máis inocentes ou irrelevantes, en motos casos as magníficas abstraccións redúcense a pura e baleira retórica que, se cadra, teñen a función de proxectar nos demais, máis ou menos inconscientemente, as causas das carencias e insatisfaccións persoais.

c) Estou convencido de que en conxunto e desde finais do século II en que chegaron probablemente os primeiros cristiáns a esta terra, as comunidades cristiás de Galicia, grupos, congregacións relixiosas, confrarías, parroquias, dioceses, teñen creado e aportado un significativo legado que aínda pervive no patrimonio cultural do país, desde as igrexas visigóticas, por remontarnos a un dato visible moi antigo, ata as expresións máis enxebres da relixiosidade popular, que non deixa de ser fundamentalmente catolicismo popular. Entre ese legado está a mesma fala dos romanos, sostida e transmitida pola predicación e liturxia cristiá no alto medioevo, e que nestas terras atlánticas evoluiu ata converterse en galego.

d) Tamén estou convencido de que os cristiáns de Galicia estamos chamados a coidar con especial sensibilidade os elementos que configuran a cultura dos galegos, especialmente a lingua. Este compromiso, ao meu entender, dimana directamente do respecto e admiración polas persoas e colectivos máis humildes. E creo que a mesma e poderosa inercia secular que levou os nosos paisanos a minusvalorar a cultura coa lingua propia en beneficio da lingua e cultura dos funcionarios e comerciantes ou industriais que viñan de fóra, esa mesma inercia pesou e pesa esmagadoramente para que desde o Rexurdimento os cristiáns e eclesiásticos de Galicia non

estivésemos, salvo significativas pero minoritarias excepcións, máis lúcidos e resolutivos nestas cuestións.

e) Desde algo antes de 1970 ata hoxe, produciuse un salto cualitativo na progresiva toma de conciencia deste compromiso, proceso vinculado á nova situación eclesial –o posconcilio– e política –a transición–. Victorino Pérez Prieto no seu libro *Galegos e cristiáns* catalogou exhaustivamente os leigos, relixiosos e cregos que, con tonalidades varias de acento, con militancia política, cultural ou sindical máis ou menos explícita, son significativos neste exercicio de entrañar a fe coa realidade cultural do país. Xa na década dos sesenta empezaran as misas en galego, promovidas por militantes cristiáns e galeguistas da Coruña e de Vigo. En Salamanca eu participei nas misas en galego os domingos, promovidas sobre todo polos estudantes de teoloxía nos anos 1966 e 67. En 1967 aparece o primeiro Misal galego, preparado por Xosé Morente e Manuel Espiña, editado por SEPT. Precisamente en *Encrucillada* de maio-xuño do 2002, ano en que a revista festexaba os 25 anos de existencia, Carlos Casares repasaba coa amable prosa que o caracteriza a insensibilidade e a lamentable instalación na rutina da maioría do clero galego daqueles anos e como, tamén daquela, a esperanza empezara a abrirse paso pola confluencia de diversos estímulos: os Encontros Europeos de Parroquias, o dinamismo dos Secretariados de Catequese, así como os grupos, as asembleas locais e mesmo as sesións oficiais do Concilio Pastoral de Galicia, sen esquecer a aposta firme e perseverante de *Encrucillada*. Podémosnos estrañar moitísimo agora, pero por aquelas datas, xa clausurado o Concilio Vaticano II, foron moi poucos os que en Galicia se estrañaron de que os nosos bispos, a diferenza dos cataláns que por outra parte non eran teoloxicamente máis abertos, entenderon que a lingua vernácula para a liturxia aquí era o castelán. Moito máis adiante, sempre baixo a presión dos cristiáns comprometidos –os de SEPT merecen especial gratitude, xunto con outros– foi acometéndose a edición oficial dos libros litúrxicos –que aínda non se completou de todo–. O ano 1990 ten un significado singular por ser o ano da edición digna e presentable da Biblia, en tradución ao galego desde as linguas orixinais. Máis gratitude con SEPT.

f) O momento actual ten moito que ver co proceso de normalización lingüística. A cultura e a lingua propia dos galegos non acaban

de ser estimadas polos seus propios actuantes como lingua e cultura identitarias e primordiais. A transmisión da fala na educación familiar está sometida a esta crise de valoración. Os medios de comunicación, os audiovisuais e mais os escritos, agás os que dependen directamente da administración, fan un uso porcentual do galego máis testemuñal que cotián. A oficialidade da lingua, como xa é sabido e comentado, fai que o emprego da mesma por personalidades significativas do Parlamento, do Goberno, das institucións da administración, sexa percibido por unha boa parte da poboación coma unha concesión graciosa, unha penitencia ritual que estes personaxes pagan por razón do cargo, pero que non se corresponde coa estima persoal afectiva e efectiva do idioma.

Honestamente creo que os pastores e fieis das nosas parroquias comparten nunha alta porcentaxe, máis ou menos conscientemente, estas mesmas actitudes. Certo que en moitas parroquiais rurais e tamén nalgunhas vilas mariñeiras a liturxia está normalizada en galego, pero sempre por iniciativa illada dun crego sensible, poucas veces por decisión colexiada dun arciprestado ou zona e moito menos como resposta a un programa ou proxecto de acción pastoral elaborado conxuntamente. Nin sequera como resposta a unha petición ou necesidade expresada polas comunidades como tales. Pódese afirmar que neste eido simplemente vivimos do esforzo, en moitos casos verdadeiramente coraxoso, dos que lideraron o compromiso coa lingua e cultura galegas desde a década dos sesenta ata hoxe.

A situación, ao meu entender, da implantación do galego na liturxia, está lonxe da desexable normalidade. Esta “normalidade” segue estando afectada hoxe, e polo tanto freada, pola ideoloxización que inevitablemente tinta a intervención cultural e lingüística tanto das institucións oficiais como privadas. Creo que non se dan máis pasos, agora que é moito máis fácil, para promover a normalización litúrxica en galego porque os cregos —e tamén os axentes de pastoral que connosco colaboran— preferimos inhibirnos ante a demanda pastoral e verdadeira necesidade —expresada ou non— dos fieis galegofalantes e optamos por ser vítimas temerosas e reticentes das connotacións políticas ou ideolóxicas que conleva o uso público e institucional da fala.

Ao dicir aquí “uso público e institucional da fala” refírome a que a institución na que participamos, parroquia, asociacións, etc, asuma que a súa correspondencia, os seus documentos e actas, a súa liturxia, etc, se normalice en galego. Non se fai consideración, curiosamente, e polo tanto permanece oculta e silenciada, sobre a connotación e significado que tamén conleva, para un crego ou catequista, ignorar a cultura viva e a fala popular dos fregueses e irmáns na fe. Parece que hai causas que significan compromiso ideolóxico, social e cívico, e outras causas que non teñen ese “inconveniente”. Un pouco estraño, pero é así.

E NO INMEDIATO FUTURO?

Non fago prognósticos pero temo que vaíamos a peor. As persoas de condición máis humilde, que antes se sentían acomplegadas diante de quen empregaba correctamente o castelán nun contexto de galegofalantes, agora acompléxanse diante de quen fala o galego pretendidamente “correcto” das institucións oficiais e dos medios de comunicación, co que para preservar a autoestima opta polo uso do castelán, un castelán incorrecto pero subxectivamente aprezado, e de paso induce este uso na xente nova. Os cregos e os fregueses máis comprometidos na acción eclesial adoitan compartir maioritariamente estes modos de pensar e de conducirse e son, tamén, reticentes a facer cambios.

Non dispoño dos datos suficientes para expoñer con rotundidade a posición dos cregos máis novos sobre este asunto. Entendo que non se dá a mesma sensibilidade no ambiente dos distintos teologados diocesanos e tamén descubro, con negativa admiración, a tendencia decididamente retro que en cuestións litúrxicas e pastorais asumen en número significativo algúns dos novos cregos. Nestas mentalidades non cabe a simpatía nin a inclinación de favorecer a normalización litúrxica e administrativa das parroquias en galego se, como é previsible, a falta de vocacións ao ministerio sacerdotal se vai subsanar en parte con cregos procedentes de Latinoamérica, nalgúns lugares incluso se pode producir unha marcha atrás no emprego do galego como lingua litúrxica e vehicular das parroquias.

Esta cuestión do galego na vida pública das parroquias da nosa terra é unha máis no conxunto das novas accións pastorais que inevitablemente teremos que afrontar no inmediato futuro, como é o mesmo planeamento pastoral, os novos dinamismos misioneiros que urxe acometer para substituír unha pastoral de consumo sacramental por unha acción evanxelizadora e catequética, a resposta dos cristiáns ás inercias secularistas da sociedade e hoxe aceleradas no medio rural, a creación de novos ámbitos de acollida e de fraternidade significativos do compromiso dos cristiáns cos desprazados, sós e empobrecidos. A do galego –creo– non é unha cuestión separada ou separable das distintas accións pastorais nadas dun verdadeiro sentido evanxélico. É unha desas tarefas que lucidamente se fai cando os traballos pastorais se afrontan coherentemente desde a fe e desde a máis fonda e xenuína razón de ser da Igrexa: o anuncio do evanxeo.

Andrés García Vilariño

Profesor de didáctica da Relixión
Universidade da Coruña



Remol.
Unha proposta para orar
e celebrar a fe na nosa terra

Santiago González Avión

INTRODUCCIÓN

Remol. Para orar e celebrar a fe na nosa terra. Con este frontispicio vén abríndose, desde hai seis anos, a proposta de celebración que a través do correo electrónico, vaise enviando de balde a todos os subscritores e subscritoras que o demanden.

Desde o principio, orar e celebrar. Non é unicamente un lema. É tamén un programa, unha declaración da misión que pretende cumprir o *Remol*: ser o rescaldo que queda da Palabra para que nos acheguemos a ela paseniño, ben de forma individual, a presenza de Deus que vai transformando a nosa vida, ben na compañía da comunidade, que agarima a nosa fe, que vai remoendo conxuntamente a Palabra e fai que xermole en iniciativas de ledicia e solidariedade.

NA ORIXE (2002-2003)

O primeiro *Remol* foi enviado para o primeiro domingo de Advento de 2002. Chegaba máis como froito dunha necesidade interior que dunha iniciativa comunitaria. Certo que houbo xente moi importante na orixe, especialmente a palabra de alento de Engracia; tamén o entusiasmo de Rubén. Pero o que máis pesaba daquela era a experiencia do illamento. Non ter con quen compartir unha forma de sentir a fe e unha procura fonda.

Porque, por unha banda estaba a orfandade de iniciativas con *Badal*, que durante unha década fora a campá que trata de remover á conciencia e convocar á comunidade. Pero, por outra, pesaba a necesidade de comunicación e de apoio. Porque, a medida que medran as nosas responsabilidades e as encrucilladas que imos atopando na vida resul-

tan máis azarasas, ou renunciámos definitivamente a ter un criterio espiritual, ou andamos precisados dunha orientación que nos axude a conservar o norte: a cabeza fría e os pés quentes para continuar no camiño.

Había, por que non dicilo, outras motivacións menores. Estaban as novas formas de comunicación social: a importancia crecente da rede Internet e a facilidade para a difusión das ideas e para unha comunicación económica que dá o correo electrónico. Xa non era preciso dispor de enderezos físicos, o pagamento de subscricións, acudir ao correo con correspondencia e atender ás devolucións. Se había unha chamada para compartir a fe e a espiritualidade, non había unha escusa doada para non facelo.

E así transcorreu o primeiro ano. Cunha forte débeda respecto do formato e das propostas dos *Servicios Koinonía*, dos seus comentarios bíblicos e dos restantes apoios do seu portal de Internet. Non era unha simple tradución para o galego, pero tampouco chegaba a ser unha proposta litúrxica completamente desenvolta. Era un recurso máis centrado na oración e no desenvolvemento da espiritualidade. Ademais, a proposta de cada semana estaba marcada polo carácter individual, case individualista, e fortemente voluntarista da idea inicial.

A RE-VOLTA DA COMUNIDADE

Pero aquela non era unha iniciativa que puidese perdurar no tempo sen unha dimensión comunitaria máis ampla. Por iso, resultou determinante a incorporación da proposta de Remol nun equipo pastoral: Arcos – Oliveira (Santiago e San Lourenzo) – Celeiros – Vilacoba.

Esta incorporación conduciu inmediatamente a unha nova dinámica de produción e reprodución do *Remol*: converteuse nunha tarefa compartida, contrastada dentro do equipo antes da súa distribución y levada semanalmente á celebración litúrxica de cinco parroquias do Rural, no contorno de Pontearreas. Deseguida se simplificaron os formatos e se lle deu a todo unha maior orientación á celebración.

Esta transformación non só foi obrada polo propio equipo, senón tamén polo método seguido. Cada semana, antes de comezar a reflexionar sobre as lecturas e a debater sobre as diversas propostas de celebración, realizábase unha avaliación compartida das incidencias da celebración, de modo que se producise unha retroalimentación do proceso.

O resultado foi unha espiritualidade máis pegada á terra e á xente. Non porque se renunciase a abordar as grandes cuestións do noso tempo: a cuestión de xénero, a sustentabilidade ecolóxica, o diálogo e a convivencia intercultural, a xustiza e a liberación como tarefa da Igrexa e de cada persoa. Ao contrario; gañáronse acentos específicos en cada unha destas cuestións, e tamén se avanzou na integración de todas estas perspectivas. Pero o reto que asumiu entón *Remol* foi facer accesible esa espiritualidade á maioría das persoas, ás sensibilidades máis dispares e aos niveis de formación máis diversos. Para logralo, é necesario afondar na vivencia espiritual e, sen renunciar ao pensamento, facer un importante exercicio de tradución e de simplicidade, sen caer no simplismo.

O formato quedou definitivamente fixado na versión que coñecemos actualmente: un título que dá a tonalidade da celebración; un pórtico que recolle o espírito da mesma e pode ser empregado como monición inicial; unha proposta de símbolo para acompañar os tempos fortes; uns *kyries* que actualizan o perdón; unha reflexión máis longa (o que demos en chamar o “remuíño”, que pode servir como idea para unha predicación ou como guión para a meditación persoal; unha oración da comunidade, que normalmente repite o esquema ternario empregado para o Kyrie; unha oración de reflexión, que serve para a meditación logo da comunión ou para empregalo cun grupo, ou na oración individual, fóra da celebración; e, por último, unha proposta de cantos pensados especialmente para a liturxia dominical.

Progresivamente, para facilitar a recepción en pequenas caixas de correo electrónico, renunciámos ao formato que integraba debuxo e texto, para optar polo texto máis simple. Os debuxos de Cerezo Barredo, que acompañan o Remol desde a primeira andaina, son accesibles

a través dun enlace, no pé do texto do envío. Outros enlaces remiten ás lecturas da semana, cando están accesibles na páxina da Conferencia Episcopal que presta ese servizo. E, finalmente, incorporouse, tamén no pé do envío, unha ligazón co Blog. A bitácora dixital de *Remol* permitiu o acceso a outros públicos, máis minoritarios, pero non enlazados coas nosas redes de contacto habituais. Dado que *Remol* é difundido mediante unha lista de distribución de correo electrónico que é confidencial (para evitar tanto os envíos indiscriminados como o spam), e posto que o sistema preferido para a alta na lista é pedirlle a alguén coñecido que solicite a nosa inclusión na listaxe, é precisamente aquela xente que menos frecuenta os nosos círculos a que pode atoparse co *Remol* de forma máis ben casual (algunha vez tamén dirixido por outros medios, como Vieiros, que se fixo eco do blog na pasada primavera), para participar dun xeito distinto desta nosa rede e da nosa comunidade virtual.

OS APOIOS

Tampouco podemos esquecer aquí a importancia dos apoios doutra xente que foi determinante no nacemento e, sobre todo, na difusión do *Remol*. Acaso quen máis empeño puxo foi Engracia, que ofreceu todo o seu saber organizativo (que é inmenso) e os seus contactos persoais para unha adecuada distribución do noso boletín electrónico. Ademais, a revista *Encrucillada* fixo de voceira, en varias ocasións, da existencia da iniciativa e da forma de contactar para recibir semanalmente a proposta de celebración.

Algunha xente de Irimia tamén puxo moito empeño na existencia de *Remol*. Foi particularmente importante a figura de Rubén, non só porque foi das primeiras persoas en coñecer a idea primeira do *Remol*, en achegar ideas para a súa realización e distribución, quen consultou con Pepe Chao as posibles denominacións e que, a última hora, promoveu que a CONFER de Galicia se interesase polo que xa comezaba a ser unha realidade consolidada.

O certo é que a CONFER merece unha mención aparte, porque chegado un punto promoveu unha distribución propia de *Remol*. É di-

cir: non só había unha boa cantidade de xente que recibía Remol cada semana grazas á cesión dos datos da CONFER para a distribución directa da nosa proposta de celebración. Tamén había xente que recibía Remol a través dunha lista de distribución da propia CONFER-GA. Deste xeito, as celebracións servían para as comunidades relixiosas, e mesmo para o alumnado.

UN INTENTO FRUSTRADO

Pensando nos cativos, intentamos incorporar un novo servizo no Remol. Coa integración no equipo, medrou a preocupación por seguir incrementando as oracións dispoñibles en galego. E un público pouco atendido era e segue a ser a xente máis nova.

Porque as oracións que se incorporan cada semana para facilitar a reflexión dentro da celebración nótrense dun corpus xa consolidado, aínda que ás veces ofrecemos traducións novas que incrementan as posibilidades de afondar na vivencia da espiritualidade orando na nosa lingua.

Pero no caso das oracións infantís, despois dun ano intentando manter un ritmo semanal, abandonouse a iniciativa. Non era doado atopar material, nin orixinariamente pensado en galego, nin sequera oracións para traducir e adaptar. Tampouco era moi claro se o destino tiña que ser a oración en familia ou na aula, nin sequera as idades ás que se podería dirixir a proposta semanal de oración.

AS PREOCUPACIÓNS

Remol é hoxe unha realidade consolidada, con 345 subscritores, e cunha fidelidade semanal durante os últimos seis anos. As pequenas ausencias foron debidas a erros de tipo técnico ou a breves períodos de descanso. Pero esta realidade non está exenta de preocupacións.

O equipo pastoral é hoxe máis amplo e acaso máis estable que no comezo, pero tamén debeu asumir novas responsabilidades, como foi a parroquia de Pontearreas, Cumiar e Angoares. Estas responsabilidades pastorais crecentes non impediron manter o ritmo semanal de reunión

e de difusión do Remol, pero provocaron continuos cambios nos días e, finalmente, mesmo nos lugares de reunión.

Pero as responsabilidades pastorais non son as únicas causas de preocupación. A dirección do Instituto Teolóxico de Vigo, é unha responsabilidade a conxugar coa parroquial. O incremento da familia é outro factor novo e complexo a engadir á unha conxuntura crecentemente complexa. Por último, o contexto profesional en que desenvolvemos as nosas carreiras as persoas de *Remol* que compartimos a condición laical, por diversos camiños foise facendo a cada paso máis complicado.

O equipo pastoral, agora con centro operativo en Pontearreas, e compatibilizando unha relixiosidade rural, a un tempo tradicional e aberta, con outra vilega, máis moderna e fundamentalista, está a cargar sobre si a elaboración do *Remol*. Neste momento, a pesar dos esforzos por tomar cada quen os compromisos que pode atender, ocuparse da propia saúde e reducir o estrés, o certo é que está a producirse unha sobrecarga crónica nas diferentes responsabilidades do equipo.

Outras preocupacións do *Remol*, son menores, pero non por iso insignificantes. A base tecnolóxica do boletín é precaria. Por iso, as devolucións automáticas increméntanse mes a mes, tendo superada xa a barreira das 75, o que non garante a recepción da proposta de celebración de unha de cada cinco persoas ou comunidades que pertencen á rede de distribución.

A base tecnolóxica non sería un problema se sobre ela non estivese asentada a rede de comunicación de *Remol*. Unha idea nacida da facilidade de comunicación que achegan as novas tecnoloxías, e da necesidade de vencer a distancia e o illamento que crea a sociedade actual, debe traballar arreo por garantir que a canle de comunicación funciona e que a comunicación entre as partes é adecuada. E o que está en cuestión é se *Remol* conseguiu a día de hoxe ser unha auténtica rede de comunicación.

Desde logo, se a proba da existencia dunha rede desta natureza é a retroalimentación do proceso de oración e celebración por parte conxunto dos membros e non só dentro do equipo, a situación actual

dista moito de ser adecuada. O Blog de *Remol*, un dos formatos potencialmente máis interactivos, non recibiu ningún comentario desde o día 1 de novembro. Por correo electrónico recíbense algunhas iniciativas pastorais e de outra índole, pero sobre todo, suxestións de mellora ou avisos de fallos na recepción. Hai meses que non se recibe unha soa proposta de celebración. Son elementos para a reflexión: *Remol* aínda está lonxe de ser unha verdadeira comunidade virtual, ou unha rede de intercambio. Semella máis ben unha iniciativa de comunicación nunha única dirección.

O FUTURO

Remol aínda pode permanecer durante meses co modelo actual, nos seus formatos, na súa forma de organización e na súa forma de comunicación. A madurez acadada, os hábitos creados e o grao de coordinación das diferentes tarefas existente na actualidade permite afrontar o futuro con serenidade. Porén, cómpre ser conscientes de que o horizonte, logo de seis anos, debe ser medrar ou morrer.

A estabilidade é un ideal ao que só se pode aspirar a forza de moverse e de preocuparse, non de acomodarse nunha situación, por satisfactoria que sexa nun momento determinado. Ademais, necesitamos facer fronte ás preocupacións actuais. Acaso a máis complexa é manter unha iniciativa absolutamente voluntaria e gratuíta nun contexto de sobrecarga. É doado sacrificar primeiro o que nos ocupa e forma parte da nosa vida como un compromiso libremente adquirido e non como unha responsabilidade inherente á nosa profesión ou ocupación actual.

É necesario igualmente facer unha aposta pola comunicación a través da rede. A preocupación polo diálogo sobre o Remol deberá ter, como primeira iniciativa, unha consulta sobre a satisfacción do uso, sobre a calidade do servizo e sobre a accesibilidade dos actuais formatos do *Remol*. É conveniente aproveitar esa consulta para coñecer mellor os usos actuais e as posibilidades futuras, especialmente a possibilidade de recuperar os antigos envíos e mantelos accesibles, así como a de retornar á idea de habilitar un espazo para a oración infantil e xuvenil. Estas iniciativas non serán posibles sen ampliar a base tecnolóxica,

pero, sobre todo, sen unha aposta anovada pola rede de comunicación que puxemos en marcha hai xa seis anos cumpridos.

E, o que acaso sexa o máis importante de todo. O que debe medrar non é tanto o número de usuarios nin de servizos prestados. O que cómpre reinventar cada mañá e a ilusión do traballo compartido e a esperanza de tamén para a xente que ven atrás de nós siga a ter sentido orar e celebrar a fe na nosa terra.

Santiago González Avión
Servizo litúrxico *Remol*



O Concilio Pastoral de Galicia e o galego

Pedro Castelao

1. INTRODUCCIÓN

O que a continuación se ofrece é un elenco de textos do Concilio Pastoral de Galicia fiados pola cuestión da lingua galega. Os textos son claros e favorables á galeguización da Igrexa e a súa liturxia como presuposto necesario dunha acaída evanxelización. Expoño, en primeiro lugar, o comunicado dos bispos de Galicia que corroboran as conclusións acadadas no traballo conciliar. A continuación, detallo o contido concreto desas mesmas conclusións.

2. OS TEXTOS QUE REFERENDAN AS CONCLUSIÓNS FAVORABLES AO GALEGO

O 24 de agosto de 1976 o arcebispo de Santiago de Compostela, o bispo de Ourense, o bispo de Lugo, o bispo administrador apostólico de Tui-Vigo e o bispo de Mondoñedo-Ferrol asinaban en Santiago o documento do Concilio Pastoral de Galicia *A liturxia renovada na pastoral da Igrexa*.

2.1. *A importancia da sinatura*

O significado desta sinatura ofrécennolo os propios bispos, no comunicado que aproba as conclusións, ao dicir: «De acordo co Regulamento do dito Concilio Pastoral correspóndenos agora aos Bispos de Galicia *referenda-las conclusións* ás que chegou a III Xuntanza Xeral e ao mesmo tempo *arranxa-los medios precisos para que sexan levadas á*

práctica, co fin de que “co esforzo conxunto e a boa vontade posta por todos, se poida conseguir que o conxunto total do pobo galego, non só participe, senón que tamén sinta profundamente como cousa súa a celebración do misterio da liturxia e deste xeito vaia erguéndose cada vez máis a Igrexa” (Carta da SC de Sacramentos e do Culto Divino ó CP de Galicia)»¹.

Quixera insistir dun xeito especial en que os textos que aquí destaco non pertencen a un manifesto particular, nin á doutrina dun determinado movemento eclesial, senón ao comunicado oficial dos bispos de Galicia aprobando as conclusións que despois indicarei. Xa que logo, continúan: «En cumprimento, pois, da nosa misión, os Bispos de Galicia temos tomado por unanimidade os seguintes acordos: 1. Referenda-las conclusións sobre os Sacramentos, o Tempo litúrxico, a Eucaristía, a liturxia da morte e funerais, *a liturxia en galego*, devocións e santuarios, aprobados regulamentariamente na terceira Xuntanza Xeral do Concilio Pastoral de Galicia como *pautas que han de rexe-la pastoral litúrxica e sacramental nas diferentes dioceses que constitúen a Provincia eclesiástica compostelán*».

2.2. *A preocupación pola praxe e a aplicación efectiva*

Non deixa de resultar emocionante escoitar aos nosos dirixentes reiterar con crecente insistencia que «é o noso desexo e propósito *que ditas conclusións sexan postas en práctica*, pouco a pouco, pero *eficientemente*». Para acadar isto aproban «a confección dos materiais que se precisan para a *introdución do galego na celebración litúrxica e devocional*». De igual xeito, «tanto para *poñer en práctica as conclusións*, como para levar a remate os obxectivos prioritarios» acordan reformar a Comisión Rexional de Liturxia incorporándolle, tamén, a pastoral sacramental. Esta comisión, segundo os propios asinantes, terá que «estudar e propoñer, promover e coordinar a nivel rexional todo o referente á pastoral litúrxica e sacramental, e moi especialmente a *posta*

¹ Todos os textos que se citan nesta achega pódense ver en *O Concilio Pastoral de Galicia*, Lumieira, A Coruña, 1996, 186-188 e 192-194. Todos os subliñados son meus.

en práctica das conclusións desta III Xuntanza conciliar». Asimesmo, «tamén nos propoñemos reestruturar e axuda-la Comisión de Liturxia en Galego para *facela máis efectiva* respecto ós seus fins».

Non coñezo ningún outro texto oficial en toda a historia da Igrexa Galega que, en só dúas páxinas, insista con tanta forza e reiteración na aplicación eficiente e real da inculturación litúrxica e sacramental en Galicia. A obxectividade do texto amosa que, en principio, non se trata só de afirmacións desiderativas, senón que mesmo teñen carácter pragmático e programático.

3. OS TEXTOS DAS CONCLUSIÓNS QUE SE DEBEN APLICAR

3.1. *Ámbito cultural*

Cales son esas conclusións que tanto cómpre realizar? No terreo cultural, en primeiro lugar, «o CPG pídelles a *tódolos cristiáns, Bispos, Curas e Leigos*, cadaquén segundo a súa específica misión, que *participen na promoción da lingua galega*, por ser un valor humano que está asociado coa liberación do home galego e, por tanto, coa evanxelización».

En segundo lugar, o CPG reivindica ante a autoridade competente a normalización da lingua galega. Non crea o lector que interpreto á miña conveniencia unha pasaxe ambigua. O texto non pode ser máis claro: «xa que a escola é peza chave para a promoción da lingua, o CPG une a súa voz coa doutros moitos que coidan insuficiente a concesión vixente sobre do ensino do galego, e *reclama da autoridade competente a normalización da lingua galega*».

En terceiro lugar, afirma que «as *escolas, Seminarios Menores, Medios de Comunicación dependentes da Igrexa*, por teren unha finalidade cultural, e os *Seminarios Maiores* ademais por razón pastoral, han de poñer empeño especial no *ensino da lingua e cultura galega*, para o que han de prepara-lo persoal especializado que se necesita».

Finalmente, dise que «un Concilio galego non se pode desentender daqueles galego-falantes, illados artificialmente da Igrexa en Galicia. Pedímoslles ós nosos Bispos que fagan as necesarias xestións para

unha máis razoable división que abranga ós hoxe illados; e, namentres, nomeen unha Comisión que, de acordo cos seus Bispos, arbitre a solución ó problema da lingua nai daqueles».

3.2. *Ámbito litúrxico*

No terreo litúrxico, as conclusións aprobadas polos bispos de Galicia resultan aínda máis estimulantes. O CPG é explicitamente consciente do momento histórico que vive. «É vontade do CPG que esta sesión sexa o principio dunha *etapa nova para a liturxia en galego*, polo *recoñecemento conciliar de toda a Xerarquía da Rexión*; pola xeneralización dela como *cousa ordinaria*; e mais, sobre todo, polo compromiso dos responsables para *levala a cabo*. Estes han de comezar por adquirirla preparación necesaria, e poñerse á laboura de *desarraigar toda clase de prexuízos*, e ir comezando polos pasos máis doados, cunha pedagogía gradual e progresiva».

Con ese mesmo pulo de concretar efectivamente as decisións «o CPG úrxelle á Comisión de Liturxia en galego que, canto máis antes, se poña á confección dos materiais necesarios, tanto para os actos de devoción coma para os litúrxicos, para que as Comisións diocesanas os poidan espallar nas dioceses».

De igual xeito, «suposta sempre a dita preparación, a vontade do Concilio é que nas igrexas da cidade se chegue a celebrar polo menos unha Misa en galego nos días festivos, e o mesmo se diga dos demais Sacramentos, sempre co debido respecto á liberdade dos interesados. Naquelas bisbarras nas que o galego é a única lingua teñen de se chegar a facer en galego tódalas celebracións».

Á hora de perfilar o carácter desa linguaxe litúrxica, afírmase que «a lingua litúrxica ha de se ater á norma das demais linguas vernáculas: dunha banda, sexa sinxela e non afastada da lingua coloquial ordinaria; e doutra, acade unha certa dignidade literaria. Aínda que se escriba nunha das varias formas morfolóxicas vixentes, na lectura axéitese á de cada bisbarra».

Con todo, matízase que «a liturxia en galego non se remata con verter as fórmulas latinas na nosa lingua, é todo un universo cultural alleo o

que cómpre verter no noso; e para isto é imprescindible a colaboración dos estudosos das ciencias sobre do noso pobo». Xa que logo, «cómpre reestruturar a Comisión da Liturxia en Galego incorporando a ela os liturxistas, biblistas, músicos, antropólogos, etc., ademais dos técnicos da lingua. Isto comporta maior adicación de persoas e medios, que a Xerarquía, considerándoa como parte da súa misión, lles ten que ofrecer».

Prolongando esta preocupación tan acentuada a outros terreos pastorais, as conclusións do CPG rematan dicindo que «a acción litúrxica non se pode illar das demais accións pastorais, sobre todo da catequese. O CPG urxe a preparación de catecismos e libros complementarios na nosa lingua e mentalidade, tarefa que se lle encomenda á Comisión de Catequese».

4. A MODO DE CONCLUSIÓN

O Concilio Pastoral de Galicia, como o Concilio Vaticano II, non foi nin será endexamais derrogado. Porén é certo que foi esquecido, soterrado, evitado, debilitado e obviado non sei se consciente ou inconscientemente. A verdade é que, na actualidade, a inercia dos prexuízos herdados xoga o papel principal.

Fose como for, ao meu ver, non pode haber presenza significativa da Igrexa en Galicia, se a Igrexa, sendo como está chamada a ser profundamente evanxélica, non acepta, de igual xeito, a chamada a ser verdadeiramente galega. O recoñecemento oficial desta ecuación, como acabamos de ver, está feito. O que aínda falla é a súa aplicación.

Non pensemos que se trata dunha cuestión secundaria. Non se pode evanxelizar o que non se ama. A marxinação é desprezo. E desprezar a lingua dun pobo é rexeitar a expresión espiritual da súa propia identidade. Deste xeito, o cristianismo institucional de Galicia non superará a fonda crise na que está inmerso ata que non se reconcilie *efectivamente*, como manda o CPG, coa lingua do seu pobo.

Certamente, todos compartimos esa responsabilidade, pero son os nosos dirixentes os que teñen o poder de decisión determinante.

Contan co noso apoio no traballo de modificación da situación. Os seus antecesores, polo menos de palabra e sinatura, aparecen ante a historia comprometidos na labor. Máis aló dos xuízos de intención, a obxectividade dos textos, que transcende aos seus propios autores, así o amosa.

Oxalá que dos ditos, pasemos aos feitos.

Pedro Castelao
Universidade Pontificia Comillas



Amencer, máis que unha revista escolar

Félix Villares Mouteira

1. INTRODUCCIÓN

Amencer é máis que unha revista escolar. Podemos dicir con palabras de Armando Requeixo que é “un emblema mindoniense e galego do traballo colectivo a favor dunha Terra e unha Lingua á que se quere e homenaxea a través dos seus autores, dos seus cantos e contos”.¹

Amencer é un lugar de encontro literario e humano no que, desde hai vinte e seis anos, as xeracións de alumnos do Seminario, os colaboradores, os escritores estudados e os lectores... se dan a man para acadar un fermoso tecido de voces e textos únicos.

O xa citado Armando Requeixo escribiu tamén:

“Poucas, moi poucas revistas galegas poden presumir de levar publicándose máis dun cuarto de século e ter alcanzado os douscentos números. Entre esta reducida nómina de escolleitas cabeceiras atópase *Amencer*, voceiro das inquiredanzas e xeiras de moitas promocións de escolares formados no Seminario Santa Catarina de Mondoñedo, centro histórico de saber que segue a ser no presente un referente indiscutible no panorama literario galego, quer dende a súa vertente divulgativa quer dende as pescudas investigadoras e editoras.

A importancia de *Amencer* no mundo literario de noso, o seu impacto sistémico e a súa recepción e procesado por parte tanto dos produtores coma dos mediadores das letras de aquí é realidade que

¹ Armando Requeixo, Presenza de *Amencer* no panorama literario galego, en *Amencer*, número 200, maio-xuño 208, páxina 48.

aínda non fora mesurada e que, a meu ver, merece atención, pois só perspectivizando globalmente o calibrado desta presenza pode ponderarse axeitadamente o destacado papel que a publicación xogou nas últimas décadas en Galicia”².

2. ANTECEDENTES

A revista *Amencer* non nace dun xeito casual e, de feito, tivo revistas que podemos dicir que foron un pouco uns antecedentes e das que vou falar agora. O 11 de abril de 1959 saíu á luz o primeiro número da revista *Juventud*, unha revista que editaban os “Filósofos” –daquela no Seminario de Mondoñedo había coma tres comunidades: os Latinos, os Filósofos e os Teólogos–. Desta revista saíron sete ou oito números. Estaba feita a multicopista –unha multicopista de alcohol, coa que me tocou traballar a min– e escrita en castelán.

A finais dos anos cincuenta e principio da década dos sesenta no Seminario Menor –3º, 4º e 5º de Latín e Humanidades– facíase un periódico mural que se chamaba *Palestra* e que se renovaba, se non lembro mal, cada semana e no que se expoñían diversos traballos dos alumnos.

O primeiro de novembro de 1963, nacería a revista *Trapezio* que viña a substituír a *Juventud*. Teño que dicir que durante os tres anos en que cursei Filosofía –do 63 ó 66– fun do Consello de Redacción. *Trapezio* tamén é feito a multicopista, ó principio de alcohol e despois xa nunha multicopista eléctrica. Está escrita fundamentalmente en castelán, aínda que no número 15, setembro/outubro de 1965 aparece a sección *Temas Gallegos* escrita en galego e en castelán. Esta sección só aparece en dous números. Haberá que esperar ata o número 25, correspondente a abril de 1967, para ter de novo escritos en galego, neste caso na sección titulada *As nosas páxinas galegas* onde se publican dous artigos que Xesús Ferro Ruibal envía, desde Roma por medio do seminarista da nosa Diocese Martiño Montero Santalla, e que se titulan: *Sitio pra un problema* e *¿Un Cardeal ye-yé no festival? Un minuto de filosofía*

² Ibidem, páxina 41.

barata. Traballos que, por certo, non hai moito me pediron do Centro de Investigacións Ramón Piñeiro de Santiago. *Trapezio* chegaría ao número trinta, publicado en marzo de 1969.

No ano 1967 publicáronse catro números dunha revista chamada *Sol*, feita tamén a multicopista e en castelán.

Polo ano 1973, tentei facer unha revista e lembro que fun á Delegación de Cultura a Lugo e alí falei co amigo Xulio Xiz para ver que trámites había que facer. Recordo que me dixo que había que facer os mesmos trámites que para editar *El Progreso*. Houbo, polo tanto, que desistir do intento e habería que esperar tempos mellores. O que si se publicaron foi dous pequenos folletos un titulado *Letras Galegas*, que leva a data de 17 de maio de 1963, e outro, *Os nosos latexos* no que se reproducen os traballos literarios premiados no concurso convocado co gallo do Día das Letras Galegas de 1973. Este folleto leva a data do 8 de xullo. Ámbolos dous folletos están escritos en galego. O 17 de maio de 1975 publícase outro folleto titulado *Día das Letras Galegas. Home-naxe a Castelao*, tamén escrito enteiramente en galego.

3. NACE AMENCER

Pero para publicar a revista tan esperada habería que agardar ata o ano d' El Señor de 1982. Corría o mes de abril. A primavera estaba moi adiantada. O campo de fútbol estaba cheo de margaridas e pola fiestra aberta da aula entraba un recendo a flores e herba verde. Os paxaros cantaban ledos e andaban a facer os seus niños –os máis adiantados, xa coidaban das súas roladás–. Estabamos nunha clase de Lingua e Literatura Galegas en 8º de EXB –na aula «Fanego Losada», que hoxe ocupa terceiro de ESO–. Falabamos dos medios de comunicación e eu levara á clase varios xornais e unha revista escolar, chamada *Bágoa*, feita a multicopista, que editaba daquela o Colexio Público Virxe da Soidade de As Gándaras de Lugo. Entón un dos rapaces, cando viu a revista, preguntou: –*Por que nós non facemos unha revista así?*

Estivemos falando e vendo as posibilidades que había para levar adiante a edición dunha revista. O caso foi que naquela mesma clase

quedaron elixidos os representantes de 8º de EXB no Consello de Redacción. Naqueles mesmos días fóronse escollendo os representantes nos outros niveis de EXB. Logo procederíase, por votación democrática entre todos os alumnos de EXB, á elección de director. Saíu elixido un rapaz de Valdoviño, Miguel Anxo Pérez Fernández. A revista estaba en marcha, pero faltaba o nome. Fíxose unha votación entre os alumnos e saíron varios, entre eles os máis votados foron: *Amencer*, *Alborada*, *Vagalume*, *Mondoñedo*... Rexeitouse *Vagalume* porque daquela publicábase unha revista en cómic titulada así. O nome elixido, por maioría, foi *Amencer*. Gabino Domínguez Lama, daquela alumno de 8º de EXB, deseñaría a cabeceira da revista que permaneceu inalterada desde o comezo. A fin de abril daquel ano de 1982 o número cero estaba na rúa. Así naceu a revista *Amencer*. Os medios eran moi rudimentarios e ademais, polo menos nos primeiros números, non contabamos co apoio da dirección do Seminario. O número cero vendeuse a cinco pesos para poder así cubrir os gastos. Lembro que fomos o director, o redactor xefe e mais eu levarlle un exemplar a don Miguel Anxo Araújo, daquela bispo de Mondoñedo, que nos deu mil pesetas co que cubrimos os gastos do número cero e aínda nos sobraron unhas pesetas. Don Miguel dixéranos que o difícil non era empezar senón continuar. Foise continuando e aquel pitiño trememente e curioso que racha a casca do ovo para nacer, que aparece na tapa do número cero, foise convertendo pouco a pouco nun galo varil e repoludo... Así naceu *Amencer*, que xa chegou ao número douscentos dous.

Os alumnos, que naquela primavera de 1982 se encontraban na clase de Lingua e Literatura Galegas de 8º de EXB, eran: José Antonio Alonso Armada, Ramiro Balea Legaspi, Ramón José Candia Díaz, Gabino Domínguez Lama, Luís Fernández González, Justo Grandal Quintana, Francisco Iglesias García, Isaac Juliá Martínez, Pedro Juliá Martínez, Jesús Lombardía Torres, José Ramón López Ron, Francisco Lozano Lourido, Miguel Angel Pérez Fernández, Javier Pérez Oroza, Jorge Murado González, Alfonso Redruello Martínez, Juan C. Rego Pérez, Mariano Rodríguez Cruz, Gumersindo Teijo González e Jacobo Varela Fraguela.

4. DIRECTORES

O primeiro director, como queda dito foi Miguel Angel Pérez Fernández. A este seguírono na dirección da revista os seguintes alumnos do Seminario Santa Catarina: Vicente González-Redondo Ares, Daniel Estévez Villalón, Vicente Díaz Rodríguez, Xosé Antón Soto Novo, Marcos Neira Cabado, Mario Rego Eimil, Ramiro Xosé Cociña Orol, Ciriaco Vilar Fernández, César Lombardía Torres, Xabier Cancio Llenderozos, Nacho Lorenzo Toimil, Alexandre Teijeiro Orol, Xosé Ramón Baño Fraga, Andrés Ginzo Fernández, Germano da Costa Arada, Rubén Prieto Rodríguez, Israel Edrosa Fernández, Félix Méndez Nogueira, Marcelino García Bermúdez, Luis Prados López, Ramón Castañal Ferrería, José Benito Veiga Barreiro, Daniel Vega Pérez, Manuel Santomé López, Richard Lage González, Baruk Domínguez Grandío, Anxo García Ferreiro, Adrian Amido Paz, e Adrián Seoane Barro. Na actualidade, o director é Francisco Rivas López.

5. SECCIÓNS

Amencer ao longo destes vinte e seis anos de traxectoria mantivo unha serie de seccións fixas. Así desde os primeiros números aparece *A xeito de cancela*, que é como o editorial ou a presentación da revista. *Falamos con...* –nos primeiros números era *Hoxe falamos con...*–, sección na que se mantén unha conversa cun personaxe de actualidade. *A carón do lume* –ao principio chamábase *Literatura popular*– na que se recolle a literatura popular feita polo xenio creador do pobo galego. *Faise saber...*, onde se ofrecen noticias do Seminario e de Mondoñedo. *Os nosos escritores*, sección na que se estuda a un autor que pasou polas aulas do Seminario. *Escolma*, onde se reproduce parte da obra do autor estudado. *Os nosos pobos*, sección na que se fala dunha parroquia dun dos alumnos. *Follas novas*, na que van os traballos feitos polos alumnos nas clases de Lingua e Literatura Galegas. *Colaboracións*, onde van os traballos que nos envían varios autores alleos ao Seminario. *Chispa*: as páxinas de humor e pasatempos. Outras seccións que apareceron e aparecen en varios números son: *Badaladas*, *Toxos e Frores*, *Os deportes*, *As romaxes...*

6. PREMIOS

Amencer, ao longo da súa andaina de vinte e seis anos, ten acadado diversos premios. Así, en 1984, leva o primeiro premio no Concurso *Viajes a un Lugo desconocido*, convocado pola Delegación Provincial da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, polo traballo titulado *Mondoñedo, cunquiña deleitosa* e que foi publicado nos números 16 e 17, correspondentes a febreiro e a marzo.

Tamén en 1984, o traballo *Mondoñedo, berce de músicos*, publicado no número 19, correspondente ao mes de maio, acadou o primeiro premio para alumnos do Ciclo Superior de EXB no Certame das Letras Galegas convocado polo Concello de Mondoñedo.

O 8 de xuño de 1985, viu a luz o número 29 *Especial escritores mindonienses* co que se gañou o primeiro premio para alumnos do Ciclo Superior de EXB, no concurso convocado polo Concello de Mondoñedo co gallo do Día das Letras Galegas.

Desde 1987 a 1993 a revista *Amencer* participou no Concurso que cada ano convocaba a Dirección Xeral de Tráfico para escolares do Ciclo Superior de EXB a nivel provincial, autonómico e nacional. Foron sete participacións que se saldaron con sete primeiros premios a nivel provincial, catro primeiros, dous segundos e un terceiro a nivel de Galicia. O número 46, extra Educación Vial, levou o primeiro premio a nivel da provincia de Lugo e o segundo a nivel de Galicia. En 1988, os números 56 e 57, correspondentes a febreiro e marzo, obtiveron o primeiro en Lugo e o segundo en Galicia. En 1989, cos números 66 e 67, febreiro-marzo, *Amencer* acadaría o primeiro premio a nivel provincial e a nivel de Galicia. O mesmo resultado se repetiría nos anos 1990 cos números 75 e 76, en 1991 cos números 85 e 86 e en 1992 cos números 95 e 96. En 1993, último ano no que se participou, logrouse, co número 104, o primeiro posto en Lugo e o terceiro en Galicia. Cómpre subliñar que ningunha outra publicación escolar de Galicia ten acadado tantos éxitos no Concurso de Educación Vial Escolar como a revista *Amencer*.

En 1989, *Amencer* participou no Concurso *Publicaciones Escolares* que convocara o Ministerio de Educación para revistas e xornais escolares de todo o Estado español. *Amencer* acadaría un accesit. O premio consistiu en 100.000 pesetas para mellorar a edición da revista.

En decembro de 1989, no número 73, publicouse un artigo titulado *Begonte do Belén*, feito polo Colectivo Amencer, co que se acadaría o segundo premio no Certame de Xornalismo sobre o Nadal convocado polo Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán de Begonte.

Como pode verse son varios, xa que logo, os premios acadados pola revista *Amencer*. En decembro do ano 2000, a Agrupación Cultural María Castaña de Lugo concedeulle o premio a un medio de comunicación dentro dos Premios da Cultura Tradicional María Castaña. Este foi un premio diferente xa que non se trataba de premiar un traballo concreto ou un número monográfico de *Amencer*. Neste caso tratábase de premiar toda unha traxectoria de case vinte anos na pescuda de literatura popular. Así o fixeron constar no acto de entrega do premio. Quíxose premiar un labor calado de *Amencer* –un labor dos alumnos do Seminario de Mondoñedo, en definitiva– na recollida de toda esa literatura popular, produto do xenio creador do noso pobo. *Amencer* foi moi sensible, xa desde o número cero, a este tema e así mantivo sempre unha sección que primeiro se chamou *Literatura popular* e máis tarde *A carón do lume* na que se foi publicando toda a literatura popular que os alumnos do Seminario ían recollendo de boca da xente nos seus lugares de orixe. Pódese afirmar que esta recollida de literatura popular foi unha teima da nosa revista estimulada por quen isto escribe desde as súas clases de Lingua e Literatura Galegas.

Froito de todo este labor de recollida de literatura popular foi a publicación en 1999 do libro *A carón do lume* no que precisamente se recolle nun volume toda a literatura popular que foi vendo a luz na revista *Amencer* ao longo de dezaioito anos. Este libro, editado por Citania de Lugo, foi patrocinado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Orientación Universitaria.

7. NÚMEROS ESPECIAIS

Ao longo destes vinte e seis anos de andaina, son varios os números especiais de *Amencer* que foron publicados. Entre eles cómpre salientar os seguintes: O número 1, correspondente a maio de 1982, que levaba a tapa pintada a man. Os números 16/17, febreiro-marzo de 1984, titulados *Mondoñedo, cunquiña deleitosa*. O número 27, abril de 1985, dedicado a Rosalía de Castro do que se fixeron cincocentos exemplares que foron pintados a man. O número 34, xaneiro de 1986, dedicado a Castelao, que mereceu que o xornal *La Voz de Galicia* lle dedicase a última páxina. O número 88, maio de 1981, especial sobre Cunqueiro polo Día das Letras Galegas. O número 100, novembro de 1992; o 110, novembro 1993, dedicado ao Ano Santo; o 119, novembro de 1994, adicado a Chao Ledo co gallo de cumprírense os cen anos do seu pasamento e os cento cincuenta do seu nacemento. O número 129, xaneiro de 1996, adicado a Xosé Trapero Pardo co gallo do seu pasamento; o 150, maio de 1998; o 153, novembro de 1998, especial dedicado a Crecente Vega co gallo do traslado dos seus restos de Segovia a Santa María de Outeiro. No número 157, marzo de 1999, publicouse a poesía inédita en castelán de Crecente Vega. En maio de 2000, publicouse o número 167 dedicado a Castelao, e en abril-maio de 2001, o 171, dedicado a Cunqueiro nos vinte anos do seu pasamento. En marzo-abril de 2007 publicouse o número conmemorativo dos vinte e cinco anos de *Amencer*, e en maio-xuño de 2008 publicouse unha revista de máis de cen páxinas para celebrar o número 200.

8. PUNTO E SEGUIDO

Digo punto e seguido, porque agardo que *Amencer* siga a ser un facho aceso dentro da tradición xornalística e cultural da vella cidade episcopal. Marina Mayoral escribiu en *La Voz de Galicia*: “*Amencer* é unha digna continuadora da tradición cultural desa vila onde probablemente Fray Antonio de Guevara escribiu o seu *Menosprecio de la corte y alabanza de aldea*, unha vila que xa no século XV tiña un dos prelos máis antigos de Europa. E é tamén un exemplo do que se pode

facer con intelixencia, constancia e xenerosidade. Que sexa por moitos anos”.³

Que sexa por moitos anos é o que agardamos todos. Parafraseando ao gran fabulador e mindoniense universal, don Álvaro Cunqueiro, desexo que *Amencer* dure “mil primaveras máis”.

Félix Villares Mouteira
Secretario-chanceler do bispado de Mondoñedo

³ Marina Mayoral, “Amencer”, en *La Voz de Galicia*, 01-06-2002.



Da linguaxe das mulleres e da linguaxe liberada

Tareixa Ledo Regal e Maite Cabanas

DA CONSTRUCIÓN DA REALIDADE E DA IMPORTANCIA DA LINGUAXE

“No principio existía a Palabra e a Palabra estaba onda Deus, e a Palabra era Deus. Ela estaba no mundo,[...] e o mundo foi feito por ela.” (Xn, 1,1.10a)

A linguaxe, ademais de ser unha ferramenta para a comunicación e a representación da realidade, tamén é un “dispositivo, un conxunto de prácticas coas que establecemos o noso papel na sociedade, coas que regulamos a nosa intervención e exercemos o poder de modificar a realidade.”¹ En cada acto concreto do falar hai todo un cúmulo de eleccións previas que implicitamente aceptamos, por iso pódese afirmar que nin a linguaxe nin os seus usos son inocuos.

Posiblemente temos experimentado que a linguaxe constrúe ou modifica a realidade, cando se declara realizado un matrimonio, cando indicamos a nosa pertenza a un grupo, cando repetimos ou nos repiten que “somos un desastre” ou que “somos unha marabilla”... A lingüística, coma o resto das diferentes ciencias e disciplinas, non é neutral: “a tese da neutralidade política da ciencia é máis ben unha posición política e non metodolóxica nin epistemolóxica”²; xa que logo a cuestión estriba en propoñer linguaxes que axuden a mellorar as condicións de vida tendendo a eliminar as desigualdades.

¹ Teresa Moure, *A palabra das fillas de Eva*, Vigo, Editorial Galaxia, 2004, p. 64.

² Carne Adán, *Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao cíborg*, A Coruña, Espiral Maior Universitas, 2003, p. 42.

Así, se nos permitimos ampliar o significado da linguaxe ata entender que é tamén o molde no que presentamos os nosos pensamentos ou a especia que lle dá ese sabor particular ás nosas ideas, quizais cheguemos á conclusión de que as palabras que usamos non son inofensivas senón que están cargadas, e a súa carga pode ser unha carga positiva ou unha carga negativa. Logo, decisións como as seguintes falan de como nos situamos na realidade e de que tipo de sociedade queremos:

- usar –ou non– nomes que visibilicen a toda a humanidade ou só aos homes (unha parte desa humanidade), significa optar por usar –ou non– unha linguaxe inclusiva que lle dea voz á maioría minorizada
- usar –ou non– textos bíblicos que recollan os feitos e as palabras das mulleres, significa optar por usar –ou non– unha linguaxe inclusiva que lle dea voz á maioría silenciada
- usar –ou non– a lingua galega en todas as situacións ou contextos, nalgúns ou en ningún, significa optar por usar –ou non– a inclusiva lingua galega que lle dea voz á maioría minorizada e silenciada

En calquera destas situacións a elección feita, máis ou menos reflexionada, non resulta unha decisión arbitraria por parte de quen a toma, nin resulta aséptica e sen consecuencias para quen a recibe. Coa nosa elección estamos a transmitir unha ollada valorativa sobre a realidade, e coa nosa carga de escollas lingüísticas posicionámonos social, política e economicamente.

Se coa linguaxe exercemos o poder de construír a realidade, entón sería bo pararnos a pensar se a realidade que queremos construír vai da man coa realidade que presentamos na nosa linguaxe.

Adentrarnos nesta temática non ten por finalidade buscar a polémica ou caer en improditivos maniqueísmos. O que se pretende, abordando a cuestión da linguaxe desde unha perspectiva de xénero (é dicir, cunha perspectiva desde as mulleres, cunha perspectiva feminista), é poñer de manifesto a ideoloxía patriarcal que aí se agocha e axudar a minimizar a súa carga de sexismo.

Deconstruír a nosa linguaxe patriarcal non só é posible; tamén é desexable. Empezar a escoitar a linguaxe das mulleres e outorgarlle rango de valor social vólvese un paso necesario para abri-rille as portas ao novo porque supón darlle espazo a unha “cultura minorizada, desprestixiada, que non conta”:

“A proposta [...] é unha invitación a valorar a palabra, sempre acalada, da muller; non porque as mulleres teñan máis razón cós homes, non porque sexan mellores nin, moito menos, porque teña chegado a hora de intercambiar os papeis de opresor e de escravo [...] Non. A palabra das mulleres debe atenderse porque compón unha testemuña obvia dunha cultura minorizada, desprestixiada, que non conta...”³

DA LINGUAXE DAS MULLERES

“Lingua de terceiros fixo repudiar mulleres de valía privándoas do froito dos seus traballos”(Si. 28,15)

É a comezos do século XX cando antropólogas e lingüistas introducen o concepto da diferenciación sexual da linguaxe —e ata de bilingüismo sexual— para designar un fenómeno presente na maioría das sociedades coñecidas. Posteriormente —ao redor dos anos setenta— empezarán algunhas estudosas feministas a investigar a relación entre lingua e xénero coma unha das moitas manifestacións do sexismo; acuñando o termo de “sexismo lingüístico” para referirse a expresións e termos que verbalizan actitudes e comportamentos que discriminan por razón de sexo⁴. Estes usos lingüísticos axudan a manter as desigualdades sociais entre mulleres e homes, invisibilizando ás mulleres no discurso, e polo tanto exercendo contra elas unha función de exclusión e de discriminación.⁵

³ Teresa Moure, op. cit. p. 113.

⁴ Para unha ampliación da entrada “sexismo” remitimos a Victoria Sau, *Diccionario ideolóxico feminista*, vol. I, Barcelona, Icaria, 2001, p. 257 a 259.

⁵ Teresa Moure, op. cit., p. 103.

Máis recentemente, a sociolingüista norteamericana Deborah Tannen postulou a existencia de dous “xenerolectos” ou estilos discursivos relacionados culturalmente cos xéneros feminino e masculino; sendo que a tendencia dos varóns é a utilizar o xenerolecto masculino e a das mulleres o feminino, aínda que non necesariamente o sexo biolóxico teña que coincidir sempre.⁶

Outras autoras como a psicoterapeuta e sexóloga Fina Sanz, desde outros ámbitos de coñecemento e práctica profesional, chegan a conclusións semellantes, falando da configuración dunha linguaxe propia da “subcultura feminina” e doutra da “subcultura masculina”.⁷

Na Galiza, é Teresa Moure –doutora en lingüística e coñecida escritora– quen desenvolveu máis extensamente esta temática no seu ensaio sobre muller e linguaxe, *A palabra das fillas de Eva*, sostendo teses semellantes ás anteriormente expostas por Deborah Tannen, que ela mesma cita.⁸

Da diferenza entre a linguaxe feminina e a masculina non xorde problema algún; ben ao contrario. O problemático está en que se reflicte unha valoración social xerarquizada das falas coas que homes e mulleres se expresan: así, a fala dos varóns é a fala de consideración e prestixio, a transcendente e científica e, en cambio, a fala das mulleres é a insignificante, a trivial, a do ordinario e banal do día a día. Nestas últimas décadas certos estudos paráronse a analizar a tendencia á “masculinización” tanto da linguaxe das mulleres máis novas (adolescentes, primeira adultez) como a das que acceden a postos laborais tradicionalmente vistos como masculinos.

O poder patriarcal, baseado nun sistema de dominación-submisión na que a xerarquía de poder está representada simbólicamente polo varón, exprésase así tamén na linguaxe recreando un mundo dicotómi-

⁶ En Deborah Tannen (1995), citada na obra de Victoria Sau, *Diccionario ideológico feminista, vol. II*, Barcelona, Icaria, 2001, p. 119 a 123.

⁷ Fina Sanz, *Psicoerotismo femenino y masculino. Para unas relaciones placenteras, autónomas y justas*, Barcelona, ed. Kairós, 1990, p. 38.

⁸ Remitimos á análise que fai do tema Teresa Moure no capítulo *Linguaxe feminina fronte a linguaxe masculina* no libro op. cit. p. 43 a 92.

co no que a división entre homes e mulleres parece instituír divisións binarias interminables de opostos nos que sempre o primeiro termo (referido ao masculino) parece posuír o status de referencia, validez e norma para o segundo termo (o feminino): racional/emocional, espírito/corpo, intelectual/manual, fortaleza/debilidade, actividade/pasividade... Esta dominación simbólica aínda sendo case imperceptible, é no tanto capaz de conformar non só estilos de comunicación, senón tamén vivenciais corporais primarias ou o mesmo erotismo⁹.

Deste xeito, o sexismo lingüístico lexitima os valores e o mundo dos homes perpetuando a súa orde patriarcal e mostra ás mulleres e ao mundo das mulleres como menos significantes. E así, ao nacermos, as mulleres necemos “co estigma da exclusión, sen lugar, na atopía, sen tradición e sen herdanza.”¹⁰

DA LINGUAXE LIBERADA E DA SÚA PRÁCTICA NA ASOCIACIÓN MULLERES CRISTIÁS GALEGAS-EXERIA

“Recibiron do Señor o uso das cinco facultades, e como sexta foilles concedida a intelixencia, e a sétima foi a palabra, intérprete das súas facultades” (Si. 17, 5)

Os valores tradicionais da cultura feminina coa súa linguaxe peculiar, a “linguaxe das mulleres” están a ser recuperados por parte de certas correntes do feminismo da diferenza¹¹, destacándoos coma unha ache-ga especial e valiosísima ao parto dese mundo novo que estamos a soñar moitas e moitos.

⁹ Para unha ampliación destes aspectos remitimos aos capítulos *Psicoerotismo feminino* e *Psicoerotismo masculino* do libro de Fina Sanz op.cit, p. 46 a 78.

¹⁰ Cristina Caruncho Michinel, Purificación Mayobre Rodríguez, *Un encuentro con Diótima*, Universidade de Vigo, en webs.uvigo.es/pmayobre/textos/un_encuentro_con_diotima.doc, p. 3. E engadiríamos: e os homes, ao naceren, nacen co estigma da exclusión do seu propio ser, sen acceso ás súas emocións e sentimentos, afastados dos seus afectos.

¹¹ O chamado feminismo da diferenza naceu ligado fundamentalmente á comunidade filosófica Diótima, de Verona, e á Librería de Mulleres de Milán.

“A loita na procura do ser humano esixirá que cada un aporte o que teña. Os homes, como individuos e como subcultura, teñen de seguro magníficos valores que aportar (inventores como son da ciencia e da tecnoloxía), mais as mulleres tamén teñen os seus propios valores. As historias da vida cotiá outorgan á muller a invención da agricultura. Ben está. No entanto tamén corresponde á muller, creo, a invención da palabra liberada. E non é pouco.”¹²

A palabra liberada, que xorde da cultura das mulleres –*desa outra cultura que deberíamos deixar emerxer* coma regalo das nosas antergas– é unha palabra que recrea o mundo, que o fai máis vivible ao poñer como eixos valores como o da fe na outra persoa ou o da palabra como curación e ponte:

“Gústame pensar que podemos contribuír a repensar o mundo adoptando algúns dos valores femininos; como o valor da fe no outro que formou parte das culturas das nais. Moitos poden dicir, desde logo, que agora non se ve nas nais ese valor [...] e [...] [que] se atopa mellor en moitos mestres varóns, en moitos pais de fillos con minusvalías [...] De acordo. Mais forma parte desa outra cultura, que deberíamos deixar emerxer. O máis obvio, con todo, é o valor da palabra como curación, como ponte [...] As mulleres, entre mulleres, decátanse da vida íntima, dos aspectos que caen fóra da vida pública. E iso fainas tolerantes, comprensivas e sabias [...] O valor da palabra liberada é un valor da cultura de mulleres que pode mellorar o mundo [...]”¹³

O certo é que un número nada desprezable de estudos con perspectiva de xénero están a devolverlle á linguaxe e ao mundo das mulleres o seu lugar fronte á atopía na que as pretendía manter o patriarcado.¹⁴ E resulta sorprendente que, algunhas desas estudosas –declaradamente non crentes– no camiño de recuperar a linguaxe das mulleres, están a

¹² Teresa Moure, op. cit. p. 117.

¹³ Teresa Moure, op. cit. p. 115

¹⁴ Posiblemente non está de máis recordar a achega importantísima dos feminismos nos últimos séculos: en Teresa Moure, op. cit. p. 116 e 117.

encontrarse –non sen unha boa dose de sorpresa e asombro– cunhas mulleres que aparentemente parecían situadas ben lonxe delas: coas místicas cristiás.

Estas investigadoras chegan a descubrir unha nova linguaxe a través da lectura de místicas da Idade Media como as beguinas¹⁵, Matilde de Magdeburgo, Hadewijch de Amberes, Margarita Porete, Ángela de Foligno, Juliana de Norwich, e mesmo das máis cercanas Teresa de Ávila, Teresa de Lisieux, Ety Hillesum ou Simone Weil.

Nelas recuperan a creatividade dunha linguaxe diferente que parte do cotiá, do pracer de vivir e da experiencia fonda de permitirse sentir o contacto amoroso que sustenta a vida. Chámalles especialmente a atención a liberdade dos textos e das vidas das místicas. Incluso se tomaron, segundo a filósofa Luisa Muraro, “a liberdade de escribir sobre Deus na súa lingua materna”:

“Trátase de textos escritos por mulleres que, por primeira vez na historia de Occidente, tomaron a liberdade de escribir sobre o seu Deus na súa lingua materna, non en latín. Fixérono, non porque non soberan latín –unhas sabían, outras non– senón porque o latín, que era unha lingua morta desde o século VII, non tiña xa alento para dicir o que elas querían dicir; e non o tiña porque xa non era a lingua materna de ninguén.”¹⁶

Estes escritos da mística feminina, aos que Luisa Muraro denomina “teoloxía en lingua materna”, son –segundo esta autora– un verdadeiro tesouro, un referente inigualable para o redescubrimento e posta en valor da linguaxe das mulleres e da súa especificidade.

¹⁵ O movemento das beguinas –condenado no Concilio de Viena (1311), ocultado ao longo dos séculos na nosa Igrexa e hoxe aínda case que totalmente descoñecido– foi un movemento de mulleres que xorde nos Países Baixos a finais do século XII e se estende nos últimos séculos do medioevo por Europa occidental. Remitimos ao *Diccionario ideolóxico feminista (Volumen II)* de Victoria Sau, p. 232 a 236.

¹⁶ María-Milagros Rivera Garreta, *La experiencia corporal de Dios como práctica política*, prólogo ao libro de Luisa Muraro, *El Dios de las mujeres*, Madrid, Ed. horas y HORAS, 2006, p. 5 ou tamén a propia Luisa Muraro nesta mesma obra citada, p. 31.

“A nosa cultura está atravesada, desde a Idade Media ata os nosos días, por un filón de ouro, un verdadeiro tesouro. Son os textos da mística feminina ou, como eu prefiro dicir, da teoloxía en lingua materna [...] ao dicir teoloxía, enténdoa no sentido máis elemental da palabra, como un falar de Deus e un facerlle falar, prestando atención a quen di ou dicía Deus para conseguir dicir de si e do mundo mantendo aberto o horizonte a algo mellor [...] Isto é especialmente certo do Deus das mulleres, falado e falante –sen moitas cerimoniais nin estudos especiais– na lingua materna, a primeira que aprendemos, a que nos saca da fusión e confusión da vida primixenia, e custodia as pegadas das nosas experiencias máis antigas.”¹⁷

As místicas son mulleres capaces de vivir libres e poderosas desde unha nova orde simbólica; unha orde na que a autoridade do seu pensar e do seu sentir está máis alá da intercesión e da autoridade patriarcal, tanto social como eclesial.

Nesa experiencia estamos a adentrarnos as mulleres da Asociación Exeria desde o ano 1996. Se nun comezo nos aglutinou sobre todo unha enorme indignación pola discriminación constante no seo da nosa propia Igrexa; de seguida caemos na conta de que organizarnos como mulleres crentes nos estaba a situar nun lugar de fronteira. Así, por un lado, nos espazos eclesiais comunitarios –aínda nos máis alternativos e galeguistas– estabamos a ser alcumadas con certa incompreensión como “as feministas”, e por outro lado, entre as organizacións de mulleres cualificábanos con algo de desconfianza como “as cristiás”. Esta nova circunstancia –difícil, complexa, dura moitas veces– estaba a colocarnos, no fondo, na mellor das perspectivas para a aprendizaxe da disidencia, reafirmándonos día a día na participación construtiva nun e noutro espazo.

Transitar en espazos feministas, foinos axudando a descubrírmonos mulleres cheas de diferenzas, con capacidades, fortalezas e sabidurías agochadas que queremos poñer en circulación. Hoxe buscamos achegar xeitos distintos: non desde o poder da xerarquía (social ou eclesial)

¹⁷ Luisa Muraro, op. Cit. p. 13-4.

senón desde a mediación da circularidade democrática, non desde as motivacións tan só ideolóxicas senón tamén desde a tenrura e o afecto, non desde as teorías (ou teoloxías) especulativas de cuño maiormente masculino senón desde as reflexións que nacen da nosa vida de mulleres e volven a ela.

Deste xeito, estámonos atrevendo –por exemplo– a celebrar comunitariamente a nosa fe, sen a mediación clerical, saboreando a liberdade da Ruah que Xesús de Nazaré, María, María Magdalena e tantas outras e outros exercitaron na súa vida. Buscamos empregar unha linguaxe inclusiva, rescatar ás mulleres acaladas nos textos bíblicos, citar ás matriarcas e enraizarnos na experiencia desa Deusa ancestral dadora de vida.

Ensañar novos usos da linguaxe estanos levando a habitar o noso corpo con menos medos e complexos. E a deixarnos atravesar polo pracer de sentir a sexualidade e de gozar da vida para, desde aí, buscar novas palabras –novos nomes– cos que poder dicir da nosa realidade e das nosas experiencias espirituais.

Repensar desde a perspectiva das mulleres a nosa bagaxe e experiencia de fe, así como a estrutura relixiosa na que estabamos, atopounos peneirando teoloxías masculinas, comportamentos persoais e grupais xerarquizantes, estilos caducos e normas asoballantes para nós.¹⁸ Decidimos cuestionar todo o preciso e –con lucidez e valentía– reescribir coa nosa linguaxe aquilo que estabamos a experimentar como o noso meirande poderío: a nosa espiritualidade de mulleres¹⁹. Desde ela e desde a súa forza fomos quen de entrar e participar como asociación na Marcha Mundial das Mulleres, mesmo ofertando realizar un Foro de Espiritualidade no Encontro Europeo celebrado en Vigo no ano 2004,

¹⁸ Parte de todo este percorrido pódese ir atopando nas revistas *Exeria* ou tamén no libro que recolle os dez anos de andadura da Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria, *Donas da nosa Memoria*, Compostela, 2007.

¹⁹ Remitimos ao artigo de Tareixa Ledo Regal, *Nomeando unha espiritualidade en clave de muller e Da linguaxe relixiosa (sexista) á linguaxe inclusiva* en Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria, *Donas da nosa Memoria*, Compostela, 2007, p. 147 a 160.

ou organizando no mes de abril do 2008 un Obradoiro sobre espiritualidade feminista: *Sabémonos mulleres, descubrímonos deusas*.

Porque parte da nosa ansia é amosar outro rostro de igrexa en foros onde só chegan as palabras condenatorias da xerarquía eclesiástica; unha linguaxe patriarcal. Porque parte da nosa ansia é amosar outro xeito de vivirmos como mulleres e de crearmos relacións de xénero desde a igualdade de valor e o respecto á diversidade; estilos novos que crean e precisan estruturas organizativas tamén novas, que a nosa Igrexa precisa, e que a nosa Igrexa galeguista máis alternativa tamén precisa.

Hoxe sentimos unha necesidade imperiosa de rescatar os mitos verdadeiramente ancestrais que nos dan ás mulleres a medida do que somos: do noso poderío evidente para dar vida, da nosa capacidade inmensa para respectala, coidala e sostela. E precisamos recrealos desde a linguaxe das mulleres, desde a nosa linguaxe materna, a linguaxe liberada... unha linguaxe liberada coa que Teresa Moure reescribe o mito da creación:

“No principio creou Deusa a palabra [...] E Deusa estivo contenta da súa idea. Nas eternidades que seguiron, Deusa inventou moitas cousas [...] Creou daquela Deusa ao primeiro home e á primeira muller, e non fixo a ningún cos sobrantes do outro [...] E Deusa pensou que aquilo era bo. As súas criaturas viviron felices no paraíso do Edén [...] A árbore do ben e do mal desprendía un forte arrecendo a verdade [...] Eva volveu comer da árbore e volveu sentir a falta de algo máis que convertese os xestos en sentimentos e imprecou de novo á súa Deusa. Deusa inventora [...], Deusa da tenrura e da imaxinación, escoitou á súa Eva e regaloulles aos seres humanos [...] o poder da palabra. Adán e Eva puideron así aprender a escribir poemas e a detectar sentimentos, a gozar das experiencias rememoradas e a inventar paraísos descoñecidos. E aí foron, por fin, visionarios e tolos, sentindo o amor como só pode sentirse cando se lle dá nome. E Eva congratulouse contenta do que era, sen dúbida, o mellor dos inventos, ese co que Adán lle podía dicir “Dime como queres que te bique, ¿aquí?, meu amor, aí, Eva, compañeira [...] que

me regala as palabras nunca oídas” [...] Máis en canto acababa a festa dos sentidos, Adán sentíase canso. E calaba [...] Ela amábao, desde logo, mais aquela sensación de silencio facíaa sentirse triste. Daquela Eva xa estaba embarazada. De todas nós. Por iso todas somos fillas de Eva.”²⁰

Traspasar a pel desta linguaxe liberada e apropiarse dela é un reto para nós, mulleres. Tamén para vós, homes. “Porque a alternativa ao poder patriarcal, economicista, uniformador e explotador non se fai sen os amigos comprensivos, sen os amantes cariñosos, sen os benqueridos homes.”²¹ Porque a liberación da linguaxe vai ser unha liberación de homes e mulleres a través da palabra; cun discurso que se deixe invadir pola tenrura.²² Porque para conseguir a dita “habera que dicir moitas cousas imprevistas, habera que cambiar o mundo coa palabra. Ben-ditos sexan os que o fagan.”²³

Tareixa Ledo Regal, socióloga.

Maite Cabanas, mestra.

Pertencen á Asociación Mulleres Cristiás Galegas

²⁰ Teresa Moure, op. cit. p.123 a 126

²¹ Teresa Moure, op. cit. p. 117

²² Teresa Moure, op. cit. p. 115

²³ Teresa Moure, op. cit. p. 116



A Declaración de Dereitos Humanos. 60 anos de boas intencións

Xosé Manuel Caamaño López

Era o 10 de decembro de 1948. Cando polo norte asomaban xa as treboadas dun duro inverno a piques de comezar, desde París resplandecía coma nunca a quentura dun raio que conmovería as entrañas de milleiros de persoas. Promulgábase de maneira oficial a *Declaración Universal de Dereitos Humanos*. Crimes internacionais e estruturais, xenocidios, torturas, atentados contra as necesidades máis básicas, guerras mundiais..., toda unha serie de barbaries tiveron que sucederse para que a voz dos silenciados retumbara por fin nos tímpanos dos poderosos.

Cando xa estaba a piques de rematar a Segunda Guerra Mundial coa explosión de bomba atómica en Hiroshima, varios países firman en San Francisco a *Carta de Nacións Unidas*. Era o 26 de xuño de 1945. A intención dos asinantes queda ben expresada no preámbulo: preservar ás futuras xeracións do flaxelo da guerra, proclamar a fe nos dereitos fundamentais, na dignidade e no valor da persoa, crear as condicións necesarias para manter a xustiza, e promover o progreso social. Boas intencións que precisaban un desenvolvemento a través dos dereitos concretos.

Así, o 24 de outubro dese mesmo ano fúndase a Organización de Nacións Unidas co fin de darlle continuidade e eficacia ao que xa na Carta estaba insinuado. As intencións xerais tiñan que mudarse en obxectivos concretos. Créase así a Comisión de Dereitos Humanos presidida por Eleanor Roosevelt co fin de elaborar unha Declaración

que sentase as bases duns dereitos que deberían ser respectados de xeito internacional, máis aló das disputas no seo das propias nacións. Cal é o trasfondo da Declaración? Por que neste momento? Que di realmente?

1. ANTECEDENTES DA DECLARACIÓN DE 1948

1.1. *Unha nova sensibilidade*

Aínda que se poidan mencionar diversos fitos concretos na evolución do recoñecemento de dereitos humanos que dalgunha forma levaron ou influíron na Declaración da ONU, realmente esta foi froito dunha nova sensibilidade xestada ao longo do segundo milenio da nosa era e que adquiriría a súa máxima actualización despois dos grandes cambios dos séculos XIX e XX. De maneira un pouco simplista podemos sintetizar ese largo camiño dicindo que se produciu o “tránsito do que Durkheim chamaba ‘solidariedade mecánica’ ao descubrimento do ser individual”. A pesar das excepcións, sería a partir do século XVI cando comezase o verdadeiro nacemento do suxeito individual baixo a influencia de todo o humanismo renacentista, a Reforma Luterana e os novos camiños da filosofía racionalista cos movementos xurdidos a partir de entón e que culminarían na Ilustración. Foi o propio Kant quen a definía do seguinte xeito: “é a saída do home da súa autoculpable minoría de idade. A minoría de idade significa a incapacidade de servirse do seu propio entendemento sen a guía doutro (...). *Sapere aude!* Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, este é o lema da Ilustración”. É o momento no que o ser humano se emancipa do todo social para aspirar a ser único e irrepetible. “Non hai outro eu! Haberaos maiores e menores, mellores e peores, pero non outro eu”, dicía Unamuno. E nesta ansia de ser un mesmo autónomo, a liberdade convértese nun dos reclamos fundamentais pasando a ser tamén a pedra angular na loita polos dereitos humanos.

1.2. *Textos fundamentais na evolución dos dereitos humanos*

Tendo en conta a importancia deste cambio xeral de sensibilidade, pódense mencionar tamén varios acontecementos importantes que

conduciron ao recoñecemento paulatino dos dereitos humanos. Nesta liña hai autores que mencionan xa coma antecedentes a *Oración Fúnebre* pronunciada por Pericles durante as exequias dos soldados atenienses mortos na guerra do Peloponeso (siglo V a.C.), a famosa *Charta Magna Libertatum* subscrita por Juan Sin Tierra (s. XIII), o Código dos *Usatges* promulgado pouco despois en Barcelona por Ramón Bereguer I, ou a xa máis tardía programática dos Reis Católicos sobre o dereito á liberdade de residencia dos homes libres. Sen negar a importancia que puideron ter no seu momento, en realidade non son máis que arengas patrióticas ou afirmacións de dereitos estamentais, pero non declaracións de dereitos humanos.

Sería a partir do renacemento –primeiro con personaxes como Bartolomé de las Casas, Vitoria e Suárez (coas súas ideas da *respublica universalis*), e logo con figuras como Locke– cando se produza o verdadeiro cambio de mentalidade e os que son antecedentes máis directos da Declaración de 1948. O primeiro deles será a *Bill of Rights* do Bo Pobo de Virxinia promulgada o 12 de xuño de 1776, na cal se atribuían xa dereitos aos individuos en canto persoas e non en virtude da súa pertenza a un determinado estamento. Agora ben, convén non esquecer quen era considerado persoa nesa declaración. A resposta daríaa o Tribunal Supremo de Estados Unidos case un século máis tarde: “os negros non están comprendidos, nin nunca se supuxo que estiveran comprendidos, entre os cidadáns mencionados pola Constitución (...). Desde fai máis dun século están considerados como pertencentes a unha especie inferior que non goza de ningún dereito que deba respectar o home branco”. A Declaración forma parte das emendas á Constitución dos EEUU, contendo ademais o polémico artigo do dereito de calquera cidadán a ter e levar armas.

Pouco máis tarde, a Asemblea Nacional Francesa promulgaría a célebre *Declaración dos Dereitos do home e do cidadán*. Era o 26 de agosto de 1789, no seo mesmo da Revolución Francesa. O propio Robespierre afirmaría que se estaba facendo “a primeira revolución fundada sobre a teoría dos dereitos da humanidade”. Así deste modo, a Declaración comeza dicindo que “os homes nacen e permanecen libres e iguais”.

Agora ben, enténdase literalmente, “os homes”, non as mulleres nin os negros, senón tan só os varóns brancos e ricos, eles son os que teñen voz e voto. Fixémonos en que pouco despois Olympe de Gouges proporía unha declaración paralela co título *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*. Case nin fai falla dicir que non tardou demasiado en ser guillotizada.

1.3. *Movimentos de influencia na afirmación de dereitos*

Aínda así, trátase de textos escritos nun determinado momento e contexto, que sen chegar a ser realmente declaracións de dereitos humanos, si se poden considerar pequenos pasos nun percorrido nada sinxelo que culminaría na Declaración Universal. Ao lado destes escritos hai que considerar tamén varios feitos que, sen dúbida, tiveron unha influencia notable, desde a loita pola liberdade de conciencia ata o declive do absolutismo no que o pobo empezaba a aplicarse para si a famosa sentenza de Luís XIV: “*L’Etat c’est moi*”. Non menos importantes foron tamén as loitas dos movementos obreiros que propoñían unha sociedade máis igualitaria e xusta. “De cada cal segundo as súas capacidades, a cada cal segundo as súas necesidades”, dicía Marx. Non se pode esquecer a influencia que tales loitas tiveron nas novas utopías, cuxo emblema queda sintetizado naquel gravado do 68: “sede realistas, pedide o imposible”, unha nova maneira de entender a esperanza. Por último, é fundamental ter presente tamén a decisiva importancia da loita pola liberación da muller, non só polo que puido ter de reafirmación propia, senón pola influencia que exerceu tamén noutros movementos de liberación. Atrás quedaban frases que consideraban á muller coma un “macho fallido”, ou a que dicía que era *propter uterum et ovaria* (polo útero e os ovarios). Aínda no século XIX grandes filósofos como Shopenhauer chegan a escribir: “Que pode esperarse das mulleres, se se reflexiona que no mundo enteiro non produciu este sexo un só xenio verdadeiramente grande, nin unha obra completa e orixinal nas belas artes, nin un só traballo de valor duradeiro, sexa no que fora? (...). Tomadas en conxunto, son e serán as nulidades máis cabais e incurables”. O caso é que desde a Revolución Francesa a loita feminista non se detivo, ata o punto de que mesmo se diversificaron

os grupos feministas. Non é casual que quen presidiu a Comisión de Dereitos Humanos foi precisamente unha muller.

Sen dúbida, o camiño cara o recoñecemento dos dereitos humanos estaba aberto. A urxencia para precisalos definitivamente viría tralas consecuencias da Segunda Guerra Mundial e as diversas prácticas realizadas durante o nazismo: esterilización obrigatoria, eutanasia, etc. Recordemos que se soe dicir que “se a física perdeu a súa inocencia en Hiroshima, a medicina perdeuna en Aushwitz”. A Declaración de Dereitos Humanos non era só unha casualidade senón sobre todo unha necesidade.

2. A DECLARACIÓN DE DEREITOS HUMANOS DE 1948

Foi preciso esperar ata o 10 de decembro de 1948 para que a Asemblea Xeral da ONU, formada por 58 Estados, aprobara a Declaración de Dereitos Humanos, con 48 votos a favor e 8 abstencións (dous Estados non asistiron á votación). Con ela, a humanidade enteira proclamaba por fin que toda persoa, polo mero feito de selo, independentemente de sexo, raza ou cor, tiña uns dereitos básicos que debían ser respectados. Así comeza a Declaración: “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. Por iso, o fío condutor da Declaración non será senón a promoción, o respecto e a defensa da dignidade das persoas. Xa no preámbulo se di que só mediante “o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana” quedará garantida a liberdade, a xustiza e a paz no mundo. O resto de artigos non fan senón sacar as consecuencias máis concretas necesarias para o respecto da dignidade de todos os seres humanos.

2.1. O contido da Declaración

De maneira global podemos dicir que ao longo dos trinta artigos de que consta a Declaración, vanse recollendo as distintas tradicións que a fixeron posible. Se quixéramos subdividila, poderíamos distinguir dúas grandes partes, deixando a un lado o preámbulo e os dous últimos artigos conclusivos. Así, unha primeira parte, dos artigos 1 ao

21, refírese aos chamados “dereitos civís e políticos”, é dicir, aqueles que proveñen dunha síntese das tradicións liberal e democrática de autores como Locke, Stuart Mill ou Rousseau. Tratan de preservar a esfera íntima e privada das intromisións e manipulacións do poder estatal. Por iso se lles chamou liberdades negativas. A súa titularidade é individual podendo ser esixible de maneira coactiva. Son os tamén chamados –por autores como K. Vasak o R. Cassen– “dereitos de primeira xeración”.

En cambio, na segunda parte, do artigo 22 ao 28, trátase dos “dereitos económicos, sociais e culturais”. Neles recoñécense os dereitos das persoas en canto cidadáns dun pobo, recollendo boa parte dos reclamos de movementos obreiros que funden as súas raíces no marxismo. O que intentan é que o Estado interveña satisfacendo necesidades. Mentres os anteriores non custan nada, estes esixen dispoñer de medios para poder garantir a sanidade, a educación ou a vivenda, é dicir, inspíranse no ideal da igualdade social, algo que só parece posible con intervención estatal. Son os coñecidos coma “dereitos de segunda xeración”.

Algúns teóricos como Antonio Cassese, pertencente á propia Comisión que a elaborou, desglosa este contido en cinco puntos. O primeiro refírese aos dereitos da persoa (dereito á vida, á liberdade, á igualdade...). O segundo aos dereitos do individuo nas súas relacións sociais (intimidade familiar, posuír unha nacionalidade, propiedade, liberdade relixiosa...). O terceiro ós dereitos políticos (liberdade de pensamento e reunión, dereito electoral, acceso ao goberno...). O cuarto aos dereitos económicos e sociais (ao traballo, ao descanso...). E o quinto trataría o dereito a un orde social e internacional xusto.

Por tanto, na Declaración confluíron moitas correntes ideolóxicas para facer unha guía de seguimento que afectase a milleiros de persoas, tarefa nada sinxela debido á diferenza cultural reinante no mundo e, de seguro, tamén aos posibles intereses políticos que existen. De aí tamén a dificultade para facer que se tratara dunha Declaración vinculante, é dicir, cuns dereitos que os Estados deberían velar que se respectaran. En principio tratábase dun acordo moral, polo que a dificultade da súa



universalización non é sinxela. De feito, a ONU falou da conveniencia de elaborar un acordos vinculantes para todos os Estados que quixeran firmalos, un traballo que avanzou lentamente ata que en 1966 se firmaron en Nova York dous pactos interesantes, o *Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais*, e o *Pacto internacional de dereitos civís e políticos*. Aínda así, estes pactos non entraban en vigor se non os firmaban polo menos 35 países membros, cousa que aínda tardaría dez anos máis en producirse, en 1976. España ratificaríao un ano máis tarde, 28 anos despois da propia Declaración.

2.2. *As notas fundamentais da Declaración*

Segundo a Declaración todos os seres humanos, polo simple feito de selos, son suxeitos de todos os dereitos, é dicir, que todos temos uns determinados dereitos que nos pertencen independentemente da nosa condición. Por iso os autores soen falar de catro notas básicas dos dereitos humanos.

A primeira é que son naturais, brotan da mesma natureza do ser humano, sendo así anteriores e superiores a todo dereito positivo, pre-estatais incluso, o que non quere dicir que non deban ser explicitados nas leis.

A segunda é que son inviolables, é dicir, que non se pode privar a ninguén deles, o que non quere dicir que sexan ilimitados, dado que o exercicio dos propios dereitos remata onde comezan os dereitos dos demais.

A terceira é que son inalienables, un mesmo no pode renunciar á titularidade dos seus dereitos aínda que renuncie ao seu exercicio.

E, por último, son universais, válidos para todos sen excepción algunha. Quizais aquí estea unha das grandes dificultades de aceptación da Declaración. De feito non poucas veces se lle acusou ser unha declaración totalmente occidental, cousa por outro lado obvia, dado que conceptos tan importantes como “dignidade” non teñen paralelo noutras culturas. De aí tamén a importancia de buscar o que Panikkar chama “equivalentes homeomórficos”, que non é senón un intento de buscar confluencias noutras culturas que dalgún xeito poidan ser equi-

valentes aos nosos conceptos. Aínda así, hai que ter en conta que isto non significa que por ser cultural, calquera práctica pode ser aceptada (por exemplo, a lapidación).

2.3. *As xeracións de dereitos humanos*

Sen dúbida, o dereito fundamental é o dereito á vida, que se refire, como é obvio, ao dereito quen un ten de conservar e desenvolver a súa vida, á inviolabilidade da mesma, pero non ao dereito a recibila, dado que se aínda non se vive non existe ningún titular de tal dereito. Aínda que é estraño que, sendo o dereito fundamental, apareza no número tres da Declaración, hai que ter en conta que na Declaración non se establece unha xerarquía entre os distintos dereitos.

Así, tendo como referente o dereito á vida, hai algúns autores que tentaron ampliar a Declaración a medida que ían xurdindo novas necesidades. Recordemos que o mesmo título é *Declaración de Dereitos humanos*, non “dos” dereitos humanos, o que significa que estamos ante unha Declaración aberta na que poden incorporarse novos dereitos.

De feito, na Declaración tan só aparecen recollidos os que diversos autores chamaron dereitos de primeira e segunda xeración. Será a partires da metade do século XX cando vaian xurdindo outra serie de dereitos que xa non teñen como suxeitos aos individuos ou cidadáns, senón a comunidades, pobos e incluso á humanidade enteira. Son os dereitos de “terceira xeración”, coñecidos tamén coma dereitos colectivos de solidariedade, que veñen demandados sobre todo pola gran diferenza entre países ricos e pobres, pola desigualdade Norte-Sur, a contaminación medioambiental, etc. Entre eles estarían o dereito ao desenvolvemento, a un medio ambiente san, á paz, á autodeterminación, á identidade cultural... Se os dereitos de primeira xeración tiñan coma lema a liberdade e os de segunda a igualdade, algúns opinan que os da terceira se engloban baixo o lema da fraternidade, coincidindo así co lema da Revolución Francesa: igualdade, liberdade e fraternidade.

Aínda hai que facer mención da aparición de novos dereitos que algúns empezan a chamar de “cuarta xeración”, na que estarían englo-

bados os dereitos dos animais, os das futuras xeracións e todos aqueles que poidan ir aparecendo no transcurso do tempo.

3. A IGREXA ANTE A DECLARACIÓN DE DEREITOS HUMANOS

A ninguén se lle oculta a reticencia de Igrexa a aceptar as diversas declaracións de dereitos que se formularon ao longo da historia. Os motivos non son sinxelos de avaliar. Na época moderna probablemente influíron as malas relacións con gobernos liberais e a ameaza que algúns eclesiásticos vían de querer construír unha sociedade prescindindo de Deus. A partires de León XIII o panorama foi cambiando paulatinamente. A Igrexa comeza a sensibilizarse de maneira oficial cos dereitos dos obreiros e dos migrantes. No tanto, cando no 48 se promulga a Declaración, Pío XII fai oídos xordos. Por que non a subscribe nin fai referencia a ela en ningún dos seus textos? Recordemos que aínda non estaba aceptada a liberdade relixiosa, pola que parece que non gustaba a falta de referencia ao Creador ou á dimensión trascendente da persoa. Por outro lado, é posible que tampouco gustara demasiado a porta que a Declaración deixa aberta á posibilidade da disolución do matrimonio, que para a doutrina eclesiástica era inaceptable. Realmente a Declaración era un documento no que se buscaba o maior consenso posible, prescindindo para elo de pretensión de determinadas confesións relixiosas. O propio René Cassen diría que *“evitamos tropezar con ningunha convicción de orde superior ou formular principios imposibles de soste para as grandes familias espirituais ás que pertencen centenaes de millóns de individuos”*.

É posible que Pío XII a rexeitase por fixarse máis no que divide que no que une. Ese non sería o caso de Xoán XXIII, que, seguindo o proceso inverso, si preferiu centrarse naquilo que nos vincula deixando á marxe o que nos separa. Tal foi así que na encíclica *Pacem in Terris* do ano 63 non só cita a Declaración da ONU, senón que fai unha enumeración de dereitos humanos practicamente similar. Aínda así, hai que ter en conta as reservas de Xoán XXIII: *“Non se nos oculta que certos capítulos desta Declaración suscitaron algunhas obxeccións fundadas. Xulgamos, non obstante, que esta Declaración debe considerarse*

un primeiro paso introdutorio para o establecemento dunha constitución xurídica e política de todos os pobos do mundo”.

Estas reservas referíanse fundamentalmente á fundamentación, polo que de forma clara os dereitos pasan a formar parte da ensinanza social oficial, cousa que se reafirmaría de maneira clara no Concilio Vaticano II coa aprobación dos seus últimos documentos no ano 65, *Gaudium et spes* e *Dignitatis humanae*, onde se afirma a liberdade relixiosa fundada na dignidade humana. A partir de entón, os dereitos humanos, a súa defensa e tamén os deberes que o seu recoñecemento conleva, serían unha constante do maxisterio posterior ata a actualidade, polo menos no plano teórico.

4. VALORACIÓN FINAL

Pasados 60 anos desde a promulgación da Declaración, a ninguén se lle escapa que o quebrantamento dos dereitos humanos en moitos lugares do mundo segue a ser máis frecuente do que cabería esperar. Tanto é así que non estraña que algún autores cheguen a dicir que o máis universal da Declaración sexa a súa universal negación. Xa cando se conmemorara o cincuenta aniversario Amnistía Internacional publicaba un informe no que recordaba que en 141 países se estaban violando de maneira sistemática os dereitos máis fundamentais: execucións, torturas, desaparicións, violencia sobre nenos e mulleres, tráfico de armas, pena de morte... Salima Ghezali, en referencia á situación que vivían en Arxel, chegou a dicir que “no meu país, cada día que vivimos, é unha vitoria gañada á morte”.

Sen dúbida, os dereitos humanos son hoxe o marco publicitario máis concorrido de calquera declaración ou campaña. Ata se chegou a falar dos “dereitos das pedras”. Afirmamos e recoñecemos dereitos sen a responsabilidade de asumir deberes. O mesmo Gandhi afirmara que a verdadeira fonte dos dereitos é o deber, dado que “se descoidando os nosos deberes, corremos tralos nosos dereitos, estes escaparánsenos coma un fume fatuo. Canto máis os persigamos, máis se afastarán”. Dereito a veto, resistencias contra a creación dun organismo interna-

cional controlador e vinculante... A vontade política na escena internacional só aparece cando perigan bolsas e mercados.

É probable que a mesma Declaración deixe abertos algunhas regañas quizais imposibles de pechar, como pode ser a fundamentación dos dereitos. A este respecto son de gran interese os intentos de moitos autores coma os da ética discursiva de Adela Cortina, Habermas e Apel, o argumento *ad horrorem* de José Antonio Marina e María de Válgoma ou incluso a fundamentación na *imago et similitudo Dei* da Tradición cristiá, que ao fin e ao cabo non son senón argumentos baseados en crenzas máis ou menos razoables. De feito, MacIntyre chegara a afirmar que crer nun determinado fundamento é “como crer en bruxas e unicornios”. Realmente, aínda que é importante avanzar na liña da busca dun fundamento que impida que os dereitos se manipulen ao fío dos avatares da historia, ese non era o intento da Declaración, senón sobre todo a protección dos dereitos máis básicos, a busca dun consenso moral, político e social que levara a respectar a dignidade da persoa máis aló de onde se fundamente. “Se hai acordo respecto aos dereitos, que importa o desacordo sobre a súa fundamentación?”, preguntábase Victoria Camps.

Lamentablemente o panorama non é demasiado alentador. Guerras, fame, caiucos nas nosas costas con situacións inhumanas..., feitos que se tentan solucionar con fronteiras e despregues militares sen romper definitivamente coa fronteira do desenvolvemento e da inxustiza social. Os intentos de accións individuais, de fundacións e organizacións non gobernamentais teñen aínda o freo dunha pouca vontade política máis preocupada polos números do Ibex que polas vítimas empobrecidas da terra. Unha responsabilidade da que a Igrexa non pode estar ausente, cara dentro e cara fóra, dado que se hai algo fundamental da súa misión non é senón o servizo aos máis necesitados.

En definitiva, a Declaración de Dereitos Humanos significou algo moi importante, pero algo no que temos a obriga moral de seguir avanzando para que realmente a teoría se reflecta na realidade e para que os dereitos se muden tamén en deberes que temos que cumprir e realizar na nosa vida e na daqueles que suspiran por tela. Así falaba o anterior

presidente da ONU Kofi Anan nun discurso de 1997: “A loita polos dereitos humanos universais foi sempre e en todas partes a loita contra todo tipo de tiranía e inxustiza, contra a escravitude, contra o colonialismo, contra o *apartheid*... Xoves amigos de todo o mundo, vós sodes quen debedes levar a cabo estes dereitos agora e por sempre. O seu futuro e o seu destino están nas vosas mans. Os dereitos humanos son os vosos dereitos. Agarrádevos a eles. Defendédeos, Promociónádeos. Comprendédeos e insistide sobre eles. Alimentádeos e enriquecédeos. Eles son o mellor que tedes. Dádelle a vosa vida”.

Xosé Manuel Caamaño López
Universidade Pontificia Comillas de Madrid



E se Obama fose africano?

Mia Couto

Os africanos reloucamos coa vitoria de Obama. Eu fun un deles. Despois dunha noite en branco, na irrealidade da penumbra da madrugada, as bágoas corríanme cando pronunciou o discurso de vencedor. Nese intre, eu era tamén un vencedor. A mesma felicidade me atravesara cando Nelson Mandela foi liberado e o novo estadista sudafricano consolidaba un camiño de dignificación de África.

Na noite do 5 de Novembro, o novo presidente norteamericano non era só un home que falaba. Era a sufocada voz da esperanza que se volvía erguer, libre, dentro de nós. O meu corazón votara, mesmo sen permiso: habituado a pedir pouco, eu festexaba unha vitoria sen dimensións. Ao saír á rúa, a miña cidade desprazárase para Chicago, negros e brancos respirando, comungando dunha mesma sorpresa feliz. Porque a vitoria de Obama non foi a de unha raza sobre outra: sen a participación masiva dos americanos de todas as razas (incluíndo a da maioría branca) os Estados Unidos de América non nos terían dado motivo para festexarmos.

Os días seguintes, fun recollendo as reaccións eufóricas dos máis diversos recantos do noso continente. Persoas anónimas, cidadáns comúns queren testemuñar a súa felicidade. Ao mesmo tempo fun tomando nota, con algunhas reservas, das mensaxes solidarias de dirixentes africanos. Case todos chamaban a Obama de “noso irmán”. E pensei: estarán todos eses dirixentes sendo sinceros? Será Barack Obama familiar de tanta xente politicamente tan diversa? Teño dúbidas. Na présa de ver preconceitos soamente nos outros, non somos capaces de ver os nosos propios racismos e xenofobias. Na présa de condenar o Occidente, esquecemos aceptar as leccións que nos chegan dese outro lado do mundo.

Foi entón que me chegou ás mans un texto dun escritor camerunés, Patrice Nganang, titulado: *E se Obama fose camerunés?* As cuestións que o meu compañeiro do Camerún propoñía suxeríanme preguntas diversas, formuladas agora arredor da seguinte hipótese: e se Obama fose africano e concorrese á presidencia nun país africano? Son estas as preguntas que me gustaría tratar neste texto.

E se Obama fose africano e candidato a unha presidencia africana?

1. Se Obama fose africano, o seu opoñente (un George Bush calquera de África) inventaría cambios na Constitución para prolongar o seu mandato máis aló do previsto. E o noso Obama tería que esperar uns anos máis para volver a ser candidato. A espera podería ser longa, se temos en conta a permanencia dun mesmo presidente no poder en África. Uns 41 anos no Gabón, 39 en Libia, 28 en Cimbabue, 28 en Guinea Ecuatorial, 28 en Angola, 27 en Exipto, 26 no Camerún. E por aí fóra, permanecen unha quincena de presidentes que gobernan desde hai máis de 20 anos consecutivos no continente. Mugabe terá 90 anos cando termine o seu mandato, para o cal se impuxo por enriba do veredicto popular.

2. Se Obama fose africano, o máis probábel era que, sendo un candidato do partido da oposición, non tería espazo para facer campaña. Faríanlle como, por exemplo, no Cimbabue ou no Camerún: sería agredido fisicamente, sería prendido consecutivamente, retiraríanlle o pasaporte. Os Bushs de África non toleran opositores, non toleran a democracia.

3. Se Obama fose africano, non sería nin sequera candidato en gran parte dos países, porque as elites no poder inventan leis restritivas que pechan as portas da presidencia a fillos de estranxeiros e a descendentes de inmigrantes. O nacionalista zambiano Kenneth Kaunda está sendo cuestionado, no seu propio país, como fillo de malawianos. Convenientemente “descubriron” que o home que conduciu a Zambia á independencia e gobernou máis de 25 anos era, ao fin, fillo de malawianos e durante todo ese tempo gobernara “ilegalmente”. Prendido por supostas intencións golpistas, ao noso Kenneth Kaunda (que dá

nome a unha das máis nobres avenidas de Maputo) prohibíronlle facer política e así, o réxime vixente vese libre dun opositor.

4. Sexamos claros: Obama é negro nos Estados Unidos. En África el é mulato. Se Obama fose africano, vería como a súa raza se lanzaba contra el. Non é que a cor da pel sexa importante para os pobos que esperan ver nos seus líderes cualificación e traballo serio. Mais as elites predadoras farían campaña contra alguén que designarían como un “non auténtico africano”. O mesmo irmán negro que hoxe é saudado como novo Presidente americano sería vilipendiado na casa por ser representante dos “outros”, dos doutra raza, doutra bandeira (ou de ningunha bandeira?).

5. Se fose africano, o noso “irmán” tería que dar moitas explicacións aos moralistas cando pensase en incluír no discurso de agradecemento o apoio que recibiu dos homosexuais. Pecado mortal para os avogados da chamada “pureza africana”. Para estes moralistas tantas veces no poder, tantas veces con poder, a homosexualidade é un inaceptábel vicio mortal que é alleo a África e aos africanos.

6. Se gañase as eleccións, Obama tería probabelmente que sentarse nunha mesa de negociacións e partillar o poder co derrotado, nun proceso negociador degradante que mostra que, en certos países africanos, o perdedor pode negociar aquilo que parece sagrado: a vontade do pobo expresada nos votos. A estas alturas, estaría Barack Obama sentado nunha mesa cun calquera Bush en infinitas rondas negociadoras con mediadores africanos que nos ensinan que nos debemos contentar coas migallas dos procesos electorais que non transcorren a favor dos ditadores.

Inconclusas conclusións:

Quede claro: existen excepcións neste cadro xeneralizado. Sabemos todos de que excepcións estamos falando, e nós mesmos, os mozambicanos, fomos capaces de construír un deses casos a parte.

Quede igualmente claro: todos estes atrancos a un Obama africano non serían impostos polo pobo, senón polos donos do poder, polas elites que fan da gobernación fonte de enriquecemento sen escrúpulos.

A verdade é que Obama non é africano. A verdade é que os africanos –as persoas simples e os traballadores anónimos– festexaron con toda a alma a vitoria americana de Obama. Pero non creo que os ditadores e corruptos de África teñan o dereito de se sentiren convidados a esta festa.

Porque a alegría que millóns de africanos demostraron o día 5 de Novembro nacía de que eles ven un Obama xusto e oposto a aquilo que coñecen da súa experiencia cos seus propios dirixentes. Por moito que nos custe admitilo, só unha minoría de estados africanos coñecen ou coñecerán dirixentes preocupados polo ben público.

O mesmo día en que Obama confirmaba a condición de vencedor, os informativos internacionais estaban cheos de noticias terribéis sobre África. O mesmo día da vitoria da maioría norteamericana, África continuaba sendo derrotada por guerras, mala xestión, ambición desmesurada de políticos que só pensan en ganancias. Despois de teren matado a democracia, eses políticos están matando a propia política. Queda a guerra, nalgúns casos. Noutros, o desinterese e o cinismo.

Só hai un modo certo de celebrar a vitoria de Obama nos países africanos: é loitar para que máis bandeiras de esperanza poidan nacer aquí, no noso continente. É loitar para que os Obamas africanos poidan tamén vencer. E nós, africanos de todas as etnias e razas, venceremos con eses Obamas e celebraremos na nosa casa aquilo que agora festexamos en casa allea.

Mia Couto

Escritor mozambicano

Publicado o 14/11/2008, no xornal Savana, Maputo.



Primeiro Foro Social Galego, estivemos alí!¹

Lupe Ces Rioboo

Se observamos desde un punto de vista global a realización do Foro Social Galego o pasado mes de decembro en Compostela, podemos chegar á conclusión de que foi con algo de atraso que se xerou esta dinámica na Galiza, se temos en conta, como punto de partida, que a realización do primeiro Foro Social Mundial foi xa en Febreiro do ano 2001 no Brasil. Sendo isto certo, a dinámica que se xerou ao longo de máis de dez meses de xestión, desde a asemblea constituínte en xaneiro de 2008, mostra unha clara vontade de superación de calquera atraso no tempo, porque o primeiro Foro Social Galego foi todo un éxito.

Quen vivimos, na Facultade de Filoloxía, no Auditorio, ou entre as carpas que acollían a Feira de Asociacións, eses días de debate e ilusión do pasado mes de decembro, temos a sensación de ter participado nun proceso que se alimenta de encontros e recoñecementos. Porque o primeiro Foro Social Galego foi sobre todo un espazo para o encontro de todas aquelas persoas, que aínda facendo parte no día a día de organizacións diferentes, teñen a vontade de favorecer diálogos e compartir espazos comúns onde construír alternativas para un mundo que as precisa con urxencia.

¹ Lupe Ces Rioboo pertence á Marcha Mundial das Mulleres. A súa colaboración chegounos escrita na norma AGAL. As normas de publicación de *Encrucillada* só contemplan a publicación de artigos na norma oficial, á cal se axustou o escrito. Valla esta nota para deixar constancia deste feito e agradecerlle a Lupe Ces a súa xenerosidade.

O primeiro Foro Social Galego foi tamén un espazo de recoñecementos. Para que isto fose posíbel foi necesario un exercicio colectivo de permeabilización, de xeito que nos debates, nos plenarios e mesmo nos momentos de xantar ou de lecer, eran máis as gañas de escoitar e de coñecer ao outro e á outra, que as de reafirmación no propio e as confrontacións polas diferenzas. Era como se todo o mundo comprendese o valor do común, do que se comparte, do que converte aos movementos sociais e ás organizacións de base nunha ferramenta de transformación social. E tamén había ese sentimento colectivo da dificultade para construír ese espazo común, de aí o coidado e o respecto co que se desenvolveron as distintas actividades.

Os movementos sociais con máis veteranía, como o sindical, o ecoloxista, o feminista, pasando por unha variedade larguíssima de ONGs e organizacións de base, redes de crentes e persoas significadas do pensamento e acción política, non saíron coas mans valeiras deste primeiro encontro. Fortalecéronse alianzas e redes. Un exemplo dos froitos deste primeiro Foro Social Galego é a creación dunha rede galega que conta coa participación de máis de trinta colectivos e persoas a título individual que pretenden xerar na Galiza dinámicas de mobilización ao redor de alternativas que permitan superar o sistema económico que xera pobreza e desigualdade en todo o planeta. Alianza Anticapitalista é o nome desta coordinación de movementos sociais que xa ten en axenda participar desde Galiza nas mobilizacións mundiais que van ter lugar en resposta ao cumio do G-8 que se celebrará en Cardeña no mes de xullo deste ano 2009.

Agora o reto está en manter o espazo do Foro vivo, e ser quen de celebrar o segundo Foro Social Galego, cando menos co mesmo nivel de participación e obxectivos. Como se viu en Compostela o pasado mes de decembro este logro é tarefa de todas e todos.

Lupe Ces Rioboo
Marcha Mundial das Mulleres



Euloxio Sanxil Beltrán

Xosé A. Miguélez Díaz

En poucas persoas encontrei tan harmonicamente unidas a gravidade e a dozura, a pillaría e a inocencia, a apertura á utopía e a fidelidade concreta como en Euloxio Sangil Beltrán (Renche-Samos 1927-Lugo 2009), cura desde 1952, párroco durante cincuenta anos en Castelo e Vilela (Outeiro de Rei), e fiel apoio de *Encrucillada*, así como da revista e das romaxes de *Irimia*.

O seu rostro de boxeador, o seu corpo pequeno pero cadrado e rexo, a súa voz cascada e grave, e o seu xuvenil volkswagen Golf acaían ben ao espírito loitador e inqueda, mesmo rebelde, que o moveu (el dicía que era por ser un “perucho”, por ter nado no día de San Pedro), e por iso, ao principio, sorprendía un pouco descubrir nel o seu fondo carácter ecoloxista, labrego, afectuoso e cálido, a carón da súa vertente desenfadada, e de opción radical e difícil.

O vigor e a tenrura, que non é doado atopar xuntas, aparecían nel fermosamente unidas, e non se sorprendía un de oírle falar con sobrea-bundancia de linguaxe afectiva, (“ata loguiño e un abraciño” deixoume gravado no contestador telefónico hai un par de meses), nin de ver o mimo con que coidaba do seu horto, ou dos seus años e cans, e ata acababa un por considerar normal, tratándose del, comprobar como se fixera amigo dun paporroibo que acudía sen temor aos seus asubíos. Con el os contrastes resultaban harmoniosos, e sentía un que estaba tocando en vivo, o desafío evanxélico de xuntar o candor das pombas coa renartería das cobras, e acababa un amilagrándose, feliz, de atopar nel realizado ese ideal do vello feito neno, sen deixar a lucidez.

A rebeldía e tenrura de Euloxio foron claves para recuperar da total prostración á súa inseparable irmá Elverinda. Despois dun grave percañe cerebral, a ciencia médica e o pensamento *razoable* non vían para ela máis saída que o abandono nunha vida meramente vexetativa, pero Euloxio non se rendeu, e con moitísimo amor e dedicación, moi correspondidos, logrou rescatala para moitos anos de vida, con limita-

cións, pero rica aínda en relacións, mobilidade e afectos: esa relación fraterna tan fonda, intensificada nos anos de dependencia dela, axudou a que madurecese nel unha tenrura baril, chea de espírito lúdico e de humor. Era fermoso ver como facía rabexar docemente á irmá para estimulala e sacar dela un sorriso, unha palabra, nun xogo de provocación e protesta traspasado de afecto por ambas partes. Ela acompañouno nos seus destinos de cura: breve en Narón de Portomarín e non longo en Carballido da Fonsagrada, antes de enraizar en Outeiro de Rei, nas parroquias de Castelo e Vilela, atendendo tamén, por épocas, Folgueira, Matela, Taboi, e San Lourenzo de Aguiar.

Cura da Terra Cha e amante da natureza, gardaba especial emoción para as paisaxes da montaña, na que nacera, e que lle ofrecían amplos horizontes, como amplos foron os seus valores de contemplativo, de home de acción, de fe e de solidariedade. Saín algunha vez de excursión con el por terras de Fonsagrada e do Courel, e a cada pouco paraba o coche para comunicar a súa emoción e para poder expresar a súa vivencia telúrica de comunión e namoramento coa terra; paraba encomiándonos: “mira que marabilla, fíxate aquí nestas uces, repara alí naqueles riscos, escoita o regato oculto, non oes o lamote?” Aí aparecía a súa emoción de neno, vivísima, que brillaba como se fose a primeira vez que descubrira abraiado o mundo, e sobrepoñíase a calquera desgaste vital.

Pero ese amor ao grandioso, que concordou co seu amor á utopía fraterna, e á utopía dunha Galiza e dunha Igrexa reconciliadas coa súas mellores tradicións, concretábase no seu día a día. Euloxio foi un pioneiro na galeguización da liturxia, e foi dos escasísimos curas que celebrou con normalidade e ininterrupidamente a liturxia parroquial en galego, durante máis de corenta anos, e no noso idioma foi despedido no funeral e enterro o pasado 5 de xaneiro na parroquia de Vilela. Foi un cura que exerceu o seu ministerio con total gratuidade, non querendo cobrar polos sacramentos para favorecer así mellor o evanxeo, e para iso traballou de representante comercial moitos anos, ao estilo de San Paulo; no entanto, sempre respectou e apreciou moito aos seus compañeiros curas, desde opcións distintas. Porque amou moito á Igrexa tentou cambiala e melloralala, e por iso foi tamén un home de xestos de

protesta, como cando participou na, daquela, sonada sentada que polo Corpus, fixéron diante da catedral de Lugo no 1972, aínda na época franquista, un grupo de cregos en queixa e denuncia polo boato, polo afastamento da vida da xente, e pola maridaxe política das autoridades que participaban nesa festividade lucense: ademais dos bispos de Galicia acudían tamén as autoridades civís e militares. Foi un cura que apoiou desde o principio a fundación e a andadura de Encrucillada e de Irimia, e antes dos Coloquios de Parroquias. Participou tamén no Movemento bíblico de Lugo e apoiou o Movemento Cultural Cristián, e asistiu asiduamente aos Congresos de Teoloxía que organiza en Madrid anualmente a Asociación de Teólogos Xoán XXIII.

Non era un gran orador, e ás veces mesmo custaba entenderlle algunha palabra pola súa dicción escura, e por un estilo de comunicarse que non era de preclaro raciocinio, senón de pura, e ás veces titubeante, vivencia, pero por iso mesmo foi un bo comunicador pois non falaba desde a oquedade dos discursos senón desde a enteiraza do que vivía. Aí transmitía autenticidade, convicción, esperanza, soños e coherencia, e por iso foi un bo pastor e un bo catequista.

Nos últimos anos, non lle faltaron dores fondas que encaixou con gran fe, e co soporte de verse sempre acompañado por familiares e veciños, especialmente dos seus queridos sobriños Angela, Edesio e Lucita. Na proba da súa enfermidade, deixou un testemuño de enteiraza e de fe que acollemos os que imos detrás como un regalo de luz.

Para os seus fregueses, para a súa familia, para os seus compañeiros da zona de Rábade que tantas veces animou como arcipreste, para os seus amigos, que os tivo entrañables, a nosa cordial aberta. A non tardar habémonos reencontrar todos, e mentres, a súa pegada déixanos un camiño máis evanxelizado e libre. Grazas Euloxio, amigo benquerido: contigo a terra, a vida, e Igrexa, quedaron máis tocadas de graza, máis galegas, e máis humanas, e contigo o ceo promete ser divertido. Como ti dixeches, “ata loguiño e un abraciño”.

Xosé A. Miguélez Díaz



Agustín Bueno. Lembranzas dun tempo

Antón Martínez Aneiros

Cando o día sete rematou a celebración na igrexa do Castiñeiriño era de noite e facía moito frío. Pero os saúdos e as apertas de corazón a corazón entre todos os que estabamos alí arredor de Carmela eran tan afervoados que case nos facía insensibles á friaxe. Tampouco o sentimento de dor pola ruptura que significaba o falecemento de Agustín era quen, neste momento, de diluír o clima de empatía e de agradecemento que sentiamos recordando todo o que a súa vida agochara, con Carmela, por suposto, coma se o sufrimento por esta perda non fose cousa dese momento. Para iso xa habería tempo despois, máis tarde, cando nos encontráramos sós remoendo o que pasara. Así o estaba sentindo dentro de min cando chegou Marisa a saudarme e pedirme que fixese unha lembranza de Agustín para esta revista. Escuseime como puiden pero non logrei que o aceptase. E agora, aquí estou intentando dicir algo do que fun sentindo, vendo e compartindo persoalmente en xuntanzas de grupo nas que coincidía con Agustín. Ante todo, considérome moi afortunado por terme encontrado con Agustín, por coñecelo e por ter participado das súas inquedanzas. Pero, posto xa a escribir, caín na conta de que sei moi pouco realmente da súa vida. Os meus saberes redúcense ao derradeiro período, ou sexa, desde hai aproximadamente dúas décadas. Quérolles pedir por isto desculpas, en primeiro lugar á Carmela e aos seus fillos, pero tamén a todos os amigos e persoas que o trataron máis de preto, porque non vou ser quen de recoller facetas importantes da súa vida.

Polo que me contaron, Agustín e Carmela coñecéronse cando eran estudantes. Polo tanto, na idade dos soños e das ilusións, cando un está disposto a esixir e a querer facer o imposible. Pero a eles non lles

abondaba con encontrarse un ao outro. Buscaban algo máis. Agustín e Carmela eran dos do grupo pequeno, daqueles que sendo rapaces xa estaban sabidos de que a vida tiña máis sentido que o de vivirla como un mero pasatempo barato. Andaban á busca, querían ser persoas como Deus manda e facerse a si mesmos cos demais, en Santiago de Galicia. Porque era a alma a que sentían. Non unha alma calquera senón a real, a alma galega no fogar de Breogán. E isto espertáballes intereses comúns que os levaba a participar en xuntanzas, encontros e revoltas. As inxustizas sociais que a ditadura franquista trataba de esconder detrás das fronteiras e controis policiais no se lles ocultaban a eles, e iso desacougáboas. Así fóronse facendo, coñecendo e querendo. Tamén participando cos da X.E.C., a organización da Igrexa para os estudantes.

Foi logo máis tarde cando chegou o do Castiñeiriño, onde se estableceron para poñer definitivamente a súa casa. Alí había que tratar de cerca os problemas concretos, vivindo e compartindo a veciñanza. Era un parroquia sen facer social e humanamente. A xente chegaba e atopábase nun medio sen urbanizar, sen servizos, sen atención administrativa. Agustín era a persoa formada e coñecedora dos problemas e tamén das posibles solucións. e aí entrégase como servidor xeneroso. Había que humanizar, crear espazos abertos, vivendas, accesos, comunicacións. Sen esquecer que o máis importante eran as persoas, formar comunidade humana, espertar a conciencia de unión e de participación. El dicía que iso precisamente debía constituír a preocupación fundamental por todo aquel barrio. Porque Agustín era sobre todo unha persoa extraordinariamente humana.

Cando coñecín a Agustín era eu un secularizado aprendiz de laico activo, pero tamén un decepcionado polos dez anos que dediquei á política partidaria. Teño presente aquela primeira xuntanza con el e algúns máis nun pequeno local escolar, no Castiñeiriño. Había algunhas persoas de Vigo e de A Coruña; pero quedoume gravada a forma de ser de Agustín, tardo en falar e en opinar e sempre atento ao que dicían os demais.

Eran tempos de abrir camiños, sen saber moi ben por onde tirar, fóra daquelas experiencias que iniciaran estes grupos. Gran parte do clero e as xerarquías continuaban rexeitando deixar de exercer a custodia sobre calquera iniciativa que xurdira no ámbito da Igrexa.

Agustín era unha persoa de confianza para todos os que o tratábamos, porque era un home bo. Así, sempre agardabas del unha palabra que dalgunha maneira fose coma a derradeira aportación que poñía luz sobre do tema que nos ocupaba. Logo xa podíamos rematar a xuntanza. Por iso el resultaba imprescindible no grupo, na comunidade, sabendo manter sempre o interese. El facía medrar a unión, sen cortar a ninguén. Era a súa arte. A capacidade de Agustín estaba en que alimentaba constantemente o diálogo. Nunca daba por cerrada unha proposta porque sempre lle faltaba algo. Tiña como referente o servizo ás persoas e nunca lle parecía abondo cando se trataba de buscar colaboracións, axudas, porque a xustiza nunca se encontra satisfeita. Con todo, era persoa de paz, amaba a paz e sabía conxugar perfectamente esta coas conviccións profundas que mantiña tamén con firmeza. Suave nas formas pero moi seguro e convincente á hora de non ceder diante das discriminacións.

Por iso tiña autoridade moral, xa que nel as afirmacións nunca eran para defender criterios individuais, propios ou alleos, senón para asegurar dereitos dos que moitas persoas se ven privados: Os humildes, os desposuídos, os maxinados eran sempre o obxecto da súa atención. Agustín era humilde e era unha persoa desprendida, sen apego, que o daba todo, a si mesmo e cos medios dos que dispoñía. A súa casa foi moito tempo o lugar de encontro para Irimia, para os grupos, para “somos igrexa”.

Pero a bondade de Agustín non era precisamente pasiva senón activa. A bondade non está, realízase. O sorriso de Agustín non era inxenuo senón interpelante. Ríase sufrindo. O seu sorriso era obsequio para as vítimas sociais, ao mesmo tempo que era denuncia do estancamento da Igrexa que mantiña apagado todo canto de ilusionante xerara o Concilio Vaticano II.

Antón Martínez Aneiros



Agustín Bueno. A lembranza dunha amizade

Maricha Tabernero Rey
Francisco Díaz-Fierros Viqueira

As relacións de amizade están entre as máis profundas e radicais que se poden establecer polos seres humanos. Son queridas e procuradas. Poden durar toda unha vida e son fonte permanente de interpelación sobre o noso ser e estar no mundo. Por iso cando morre un amigo algo de nós se deixa no camiño e o resto da nosa andaina semella que se fai nunha maior soidade.

A Carmela e Agustín coñecémoslos hai xa bastante máis de corenta anos. As dúas parellas andabamos nos movementos cristiáns universitarios e non sabemos se as ilusións, proxectos e retos que naqueles anos se fraguaron foron o fermento que ligou as nosas vidas e consolidou esa amizade. O certo é que outros compañeiros daqueles anos e movementos (Eloy, Marisa, José María –os dous–, Fina, Marina, Félix, Laura, Moncho ...) tamén seguiron, co paso do tempo, integrando un grupo de amigos, que a pesar de non vernos con demasiada frecuencia, no momento que nos atopamos, xorde, espontánea, unha corrente de afecto, complicidade e vencellos fondos que non se manifesta noutras relacións. Pensamos que algo se debeu consolidar entre todos nós, naqueles anos composteláns, para que a acción esquecedora do tempo, inexorable noutras situacións, non erosionara dunha maneira seria estas relacións. Sería aquel: “ver, xulgar, actuar” que practicabamos todas as semanas o fermento que axudou a levedar e facer fecundas estas relacións? Serían aquelas reunións de debate na churrería do Franco, nas que falabamos tanto da democracia cristiá de Frei como dos kibbutz israelís, das cooperativas navarras ou, simplemente, dos problemas da

agricultura galega? Serían os momentos fortes e de tensión nos conflitos estudantís dos sesenta, que vivimos e dos que foron líderes algúns dos membros máis novos do grupo?

Probablemente houbo algo de todo iso na consolidación destas relacións. Pero tampouco foi menor o papel que xogou Agustín, coa súa teimosía e perserverancia, animándonos a nos xuntar, cando menos todos os anos, nun xantar de amizade. Pode ser un feito sinxelo, mesmo normal e sen resaltes, como moitos dos que facía Agustín, pero sen dúbida que foi esencial na cristalización destas relacións que nacían con bo pé, pois había de arrincada un elemento humano axeitado e uns tempos fortes nos que o pesimismo, o cansazo e a derrota semellaban fuxidos. Pero tamén, se todo iso non se alimentara periodicamente con aquelas convocatorias, ben seguro que remataría por esmorecer panseñamente, ata morrer.

Nunca falamos con Agustín da importancia destes encontros periódicos nos que inevitablemente a lembranza daqueles tempos aurorais da nosa formación como persoas “comprometidas” saía sempre a flote. Pero, sen dúbida, que a fe cega que tiña o patriarca do grupo na bondade do ser humano e da importancia que supoñía o mantemento dos lazos de afectividade estaban detrás destas convocatorias.

De Agustín poderíanse dicir moitas e boas cousas en todos os ámbitos da súa vida, maiormente da súa implicación nas accións solidarias e sociais. Outros, supoñemos que o farán. Aquí só queremos lembrar ao amigo. Ao amigo de sempre. Dos momentos bos (Agustín tamén sabía rir –non só sorrir–) e dos malos. Con quen se compartían experiencias e sentimentos que con outros non atopabamos nin o momento nin a circunstancia. Por iso, desde a fe común que compartimos, queremos só lembrar a expresión de amizade que supuxeron as bágoas de Xesús no pasamento do amigo Lázaro e o eco que estas deixaron nos seus discípulos: Hai que ver como o quería!... Que máis dicir da amizade!

Maricha Taberero Rey
Francisco Díaz-Fierros Viqueira



Novos tempos para a democracia

Xosé Luís Barreiro Rivas

1. O VALOR DUN DISCURSO

Cando George W. Bush subiu ao helicóptero *Marine One* e emprendeu viaxe cara a vida privada e cara o esquecemento histórico que se merece, moitos espectadores da gran cerimonia de xura de Barack Hussein Obama sentiron a necesidade de personalizar nel todo o horror de oito anos de guerras, de fraudes financeiros e de desprezo da democracia que comezaron coa voadura das Torres Xemelgas de Nova York. O optimismo e o sosego que se desprendían das palabras do novo presidente animaban a ese desexo de pasar páxina que acompañaba á xubilación do peor presidente que tiveron os Estados Unidos de América do Norte, e todos os informadores empezaron a facer a súa crónica de urxencia baixo a convicción xeneralizada de que, en verbas do propio Obama, “debemos levantarnos, sacudirnos o

pó e volver a empezar a tarefa de refacer os Estados Unidos”.

Pero se o fixeramos así, se pasáramos páxina e actuáramos coma se Bush fora un pesadelo illado nun mar de beatitude e cooperación, estaríamos falseando a crónica dun tempo extremadamente serodio e violento, e non aprenderíamos nada acerca da liberdade e dos dereitos humanos e de canto hai que facer para garantir a súa vixencia entre todos os pobos da Terra. Porque a política de Bush non sería posible se non contase coa complicidade de políticos, financeiros, corporacións industriais, medios de comunicación e mesmo nacións enteiras que apostaron pola súa visión de pistoleiro e polas fabulosas riquezas que prometía detrás dun decorado de sangue, e porque en ningún caso podería terse chegado ao nivel de unilateralismo que despregaron o Pentágono e a Secretaría de Estado se Europa houberse actuado na

política internacional –nun marco de unidade de decisión– coma un verdadeiro contrapeso político.

O delirio de Bush, inspirado por Cheney e Rumsfeld, era a creación dunha nova orde mundial, no que Estados Unidos debería actuar coma un xendarme militarmente invencible ao que ninguén puidera impoñerlle nin lei nin condición algunha. E para lograr ese delirio, o trío formado por Bush, Cheney e Rumsfeld escolleu o camiño da guerra xeneralizada, da desinstitucionalización da política internacional, e dunha filosofía política que preconizaba a defensa da democracia e da liberdade por medios non democráticos, e a supeditación dos dereitos humanos e da xustiza democrática ás necesidades da seguridade e da guerra.

Por se iso non fose abondo, a política interior de Bush estivo dominada por un neoliberalismo dogmático que, asentado sobre unha ampla desregulación do mercado e unha aberta cultura do beneficio pronto e ilimitado, levou a Estados Unidos e ao resto do mundo a unha recesión económica de enorme magnitude, que ha de dificultar de xeito notable a

reposición dos principios democráticos e económicos que deben garantir un desenvolvemento sostible e unha política internacional viable e cooperativa. En termos xerais pode dicirse que, sobre o feito de terse encomendado a súa política a obxectivos delirantes e a principios éticos e políticos gravemente desviados, o Goberno de Bush rematou o seu tempo no medio dun fracaso xeneralizado no orde político, militar e económico, polo que deixan nun punto extremadamente difícil o proceso de reconstrución ética e política que alenta no novo inquilino da Casa Branca.

Neste contexto, o discurso pronunciado por Obama o pasado día 20 de xaneiro, na cerimonia de xuramento do cargo de presidente dos Estados Unidos, marca un corte radical coa política de Bush. E dada a importancia que sempre lle demos á xestión dun discurso político que serva de orientación dunha praxe comprometida, podemos dicir con toda claridade que a renovación prometida por Obama, pendente aínda dunha traballosa execución, é xa algo máis que unha promesa.

Para min, que seguí a etapa de Bush con verdadeira anguria, resulta case un soño escoitar, diante do Capitolio de Washington, unha promesa de restauración dunha orde legal internacional que racha radicalmente coa liña anterior:

“En canto á nosa defensa común, rexeitamos como falsa a elección entre a nosa seguridade e os nosos ideais. Os nosos pais fundadores, enfrontados a perigos que apenas podemos imaxinar, redactaron unha carta para garantir o imperio da lei e dos dereitos humanos, unha carta que se expandiu co sangue de xeracións. Eses ideais aínda alumean no mundo, e non imos renunciar a eles por conveniencia. E aos outros pobos e gobernos, que hoxe nos observan desde as grandes capitais ata a pequena aldea na que naceu meu pai, [dígolle]: sabede que América é a amiga de cada nación e cada home, muller e neno que persegue un futuro de paz e dignidade, e que estamos preparados para asumir o liderado unha vez máis”.

Aínda que a política de hoxe está identificada case exclusivamente coa acción, a historia demostra que ningún cambio é posible sen

un discurso que enuncie e asente o valor dos novos obxectivos. E por iso debemos interpretar que cando un líder é capaz de enunciar unha ruptura co pasado, e comprometer á maior parte da sociedade no inmediato futuro, o cambio é algo máis que unha esperanza. E de aí que celebremos que, fronte ao militarismo de Bush e de moitos dos seus aliados –incluídos Aznar e Blair–, e fronte á gran equivocación que representa unha defensa da democracia feita con métodos non democráticos, o discurso de Obama reclame a volta a unha legalidade e a un institucionalismo que case desapareceran do eido das relacións internacionais:

“Lembrede que as xeracións anteriores enfrontáronse ao fascismo y ao comunismo non só con mísiles e carros de combate, senón con sólidas alianzas e firmes conviccións. Comprenderon que o noso poder só non alcanza a protexernos nin nos da dereito a facer o que se nos antolle. Eles sabían, pola contra, que o noso poder medra con un uso prudente, que a seguridade xorde da xustiza da nosa causa, da forza do noso exemplo, e das calidades da

temperanza, a humildade e a contención”.

Despois de rexeitar con forza a disxuntiva entre seguridade e democracia, e de anunciar un novo tratamento para as guerras de Afganistán e Iraq, o discurso de Obama estendeuse na busca dunha política cooperativa e na explicación do concepto de desenvolvemento xusto: “o éxito da nosa economía sempre dependeu non só do tamaño do noso PIB, senón do alcance da nosa prosperidade, e da nosa habilidade para ofrecer oportunidades a todos os que as desexen, e non por caridade, senón porque é a vía máis segura cara o ben común”. As inercias e os intereses das corporacións industriais e enerxéticas americanas, e o enorme poder agochado no estamento militar e nas industrias que fabrican material de guerra, aínda lle poden facer moita sombra a Obama. Pero iso non impide que, aínda que falte moito para acadar e asegurar un futuro de paz, xa poidamos dicir que o discurso neocón e neoliberal de Bush, e dos falcóns que o arrouparon, está fracasado.

2. ELECCIÓNS AUTONÓMICAS EN GALICIA E NO PAÍS VASCO

O tempo pasa coma un lóstrego, e o Goberno bipartito de Galicia, que aínda se movía –na xestión e no discurso– co síndrome dos recén chegados, xa están outravolta en eleccións. A Pérez Touriño gustáballe –e parecíalle importante– que as eleccións galegas tiveran “un espazo propio” para o debate e para chamar a atención de toda España sobre nós. Pero ao lehendakari Ibarretxe interesáballo xustamente o contrario, que o nacionalismo non fose visto coma unha ameaza para o progreso e a estabilidade de España, e que o PSOE tivese que falar da colaboración cos nacionalistas sen quitarse a pexa do bipartito galego. E gañou Ibarretxe, ben sexa porque Touriño non soubo dialogar e non pactou co goberno de Gasteiz o ansiado espazo propio, ou porque non se atreveu a atrasar tres semanas unha data electoral que aínda non apremiaba.

O Partido Popular, que aspira a recuperar as alfombras de Raxoi baixo o liderado de Núñez Feijoo, chega a estas eleccións cheo de problemas, xa que, á falta dun equipo experimentado e entrena-

do que o propio Feijoo se atrasou en crear, únese tamén o pésimo momento polo que atravesa o liderado de Mariano Rajoy, a falta dun discurso articulado fronte á crise e fronte ao irregular liderado de Rodríguez Zapatero. Pero, a pesar desta circunstancia, non parece que o bipartito de esquerdas (PSOE e BNG) estea en condicións de aproveitar toda a vantaxe que lle outorga a inexperiencia de Núñez Feijoo, xa que, ademais de seren incapaces de evitar a lamentable sensación de dobre Goberno coa que sempre nos obrigaron a convivir, todo apunta a que a recente concesión dos novos parques eólicos, xestionada por Fernando Blanco desde a Consellería de Industria e Innovación, non fixo máis que arrizar as diferenzas que agroman abondosas entre o BNG e o PSOE.

Xa que logo, e á espera de posteriores proxeccións, a media das enquisas dispoñible ata agora apunta cara unha prolongación das condicións políticas da anterior lexislatura, co PP próximo a maioría absoluta, pero sen acadala, e coa posibilidade de que o bipartito PSOE-BNG dispoña dun segundo mandato. Os prognósti-

cos máis fiables apuntan a que o PP perderá 1 ou 2 escanos, que tenderían a pasar ao BNG, mentres o PSOE mantería un resultado idéntico ou moi similar ao actual. Ninguén lle da, pola contra, unha subida –a do escano que lle falta– ao PP, mentres hai algúns arriscados que apuntan a unha baixada de 3 ou catro escanos do partido de Feijoo, que serían aproveitados máis polo BNG que polo PSOE. E por iso hai máis xente que pon a súa atención na nova relación que se estableza entre o PSOE e o BNG que na que se estableza entre o PP e o bipartito, xa que, dada a constante pugna mantida entre os nacionalistas e os socialistas, con sonoros episodios protagonizados por Carlos Aimerich e Ismael Rego, voceiros parlamentarios do BNG e do PSOE respectivamente, dáselle moita importancia á posibilidade, considerada moi real, de que a posición de Anxo Quintana saia moi reforzada na nova Xunta.

No discurso, que sempre foi de perfil baixo, non se albisca ningún cambio. O PP, que tivo unha espléndida oportunidade de anovar as súas propostas desde a oposición, fica moi pegado ao discurso

de puro retruque e mera banalidade que chega da rúa Génova, sen que se aprecie ningunha capacidade para presentar un proxecto de Galicia que non quede afogado polas serodias políticas que, inspiradas pola COPE e pola prensa conservadora de Madrid, dominan o discurso de Mariano Rajoy. E o PSOE, que ten ao seu favor a vantaxe de encadrar ao presidente Pérez Touriño nas súas filas, tampouco soubo saír da política clientelista e vicaria de Madrid que implantou Fraga Iribarne, e que, esquecendo a maior parte dos problemas e oportunidades que agroman na área das nosas competencias e dos nosos recursos orzamentarios, centra todos os seus esforzos en demostrar que a existencia dun Goberno amigo en Madrid, e a alta capacidade de xestionar o favor dos ministerios, xustifica e convalida, diante dos galegos, a xestión do presidente.

Xa que logo cabe dicir que a única novidade programática reside no BNG, e non por terse afastado de forma clara e eficaz do discurso baseado na obra pública e nos servizos capitalizados como singularidade de partido e non como acción de goberno, senón

por beneficiarse da idea de que a súa independencia estratéxica cotiza en Madrid nas negociacións —nomeadamente orzamentarias— co Goberno de Zapatero. Desde o meu punto de vista non teño inconveniente e recoñecer que a autonomía do BNG e a súa aposta por unha política de nación é a única novidade que se nota de verdade na política bipartita,. Pero tamén teño que recoñecer que non entendo como, tendo feito o BNG un enorme esforzo por entroncar os seus puntos fundacionais dentro dunha política realista, mantén, no entanto, un rancio estatalismo económico —titularidade pública de AP-9, posta das bases para un sector público que axude a socializar riqueza, regulación máis intervencionista das Caixas de Aforro e outras medidas similares— que sementa enorme desconfianza nos sectores produtivos, e que lle resta credibilidade e coherencia a un programa que, sen ser bo, é o máis moderno e o máis político.

No vindeiro número de *Encrucillada* faremos interpretación dos resultados. Pero non podo ocultar desde agora un evidente pesimismo que xorde da convicción de

que, polo camiño que levamos, tampouco desta imos resolver a eiva de proxecto na que fica ancorada Galicia e na que se funde unha inxente cantidade de recursos mal vestidos e peor rendabilizados.

3. A CRISE

Nun encontro científico organizado na Facultade de Teoloxía da Universidade de Salamanca insístíase moito en que a crise económica actual –máis longa, máis complexa e máis grave do previsto– tiña a súa orixe na falta de ética individual e social. Con este diagnóstico chegábase á conclusión de que un certo rearme ético era a condición imprescindible para saír deste burato no que se encontran a práctica totalidade das nacións do mundo. A miña opinión, porén, era totalmente contraria a este diagnóstico, no que se percibe a dobre incapacidade de entender e separar os comportamentos sociais dos comportamentos individuais, e a incomprendible reticencia que ten a Igrexa para considerar a política democrática –ou a democracia como concepto e arquitectura

institucional– como a máis perfecta e ética creación humana.

A miña opinión é que estamos nunca crise que, sendo polimórfica e complexa en extremo, é sobre todo unha crise política, xa que xorde con toda evidencia da absoluta disociación que existe entre os marcos estatalizados da política e os marcos globalizados da economía, e da conseguinte inoperancia –que non ausencia– da normativa existente para garantir o funcionamento da economía institucional pública e privada. O descontrol da banca americana, que encheu de lixo o sistema financeiro mundial, non se produciu por falta absoluta de normativa, senón por ter unha normativa interior que, ao considerar a posibilidade de manter no interior todos os beneficios dos novos produtos e da nova enxeñería financeira, mentres se exportaban e se compartían os riscos do lixo financeiro, non se advertiu a posibilidade de que o descontrol regresase coma un búmerang á economía dos Estados Unidos.

Os demais estamos afectados, ademais de polos xogos tramposos de certa banca e polos riscos asumidos en certos sectores eco-

nómicos, pola incapacidade de soerguer un sistema económico internacional de corte pluralista e competitivo, porque non soubermos apurar as vantaxes e oportunidades de Europa e da zona euro, e porque nos aviñemos á política de desactivación das institucións internacionais que, tanto na orde política como económica, impuxo George W. Bush.

Así pois, teño a sensación de que, con un mal diagnóstico da crise, estamos viaxando ao revés no proceso das solucións. Porque unha situación que esixe máis globalización política e mellor normativa internacional, está servindo de base para unha volta ao Estado e para que, rompendo a disciplina que gobernaba certas pautas orzamentarias de eficacia probada, estamos malgastando

inxentes recursos en dar paus de cego que, máis cedo que tarde, teremos que pagar.

Non negarei, por suposto, que a crise ten tamén, nos seus resultados e manifestacións, unha perspectiva próxima e esencialmente humana. Pero trabucariámos o noso diagnóstico se, esquecendo a etiología global do problema, empezamos a dar voltas cara ningures tomando por centro a nosa perspectiva e o noso interese inmediato e a falsa idea de que unha crise global se pode vencer e superar sen que os individuos, as familias e as empresas noten os seus efectos. Algo que me recorda o aforismo orteguiano de que hai veces que as árbores ocultan o bosque.

Xosé Luís Barreiro Rivas



As excitantes achegas de Darwin

Xoán Bernárdez Vilar

*Nós non o sabemos, pero elas si.
As pedras sábeno,
e lémbromo.
Xurdiu un fulgor líquido,
e esparexeu a súa luz,
esplendor de vida e de morte.*

Estes versos de Nicolai K. Roerich (1874-1947), teósofo, filósofo, pintor, arqueólogo, tre-moieiro, pai da tibetoloxía, e tres veces nominado para o Nobel da Paz, ademais de outras moitas cousas máis, vannos servir para enfiar un breve comentario acerca da personalidade de Charles Robert Darwin (1809-1882), o biólogo que revolucionou a ciencia.. Nado hai agora arredor de douscentos anos, Charles Darwin, tamén teólogo, sendo aínda moi novo, participou como naturalista na expedición científica do navío *Beagle*, que deu a volta ao mundo no período 1831-1836. Nese tempo foi axuntando unha enorme cantidade de datos e observacións que lle permitiron, despois de vinte anos de traballo sobre os

mesmos, elaborar a teoría á que máis arriba aludíamos. En 1859, é dicir, fará tamén neste ano 150 anos, publicou a súa grande obra: *A orixe das especies por medio da selección natural*. Traballo de importancia capital que, como é natural, está a ser neste momento obxecto de numerosas reedicións especiais. Sen fuxir da sensación nin da polémica que causou canto nel razoaba, Darwin complementouno en 1871 con *A orixe do home*, onde afondaba na súa teoría.

Despois do moito que se escribiu e discutiu arredor dela no tempo que viu a continuación, en pleno século XXI existen aínda numerosos investigadores, favorables uns e detractores outros, do científico británico, a pesar de contar hoxe con datos procedentes doutros estudos, como as mutacións e os achados da xenética, que reforzan aquela teoría, pero que eran absolutamente descoñecidos no século XIX, o que nos dá

unha idea da capacidade intelectual de Darwin.

Ignoramos se Nicolai K. Roerich pretendía defender a causa deste co fermoso poema co que encabezamos o comentario. Tal vez o pretendera, ou quizais non pasara dunha simple elucubración pola súa parte canto nel expresa. Mais, á luz da razón parécenos que o que este Darwin que agora conmemoramos defendeu, non vai en contra de ningunha relixión, nin contra a Biblia, ou contra a Creación. E se algún teólogo considera que erramos en semellante apreciación, recolleremos velas, aínda que non sen dicir que hai moitos anos que somos grandes admiradores deste científico.

AUDIOVISUAL

A partir do 13 de novembro, e con grande asistencia de espectadores, tivo lugar na Coruña o *Move New Media*, unha modalidade na que se conxugan, segundo a directora do proxecto, os avances da tecnoloxía, a robótica, as realidades virtuais, a produción audiovisual, e a propia arte. Paralelamente houbo concertos de música electrónica, e de baile. Xa se pensa que nas vindeiras edi-

cións se amplíe a oferta de xeito que esta poida chegar a todos os públicos.

BANDA DESEÑADA

O pasado día 10 de xaneiro cumpríronse oitenta anos da aparición en Bélxica, no 1929, da primeira páxina de Tintín, o personaxe da banda deseñada de maior éxito internacional.

Porén, os seus comezos non foron excesivamente prometedores. O abade Wallez, director do xornal *Le XX Siècle*, decidira o ano anterior tirar un suplemento semanal dedicado á xuventude. O relixioso convenceu ao mozo de 21 anos Georges Remi, máis tarde autodenominado *Hergé*, para que se convertera en redactor-xefe deste novo *Le Petit Vingtième*, así como en guionista-debuxante das aventuras de Tintín e do seu can Milou que ían a aparecer nel. As dificultades a que nos acabamos de referir derivan do feito de que o abade lle recomendou a *Hergé* que se documentase cun libro de denuncia contra a Unión Soviética. Así esta primeira aventura resultaba bastante politizada ao se desenvolver nun *Le Pays des Soviets* acerca do que faltaba

información clara. Afortunadamente, o argumento foi bastante suavizado. Curiosamente, *Le Pays des Soviets* non chegaría a España ata 1981, ou sexa, 52 anos máis tarde. As aventuras de Tintín, logo recollidas en álbums, primeiro en branco e negro e despois a cor, invadiron o mundo ata 1976, paralelamente con estudos, dicionarios, investigacións, películas de animación e con personaxes reais, etc. Hergé morreu en 1983 deixando sen rematar *Tintín et l'Alph-Art*, que non foi continuada por ninguén, a petición súa, aínda que si se publicou a parte inconclusa da mesma.

Como feito aleccionador lembremos tamén que, o 23 de febreiro de 1950 o *Semanario Tintín* publicou a primeira prancha do admirable *Obxectivo a Lúa*, increíble aventura do noso personaxe, que se adiantou en 19 anos á viaxe da NASA ao satélite terrestre, cumprindo ademais, e puntualmente, os pasos que despois *seguiu* a nave tripulada que enviaron os americanos.

Con motivo desta conmemoración, as librarías especializadas amosan nos seus escaparates reedicións, a distintos tamaños,

tanto do foguete espacial empregado por Tintín, como dos seus álbums. Trátase esta dunha magnífica ocasión de completar coleccións. Quen non o faga agora, terá que agardar, cando menos, outros dez anos.

Tamén o 10 de Xaneiro, mais neste caso do presente ano, foi presentada en Vigo unha nova modalidade do *Fancine, Fuck Comics*. Trátase do seu número 4, que saíu das mans dos mozos Aléx Cal, David Lorenzo, Davida, Kalisú, Uxío e Violeta. O *Fanzine* pasou a 64 páxinas, e reduce o seu tamaño, segundo se estila agora. Está destinado a todos os públicos e contén bastante crítica social.

CINE E TEATRO

No Auditorio de Vilagarcía, no mes de novembro, foille entregado a Xurxo González Rodríguez o galardón da XXXVI edición dos Premios Galicia de cinema, o máis antigo do país. A obra que o mereceu foi a curtametraxe *Os señores do Vento*.

A III Edición dos premios cinematográficos Chano Piñeiro, celebrada a finais de decembro pasado, cadrou co XXV aniversario

da estrea de *Mamasunción*, a curtametraxe galega de maior proxección internacional. Chano Piñeiro (Forcarei, 1954- Vigo, 1995), afirmara no seu momento que para el o cine era tamén darlle voz á súa xente. Nesta ocasión os galardóns procuraron un achegamento transoceánico, recaendo en Antonio Durán, *Morris*, o arxentino Eduardo Blanco, Fernando Luís Iglesias Sánchez, *Tacholas*, e Jorge Coscia.

DECESOS

Rectificación: no pasado número, e ao nos ocupar do pasamento do Catedrático Jesús Jares, apareceu no comentario que se estreara coma docente na escola unitaria de Montederramo, Lugo. É evidente que nos esvarou esta última afirmación, xa que Montederramo, como todos sabedes, atópase na provincia de Ourense.

En Vigo, o lugar onde residía, e no que nacera no ano 1956, finou repentinamente o día 2 de novembro pasado Alexandre Vázquez González, licenciado en Xeografía e Historia. Alexandre Vázquez era tamén doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese:

La emigración gallega a América (1830-1930). Era, tamén, profesor titular do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo, membro do Consello Editorial da revista *Estudios Migratorios*, editada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, membro de varios proxectos de investigación relacionados coa emigración a América, comercio, transporte e comunicacións, etc.

Publicou tamén numerosísimos artigos e traballos en libros e revistas entre os que cabe que cite-mos os máis recentes: *Factores de empuje y condiciones de transporte de Galicia hacia el Río de la Plata, 1850-1930*, *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*, e *La alfabetización de los emigrantes gallegos a América (1850-1960): Luces y sombras*.

Ao mediodía do pasado día 19 de xaneiro, ao caer por unha fies-tra do seu domicilio, situado no vixésimo andar dunha casa da Coruña, faleceu o escritor Manoel Riveiro Loureiro. Nado nesa mesma cidade o 22 de abril de

1933, Manoel Riveiro foi un autor de vocación un tanto serodia, xa que pasaba dos corenta anos cando comezou a publicar, cousa que fixo a mediados da década de 1970, ao seu retorno do Uruguai. Morto o seu pai en 1936, cando non contaba máis que con 3 anos de idade, sobreviviu como puido, aínda que sen deixar nunca de ir á escola. Traballou tamén onde puido, pasando despois, sendo aínda moi novo, a mariñeiro en pesqueiros que ían ao Gran Sol, e logo en mercantes de distintas nacionalidades. Por último recalou, xunto coa súa esposa, no Uruguai, país que abandonou, como dixemos, a mediados dos 70. Admirador no seu momento da Unión Soviética, traduciu varias obras do ruso. En galego publicou uns 28 traballos orixinais, algúns deles distinguidos con Premios e Accésits. A súa última obra foi a titulada *Xullo-Agosto*, gañadora do Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta no ano 2005.

Manoel Riveiro Loureiro levaba varios anos viúvo.

ETNOGRAFÍA

En Compostela estase a estudar, desde comezos de decembro,

a conveniencia de rehabilitar e recuperar o perímetro da antiga muralla medieval da cidade; o que leva aparellada a integración dos viarios e dos tramos que se conservan do muro defensivo, así como unha posta en valor dos mesmos.

Un traballo entre a etnografía e a literatura é o realizado recentemente por Xosé Luís Ripalda quen, baixo o título de *Rescatando un anaco da nosa cultura* presentou un estudo arredor da Oliveira na nosa terra e dos muíños de aceite, que foi considerado gañador do certame Syngenta.

A Unión Europea está a patrocinar a catalogación e dixitalización das construcións defensivas situadas a cadansúa beira do Miño, a maioría do século XVII, o período da guerra da Independencia de Portugal. A información xa existente presentouse ao público a mediados de decembro no anexo da Sala Municipal de Exposicións de Tui, por medio de paneis explicativos e un libro ao que acompaña un DVD interactivo, que posibilita a visualización dos traballos e o acceso á información histórica, ás campañas, á localización das fortalezas, e á contemplación

das mesmas: en total unha ducia de castelos.

AS LETRAS

Nado o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá, provincia de Lugo, Francisco Fernández del Riego, investigador, narrador fecundísimo, e integrante de cantas organizacións defenderon, ou defenden, a cultura de Galicia, ven de cumprir nada menos que 96 anos. Don Paco, como se lle chama habitualmente, é persoa que non precisa que se fale dela en exceso nin que repitamos canto xa comentamos noutras ocasións, porque todos a coñecemos e admiramos.

NOVAS EN XERAL

As Consellerías de Cultura e de Vivenda e Solo veñen de asinar dous convenios de colaboración coa Fundación Roxelio Groba, pola que vai ser levada a termo a dixitalización das composicións realizadas por este músico galego. Roxelio Groba Groba (Ponteareas, 1930), ademais de pertencer a numerosos organismos relacionados coa música, ten catalogadas máis de cincocentas obras por el producidas.

PREMIOS

O día 19 de decembro foron entregados os premios da Asociación Galega de Editores no seu XXV aniversario: o principal deles foi para o catedrático e filósofo Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), o de maiores vendas, e moitas veces premiado xa, como mellor autor do ano. Outros foron para *Fin de século en Palestina*, *O libro das viaxes imaxinarias*, *PALAbrAS brAncAS*, e a tradución á nosa fala de *Lolita*.

O Ramón Piñeiro de Ensaio, que patrocina Unión FENOSA, fallado o 23 de decembro, recaeu nesta ocasión no historiador e profesor da Universidade de Vigo, Xosé Ramón Quintana Garrido (Ourense 1957), pola súa obra *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*.

Na primeira semana de Xaneiro foron fallados tres premios de poesía: O Caixanova, que é o de máis elevada dotación económica do país, foi para Luís Valle Regueiro (Lugo, 1977), licenciado en Humanidades e bolseiro do Museo Pedagóxico, por *A caída*. En segundo lugar, o Baleirón, do Concello de Dodro, que recaeu

en Xavier Xil, de 25 anos e estudante de filoloxía galega, por *Cando menos, a derrota*. Por último, Mario Regueira (Ferrol, 1979), doutorando en Teoría da Literatura e Licenciado en Filoloxía Galega, gañador xa doutros premios e autor de varias obras, fíxose co Johán Carballeira do Concello de Bueu, por *Blues da Crecente*.

O escritor e historiador Marcos Valcárcel López (Ourense, 1958), foi distinguido uns días despois polo PEN Club de Galicia polo seu labor a prol da promoción e difusión da nosa literatura. Marcos Valcárcel ten un *blog* denominado *As uvas na solaina*.

VARIA

O 20 de setembro de 1998, cando contaba con 70 anos de idade, finou en Vigo, cidade na que era coñecido polo moito pulo que lle deu á utilización da nosa fala nos xulgados, o xuíz Orencio Pérez González. Orencio Pérez, que nun momento da súa vida estivo destinado na cidade de Mataró, deu tamén exemplo neste lugar dependendo e promovendo o catalán ao empregar este nas súas sentenzas. Hoxe, quen se pase por diante dos Xulgados vigueses

pode ver un busto ao seu carón colocado na súa honra na mesma data na que se presentou o libro *O maxisterio galeguista dun xuíz*, que, ademais de conter unha escolma dos artigos por el publicados no *Faro de Vigo*, recompila tamén textos doutros persoeiros que abordan a figura do maxistrado.

O día 13 de decembro clausurouse na cidade de Tui o Congreso organizado arredor da figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Nel ficou amplamente recoñecido o seu labor a prol da nosa cultura, mesmo con reveladores datos estadísticos como os de que a través da súa Editorial Castrelos vendeu 800.000 libros no período 1967 a 1975. No simposio participaron os principais autores do país, entre eles Darío Xohán Cabana, quen na súa xuventude traballara na indicada editorial, e os propios fillos do homenaxeado. Clausurou o mesmo o académico Xosé Luís Méndez Ferrín, afirmando que con Xosé María Álvarez Blázquez “aflore a verdade histórica. Así vaise construindo o país, mediante a palabra”.

Xoán Bernárdez Vilar.
xoaberna@mundo-r.com



O mísil de Belén

Rubén Aramburu Molet

Ultimo esta rolda no tempo de Epifanía, xa no novo ano. Esculco na noite querendo mirar a estrela de Belén e a noite lévame a contemplar o fermoso símbolo dos magos de Oriente. Símbolo dos que saben ler nas nubes, dos que teñen o corazón aberto, dos que non se aferran a seguridades, dos que arriscan, dos que abren camiño. Herodes non é capaz de ver a estrela e con el todos os servidores do poder e da cobiza, cegos porque non saben de amores, de darse, de derramarse dando. Outros, quizais nós mesmos, levamos centos de anos seguindo a estrela, dando voltas e máis voltas, escribindo fermosos discursos sobre a traxectoria e incidencia do astro, pero sen chegar a entrar onda o pesebre, como os magos, como os pastores, espídos de todo prestixio e aprecio, pobres. Os mísiles xudeus alumean de terror a noite Palestina, é posíbel que desta vez os magos non acerten confundidos

polas luminarias de Herodes, de novo os santos inocentes amosan os corpos desfeitos nos xornais do mundo rico. Queda lugar para a esperanza? Lugar para o Nadal?

IGREXA NO MUNDO

Non é de recibo facer festa na casa cando morreu o veciño e están de velorio. Así o vivimos e entendemos na aldea que debe ser o lugar onde as persoas viven con máis naturalidade a súa existencia, grazas a que non existen moitos indicadores de tendencias. Por iso penso que sería un gran xesto interromper ou mudar a celebración do Nadal no Vaticano. Que tal unha gran vixilia ecuménica de silencio e xaxún na Noite Boa, co corazón posto onda as vítimas? Algo parecido fixeron os bispos da India. Benvidas as condenas e os chamamentos de paz. Pero moito me temo que este noso mundo está xordo xa para tanto discurso e o que precisa son mais signos que

o deteñan a pensar. E se os bispos cancelaran as ceas de noiteboa e convocaran a todos os crentes a unha cea alternativa de protesta e oración? Perdoade estas divagacións demagóxicas e burguesas. Non deixo de confiar na diplomacia vaticana que andarás arreo procurando a paz, pero un non deixa de atormentarse ante o por que de tanta dor e crueldade, e tanta indiferenza vertida en noites de gastos e copas.

O ataque Israelí sobre Gaza amolou as celebracións do Nadal e ensombreceu a tradicional mensaxe do Papa publicada con motivo da **Xornada Mundial da Paz**, o 1 de xaneiro, e que este ano centrouse no tema: *Combater a pobreza, construír a paz*. Bieito XVI sinala 5 claves na loita contra a pobreza: o crecemento demográfico favorece o desenvolvemento dos países (dura crítica ao aborto e as campañas de redución de natalidade); as doenzas pandémicas como a malaria, tuberculose, sida son causas dramáticas de pobreza, é preciso achegar a todos as menciñas e tratamentos necesarios; case a metade dos pobres son nenos, por iso é preciso o coidado das nais, a educación,

a saúde; en cuarto lugar está a relación entre desarme e desenvolvemento, xa que o inxente gasto militar subtrae proxectos humanitarios nos países máis pobres. A crise alimentaria é o último aspecto sinalado polo Papa, non pola falta de alimentos senón pola dificultade de conseguilos e as redes especulativas que o impiden. Fronte a unha globalización que deshumaniza, o Papa propón unha solidariedade global e unha cooperación xurídica e económica de todos os países centrado na defensa dos máis pobres.

Os medios informan que descende o número de persoas que acoden ás audiencias públicas do Papa en Roma, tanto que se vai deixando a praza de San Pedro como lugar de encontro e retornando á tradicional Aula Paulo VI. Non creo que sexa motivo de preocupación, antes ben, podería ser un signo de cambio e austeridade. Nos últimos anos todos os hoteis de Roma e ata as axencias de viaxe ofrecían invitacións para asistir a estas audiencias coma se fose un espectáculo típico da cidade.

Dignitas Personae é o nome da instrución vaticana presentada

con motivo do 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e centrada en temas de bioética. Foi un dos primeiros actos públicos do español Luís Ladaria como secretario da Congregación para a Doutrina da Fe. O documento recorda as bases antropolóxicas, éticas e teolóxicas fundamentais ante os avances científicos, médicos e tecnolóxicos dos últimos anos. A mensaxe central do documento, segundo Ladaria, é recoñecer a dignidade da persoa, desde a concepción ata a morte natural. Sinálanse como ilícitas algunhas tecnoloxías biomédicas sobre todo en orde á reprodución. Nada novo, tendo en conta que practicamente reproduce as ideas da *Donum Vitae* de Xoán Paulo II en 1987.

Alexis II décimoquinto Patriarca de Moscova e de todas as Rusias finou o 5 de decembro do pasado ano. Foi sen dúbida o gran restaurador e unificador da ortodoxia rusa tralo comunismo soviético. Foi o impulsor de masivas canonizacións de mártires da URSS, comezando pola do Tsar Nicolás II e a súa familia. Conseguiu a devolución e restauración por parte do estado de

numerosos templos e mosteiros. Logrou que os mandatarios rusos asistiran a solemnes celebracións, entre eles o expresidente Putin e o falecido Eltsin. Mantivo serias discrepancias con Xoán Paulo II, acusando aos católicos de proselitismo, ante o desembarco dos novos movementos católicos en Rusia e a creación de dioceses católicas, dalgún xeito impediu a viaxe de Wojtyła a Moscova. Porén nos últimos anos houbo un achegamento cordial cos católicos e foron numerosos os encontros co cardeal Kasper. Bieito XVI enviou un telegrama de condolencia ao Santo Sínodo ortodoxo recoñecendo os esforzos do finado na recuperación da fe, así como a defensa dos valores humanos e evanxélicos lograda por este servidor do Evanxeo de Cristo. Na Catedral de Cristo Salvador, de Moscova, celebrouse o seu funeral ante unhas 50.000 persoas, presidido polo metropolitano Kiril, a quen moitos sinalan como posíbel sucesor no patriarcado.

Taizé celebrou dous importantes encontros internacionais. O primeiro foi en Nairobi a finais de novembro onde reuniu a uns 7.000 mozos africanos e doutros

continentes que como sempre foron acollidos por familias da cidade. *Buscando xuntos sendas de esperanza* foi o lema que presidiu o traballo e a oración desenvolvidos en máis de 70 igrexas de diversas confesións cristiás. A violencia, a pobreza e a fame estiveron moi presentes na reflexión, tendo en conta as máis de mil vítimas dos últimos conflitos en Kenia así como o desprazamento de centos de milleiros de persoas pola violencia. Ruanda, Uganda, Mozambique, Sudán, Congo, aportaron participantes que testemuñaron sobre a guerra e o odio vividos. O prior de Taizé, o irmán Alois, sinalou a importancia das mulleres nestes países, xa que están en primeira liña, e manteñen a esperanza no seu compromiso coa familia e a sociedade.

En Bruxelas tivo lugar o tradicional encontro de fin de ano: o 31 Encontro Europeo da Peregrinación da Confianza logrou reunir a uns 40.000 mozos. Partiron da carta de Kenia escrita por Alois no anterior encontro, na que sostén que nesta época de cambios rápidos é indispensábel unha fonte da existencia, e pregúntase se haberá relación entre o escurecemento

da fe e a perda do gusto por vivir. Para Alois a gran revelación é que Deus está presente en cada un, sexa crente ou non. Días antes do encontro entregouse a Mensaxe á Unión Europea: *Por unha Europa aberta e Solidaria* que foi recollida polo presidente da Comisión Europea, José Manuel Durao Barroso. O próximo encontro europeo será en Poznan (Polonia) a finais de decembro, e entre o 8 e 10 de maio Sevilla acollerá outra reunión onde se agarda a presenza do prior de Taizé.

Nadal na India. Desde que a finais de agosto, fundamentalistas hindús desataran a persecución contra os cristiáns en Orissa, a cousa non fixo senón empeorar e son centenaes os cristiáns asasinados, misioneiros e sacerdotes torturados, monxas violadas, centros de acollida destruídos e igrexas queimadas. Aínda que o sistema de castas foi abolido oficialmente nos anos 50 a realidade é distinta en moitos lugares. Os hindús radicais non aceptan que os dalits, os mais baixos entre os parias, escravos desde que nacen ata que morren, moitos deles cristiáns, poidan integrarse na sociedade. A Conferencia de Bispos

Católicos da India criticou a persecución sufrida polos intocables dalits, opresión pola casta e pola fe, e declarou a véspera da Inmaculada como Día da Liberación Dalit : *Buscar a xustiza, liberar aos oprimidos* rezaba a convocatoria. Os bispos fixeron tamén un chamamento a vivir o Nadal na austeridade como signo de comunión e solidariedade coas vítimas de todos os odios.

En Cuba, o 28 de novembro celebrouse por vez primeira unha beatificación: José Olallo (1820-1889), relixioso de San Xoán de Deus. A celebración realizouse nunha praza de Camagüei e foi presidida polo cardeal Saraiva Martins acompañado de todos os bispos do país. A multitudinaria cerimonia foi retransmitida pola televisión estatal e mesmo asistiu o presidente da República, Raúl Castro, que xa leva participado en varios encontros relixiosos de distintas confesións, o que pode ser todo un signo de apertura cara o incerto futuro da illa.

IGREXA EN ESPAÑA

Sen dúbida que a nova mais salientada foi o nomeamento do cardeal Cañizares como novo

precepto da Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos o pasado 9 de decembro. A verdade que o ruxerruxe escoitábase desde hai máis dunha ano con distintas interpretacións políticas e relixiosas típicas dalgúns patios de veciñanza. Cañizares seguirá como arcebispo de Toledo ata que nomeen ao seu sucesor, cousa que non acontece cando escribo estas liñas.

O arcebispo de Oviedo, Carlos Osoro foi nomeado arcebispo de Valencia o 8 de xaneiro. Osoro que foi bispo de Ourense, levaba 7 anos na diocese asturiana, e substitúe a Agustín García Gasco tras 17 anos como arcebispo en Valencia.

A outra noticia máis comentada foi a concentración ou celebración o 28 de decembro con motivo da festividade da Sagrada Familia na Praza de Colón en Madrid. Despois da experiencia do ano pasado, demasiado longa e pesada, optouse por unha celebración da eucaristía. A convocatoria partiu do Arcebispado de Madrid e foise unindo algunha outra diocese. A través de internet a extrema dereita facía chamamentos para apoiar o evento como vía de salvación

nacional e condenaba ao inferno a calquera bispo que non se atrevera a secundar a celebración. Ben sabemos que son tolemias dunha minoría, pero independentemente destas maruxadas, a pregunta é si realmente está en perigo a familia. Se partimos da familia de Nazaret, que pouco ten que ver co modelo de familia romana adoptado polo cristianismo, quizais deberíamos estar máis preto do islam ou doutras relixións que conservan o clan extenso como modelo familiar, e pouco se asemella á estampa familiar que tivemos no mediterráneo. Hai días, falando cunha moza colombiana, comentábame que tiña dous irmáns da mesma nai, pero non sabía cantos podía ter por parte do pai, que é o habitual, como ben sabemos, no Caribe e Latinoamérica. Todos somos conscientes de que na vida creamos vínculos con amigos, compañeiros, irmáns de comunidade, grupo... moito máis fortes que cos irmáns de sangue e outros familiares. Acaso non foi a historia de Xesús cos discípulos? Moito me temo que certas defensas da familia acaen máis á defensa dunha sociedade burgue-

sa e liberal que a unha vivencia evanxélica.

Unha vez máis botouse man dos novos movementos, sobre todo dos Kikos, especialistas en encher grandes espazos, imprescindibles neste tipo de manifestacións. Os convocantes falan dun millón de persoas, outros medios de 100.000... pero é iso o que importa? Demostrar quen pode máis? Mal imos se estas son as nosas teimas. Quero pensar que non é a intención do arcebispo de Madrid, nin da igrexa española. Tamén opino que non son as mellores datas para realizar un acto familiar, tendo en conta os fríos da época e que son os únicos días en que moitas persoas se poden reunir con tranquilidade para “vivir en familia”. O caso é que fallou a conexión co Vaticano e houbo que improvisar ao remate da celebración o saúdo do Papa. Este ano non houbo arengas nin ataques ao goberno, só a homilía do Cardeal Rouco nun ton moderado, na que sinalou o aborto como “unha das lacras máis terribles do noso tempo tan fachendoso de si mesmo e do seu progreso”

Outras dioceses optaron por celebrar o día da familia en casa e

así Carlos Amigo, Martínez Sista-ch, Ricardo Blázquez, Xulián Barrio convidaron a encontros nas respectivas catedrais e o mesmo fixo a maioría do episcopado español.

Aos 90 anos faleceu o bispo emérito de Vitoria **José María Larrauri**. Fora antes auxiliar en Pamplona onde en tempos ben duros foi quen de levantar a voz para denunciar a represión e tortura do réxime franquista. Trasladado a Madrid fíxose cargo das OMP. Cando chegou a democracia ofrecéronlle o arcebispoado navarro que non aceptou. No ano 1979 foi nomeado bispo de Vitoria e renunciou en 1995. Caracterizouse pola súa austeridade e pobreza que lle fixo estar moi preto dos máis humildes.

Na rolda anterior daba conta dun **autobús ateo** que percorría as rúas de Londres. Agora témollo na casa. Asociacións de ateos financian unha campaña que comezou en Barcelona e pensan entender por outras capitais do Estado. “Probablemente Deus non existe, non te preocupes e goza da vida” reza o slogan publicitario. Poderíamos entrar na discusión sobre o concepto de Deus que

formulan e que impide gozar da vida e crer en Deus. Pero o caso que a campaña é resposta a outra anterior de grupos fundamentalistas cristiáns que encheron vallas publicitarias en Inglaterra meténdolle medo a xente e dicindo que Deus ten o inferno preparado para quen non ande dereitiño, segundo eles. Supoño que os ateos españois andarán contentos pois como non podía ser menos os medios entraron a trapo, xa houbo mesmo autobuses. Leo que algúns condutores reclaman a obxección de conciencia e néganse a levar os autobuses con tal lenda. Temos comedia para largo.

IGREXA EN GALIZA

Contan os xornais que cada vez son menos os mozos galegos crentes ou practicantes. Estamos tan acostumbrados a este tipo de novas que aparecen de cando en vez, que xa non prestamos moita importancia. Pero é certo que a idea de que Deus non fai falta para nada vaise impondo na mocidade. A Igrexa aparece como a institución menos valorada polos mozos por debaixo de cousas como a OTAN. Non sei se dará que pensar ou recorreremos como

sempre a botar a culpa á sociedade na que estamos mergullados.

O 30 de decembro celebrouse a festa da **Traslación** do Apóstolo Santiago. A presidenta do Parlamento galego, Dolores Villarino foi nesta ocasión a Delegada Rexia encargada de facer a ofrenda a Santiago. Villarino aludiu na súa intervención á situación de crise económica, especialmente na Galiza onde é preciso crear emprego e mellorar o sistema produtivo. Recordou ás 70 mulleres vítimas da chamada violencia de xénero comprometéndose na loita contra esta lacra. Por último congratulouse dos 30 aniversario da constitución como “unha das datas máis importantes da nosa historia”. O Arcebispo Xulián Barrio contestou a oferente e instou aos gobernos estatais, autonómicos e locais a afrontar “o paro e a crise económica con audacia e creatividade”.

A Coordinadora de Crentes Galegos participou xunto con outras 80 organizacións sociais no **I Foro Social Galego** desenvolvido en Santiago entre o 7 e o 8 de decembro pasado. *Pensar e construír alternativas desde Galiza* era o lema da convocatoria na que

participaron máis dun milleiro de persoas, o que obrigou a mudar os locais previstos con aforo insuficiente. Mensaxes de Leonardo Boff, Frei Betto, Eduardo Galeano, Federico Mayor Zaragoza... foron lidas na apertura do Foro. O acontecemento foi practicamente silenciado polos medios de comunicación, agás algunha excepción, cousa que ven acontecendo con calquera tipo de oferta alternativa como ben sabemos desde o Foro de Encrucillada. A información ao servizo do poder, mande quen mande.

A Coordinadora de Crentes celebrou a vida dun dos seus máximos animadores que faleceu na mañanciña de Epifanía, Agustín Bueno. A igrexa do Castiñeiriño onde durante tantos anos Agustín fixo comunidade e Pobo de Deus quedou pequena na celebración de acción de grazas do día 8. Non houbo enterro, Agustín, na súa radical coherencia doou o seu corpo a Facultade de Medicina da Universidade de Santiago. Xunto a Carmela Capeáns e os seus fillos centos de amigos rendemos homenaxe a unha vida que foi loita e resistencia desde unha fonda fe no Xesús liberador. Non é habi-

tual nas celebracións de Crentes Galegos que apostan pola austeridade nas formas, pero desta vez 15 curas quixeron concelebrar para amosar o apoio a unha vida que foi luz prendida para tanta xente. Agustín con Carmela seguen a abrir camiños.

Tamén o 8 de xaneiro centos de persoas recordaron ao falecido bispo de Lugo, Frei Xosé Gómez. Afonso Carrasco presidiu a eucaristía de cabodano, acompañado polo resto dos bispos de Galiza e Astorga, así como dos sacerdotes de Lugo e doutras dioceses. Mons. Carrasco referiuse a Frei Xosé como un “sacramento de Deus no medio do seu pobo”. A finais de decembro foron nomeados novos vigairos da Diocese de Lugo: Luís Manuel Rodríguez de pastoral, Mario Vázquez de ensi-

no, Gonzalo Fraga da vida consagrada e Luciano Armas vigairo xeneral.

A finais de xaneiro celebramos a Semana de oración pola Unidade dos Cristiáns xunto a igrexas de todo o mundo: *Estarán unidas na túa man* reza o lema da Semana a proposta das igrexas de Corea. No país houbo varias celebracións entre cristiáns de distintas confesións.

Rematamos esta rolda nun ano que comeza con guerra e sangue, mais de 1.000 vítimas en Gaza. Quizais cando leades estas liñas xa haxa solución ao conflito, entre mentres preguntamos para que tanta dor? É preciso tanto sufrimento?.

Rubén Aramburu Molet



Filosofía de la India. Del Veda al Vedānta. El sistema Sāmkhya. El mito de la oposición entre "pensamiento" indio y "filosofía" occidental.

Fernando Tola y Carmen Dragonetti
Kairós, Barcelona, 2008, 736 páx.

O título do libro e, nomeadamente, os subtítulos son claramente ilustradores non só do seu contido, senón, sobre todo, da súa intención principal. Os autores son dous reputados indólogos latinoamericanos, residentes en Arxentina, cun coñecemento e un dominio dos textos orixinais das tradicións orientais fóra do común. Así pois, estamos ante unha publicación que, tanto polo prestixio dos seus autores, como pola súa envergadura, así como pola tese que sostén non pode pasar desapercibida.

A envergadura do libro é realmente considerable, xa que expón o pensamento filosófico da India da Época Védica (ca. 1.500 a.C.-800 a.C.); o Brahmanismo e a filosofía das Upanishads (ca. 800 a.C.-500 a.C.); os inicios da Escola Vedānta na primeira sistematización de Bādarāyana (ca. inicios da nosa era); a primeira interpreta-

ción idealista do Vedanta feita por Gaudapāda (ca. 600 d.C); os principais comentadores da síntese de Bādarāyana, a saber: Shankara (ca. 700 d.C), Rāmānuja (1027-1137), Nimbārka (ca. 1200), Madhva (1198-1278) e Vallabha (1479-1531); e, finalmente, o sistema filosófico Sāmkhya (iniciado nos s. VIII e IX a.C.).

A obra consta de nove capítulos propiamente tales, amén dunha breve introdución e unhas longas Observacións finais que ben poderían constituír o capítulo décimo. Está dividida en dúas partes de moi desigual extensión. A primeira, que inclúe o primeiro capítulo, é unha crítica demoledora da tese de Hegel establecida, principalmente, na súa *Leccións sobre a Filosofía da Historia Universal*. Para Hegel, a filosofía en canto tal só puido nacer en Grecia e, en consecuencia, na India só hai "pensamento" máis ou me-

nos relixioso ou místico. Pero non filosofía propiamente dita. É dicir, non búsqueda da verdade pola verdade mesma, por medio da reflexión racional e sistemática. Os autores demostran con moito detalle o limitado coñecemento do pensamento indio que tiña o propio Hegel (e, en xeral, en tempos de Hegel), e o infundado do seu prexuízo prohelénico.

A segunda parte expón as principais cristalizacións do pensamento indio comezando, como xa se indicou, polo estudo dos Vedas. Neste segundo capítulo resáltase, pois, o *Un* como orixe de todo, e a importancia da Orde Cósmica. Pola súa beleza é especialmente salientable o texto do Himno da creación do *Rig Veda* X, 129. O amencer da filosofía india nos Vedas ten a súa continuidade no florecemento das Upanishads (capítulo terceiro). O Brahman, como principio supremo, universal e individual (*ātman*), así como as estruturas triásicas que compoñen o real, amosan a correspondencia última entre o macrocosmos e o microcosmos, así como a unidade do mundo. O carácter aberto, ambiguo e ata contradictorio que teñen as intuicións upanishádicas aparecen

sistematizadas, unificadas, pero crípticamente expresadas na obra de Bādarāyana (capítulo cuarto). A clarificación dos apotegmas de Bādarāyana fixo precisa a aparición dos comentarios doutros mestres que expliquen e desenrolexen o que alí se apunta. Dos cinco comentaristas antes indicados só tres merecen un capítulo concreto. O sistema monista absoluto de Shankara é exposto no capítulo sexto. A non-dualidade cualificada de Rāmānuja preséntase no capítulo sétimo e o pluralismo de Madhva aparece no capítulo oitavo. O capítulo quinto constitúe unha necesaria introdución ao sistema de Shankara, xa que se ocupa de Gaudapāda, o mestre do seu mestre Govindapāda, que, como Shankara, tamén é idealista. O capítulo noveno expón o que os autores chaman “un cume do racionalismo indio”: o sistema Sāṃkhya. Un sistema dualista, materialista, evolucionista e ateo.

A tese principal que sostén este estudo pode formularse como segue: Hegel non tiña razón. Na India houbo verdadeira e auténtica filosofía moito antes que en Grecia. Os temas de fondo da especulación india, así como moitos desenvolvementos concretos

de cuestións particulares, son os mesmos que os da filosofía occidental. Os autores tentan demostralo con continuas e insistentes observacións comparativas que van punteando todos e cada un dos epígrafes do libro. O límite da comparación é o século XVII, posto que en occidente isto supón o inicio da modernidade e, a xuízo dos autores, esta non entra na India ata mediados do s. XX. Se na India hai influxo da relixión sobre a filosofía non o hai menos en occidente. Se na reflexión oriental hai factores imaxinativos e irracio-

nais, tamén os hai no pensamento occidental.

As teses defendidas neste libro son certamente discutibles e non hai por que estar de acordo con todas e cada unha das observacións comparativas para recoñecer que estamos ante unha obra realmente novidosa, froito de décadas de minucioso traballo, que esperamos que sexa acollida e discutida coa crítica benevolente e a admiración sincera que realmente merece.

Pedro Castelao

Pasárselo bien

Xaquín Rodríguez Pomares
Ed. Como tu, como yo, audio CD, Madrid 2008.

Non é doado atopar un disco que axunte bos intérpretes, cancións de calidade e arranxos de magnífica factura. E menos aínda se se trata dun disco de cancións para os máis pequenos da casa.

Pero en *Pasárselo Bien* atopámonos todo isto e moito máis: Once preciosas cancións cantadas por artistas ben coñecidos no mundo musical cristián: Brotes de Olivo, Migueli, David Santafé, Luís

Guitarra, Raquel Piñango, Emilia Arijá, Lidia Fuentes e Vicente Morales, coa firma nos arranxos e na produción de Javi Peña e Luís Guitarra.

O compositor destas obras, Xaquín, é do Salnés, de Cambados, e na súa casa está presente Encrucillada dende o nacemento da nosa revista, por iso nos enche de orgullo facer a presentación do seu primeiro disco neste noso espazo

das recensións. Leva algúns anos vivindo en Padrenda, no Concello de Meaño, coa súa muller e tres fillos rebuldeiros que non dan un intre de acougo. Tamén é profesor de Bioloxía e Xeoloxía no Instituto de Vilalonga (Sanxenxo).

De mozo animaba musicalmente a súa parroquia, Cambados. Tamén se escoitaba a súa guitarra na Pascua Xoven de Arousa, en encontros de música cristiá coma Urca, Soma..., e naqueles primeiros Encontros de Música Relixiosa de Poio. Despois dunha parada duns anos, nos que estivo metido moi de cheo no ecoloxismo activo e na familia, volve traballar na composición de música cristiá.

Xaquín é una persoa de fe. Cre nun Deus especialmente cerca dos desherdados e dos que sofren, e cre que os cristiáns e as cristiás temos a responsabilidade de facer posible outro mundo.

É tamén un namorado da natureza. Está convencido de que a vida é un regalo, segundo a segundo, e que Deus nos acompaña día a día, deixándonos, no noso camiño diario, moitas pegadas da súa presenza e proximidade. Tamén ten a capacidade de contemplar e recoñecer eses agasallos de Deus,

de abrir os ollos, como fan os nenos, e marabillarse, con inxenuidade e tenrura, da beleza que nos rodea. Iso é o que quere transmitir neste seu primeiro disco.

Pasárselo bien é a nova proposta musical e solidaria que edita a organización *Como tú, Como yo* baixo a modalidade de prezo libre. Cada un aporta a cantidade que queira polo disco, destinando todo o recibido a actividades e proxectos de educación e desenvolvemento. O disco tamén constitúe un excelente material para a sensibilización, a educación en valores e a pastoral infantil e xuvenil.

El profeta, La polka de la Naturaleza, Gracias a Dios, El ombligo, Pequeñita Luz son algúns dos títulos destas cancións que, sen dúbida, encantarán aos nenos, motivarán aos adolescentes e emocionarán aos adultos. Non deixes de escoitalo se non queres perder a pista do camiño que nos leva a facernos un pouco máis nenos e *Pasárselo Bien*. Para máis información ou realizar pedidos podes entrar en www.canciones-dexaquin.com ou en www.comotucomooyo.org.

Marisa Vidal Collazo



Encrucillada

Boletín de subscrición

Desexo subscribirme a *Encrucillada* na seguinte modalidade:

- Ordinaria 20 euros
- De apoio desde 22 euros
- Bonificada (estudiantes, parados, etc).... 15 euros

Nome Apelidos

Enderezo

Tel. C.P. Localidade

Concello Correo electrónico

Profesión Data nacemento

Datos opcionais para estudos estatísticos do ficheiro de lectores

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria a calquera das contas da revista

- BBVA: 0182-5150-81-0201578208
- CAIXAGALICIA: 2091-0342-28-3040000681

BOLETÍN DE DOMICILIACIÓN BANCARIA

Nome e apelidos

Código conta cliente (C.C.C.)

Entidade Oficina DC Conta

Banco/Caixa

Oficina

Localidade

Señores, rógolles que atendan, con cargo á miña conta/libreta ata nova orde, os recibos que periódicamente lles presentará a Asociación Encrucillada para o pagamento da miña subscrición á revista *Encrucillada*.

Atentamente